

## XEFATURA DO ESTADO

**14163** *CORRECCIÓN de erratas da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado. («BOE» 174, do 21-7-2001.)*

Advertidas erratas no texto da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 16 de abril de 2001, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 413, segunda columna, primeiro parágrafo, cuarta liña, onde di: «... das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento e o...»; debe dicir: «... das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable e o...».

Na páxina 417, primeira columna, artigo 2, penúltimo parágrafo da páxina, segunda liña, onde di: «... medida coa capacidade...»; debe dicir: «... medida como a capacidade...».

Na páxina 417, primeira columna, artigo 2, penúltimo parágrafo, penúltima liña, onde di: «... a suma do exercicio por...»; debe dicir: «... a suma do exercido por...».

Na páxina 429, segunda columna, título V, capítulo I, que aparece enunciado: «Das infraccións administrativas en materia de pesca marítima en augas exteriores»; débese enunciar: «Obxecto e principios xerais».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**14165** *REAL DECRETO 864/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro. («BOE» 174, do 21-7-2001.)*

### PREÁMBULO

O 23 de decembro de 2000 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Na disposición derradeira segunda da dita lei orgánica establécese que o Goberno, no prazo de seis meses desde a publicación da mesma, aprobará o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Ata a data, permaneceu en vigor o Regulamento de execución da Lei orgánica 7/1985, aprobado polo Real decreto 155/1996, do 2 de febreiro, en todo o que aquel no contradixese ou se opuxese á Lei orgánica 4/2000 ou á reforma dela mediante a Lei orgánica 8/2000.

No contexto actual e de acordo coa referida disposición derradeira segunda da Lei orgánica 8/2000, a Comisión Interministerial de Estranxeiría recibiu instrucións do Goberno para proceder á elaboración do proxecto de Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, segundo a citada previsión legal.

Na dita elaboración foi necesario ter en conta a consolidación de España como terra de inmigración e as

conclusións adoptadas polos xefes de Estado e de Goberno dos Estados membros da Unión Europea en outubro de 1999, en Tampere, sobre creación dun espazo de liberdade, seguranza e xustiza, así como a modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que operou a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a nova organización administrativa do Estado emerxida da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a necesidade de velar por un nivel de vida digno e unhas condicións de emprego para os traballadores estranxeiros en igualdade de trato cos españois, no contexto da loita contra a explotación daqueles e contra o tráfico ilegal de man de obra, considerando o ámbito da cooperación cos Estados de onde proceden os inmigrantes, e a aposta da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, por conceptos tales como a reagrupación familiar, o arraigo ou a colaboración dos propios inmigrantes na loita contra as redes de tráfico de persoas.

Por outra parte, debe lembrarse que a Lei 9/1994, do 19 de maio, pola que se modificou a Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, reconduciu o asilo humanitario que se concedía a determinados estranxeiros que non sufriron persecución no senso que se recolle na Convención de Xenebra de 1951 sobre o Estatuto dos refuxiados á vía da lexislación xeral de estranxeiría, plasmando no artigo 17.2 da Lei de asilo que, sen embargo, no foi desenvolvido polo seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real decreto 203/1985, do 10 de febreiro, máis que no referente ás persoas que, como consecuencia de conflitos ou disturbios graves de carácter político, étnico e relixioso, se visen obrigadas a abandonar o seu país. Durante a anterior lexislatura, o Senado instou o Goberno a desenvolverlo disposto no citado precepto, a fin de proporcionar un marco para a súa adecuada aplicación. Pola súa vez, a construción do denominado Sistema Europeo Común de Asilo, trala comunitarización das políticas de asilo polo Tratado de Amsterdam, contempla a regulación da chamada protección subsidiaria. Estas razóns levaron ó desenvolvemento do citado precepto da Lei de asilo, seguindo a doutrina que establecera o Consello de Estado en materia de protección humanitaria para os casos ós que non lles é de aplicación o estatuto de refuxiado, mediante a correspondente modificación do Regulamento de aplicación da Lei de asilo, que se recolle na disposición derradeira terceira deste real decreto.

Polo que se refire ó contido propiamente dito do regulamento que se aproba por este real decreto, aquel vén marcado polas razóns que levaron á promulgación da lei orgánica referida, debéndose sinalar que nel se deu un novo vigor á regulación dos controis fronteirizos de persoas, procurouse unha mellor coordinación das autoridades implicadas na concesión de visados e se deu cumprimento á previsión legal dun procedemento específico para ela, foron simplificados os procedementos administrativos de concesión dos diferentes permisos de residencia e de traballo, racionalizouse a regulación dos procedementos administrativos sancionadores en materia de estranxeiría e, en definitiva, perseguíuse unha mellor coordinación dos órganos da Administración xeral do Estado, destacando a este respecto unha nova regulamentación das oficinas de estranxeiros, co obxectivo de garanti-la eficacia e coordinación na actuación administrativa no nivel máis próximo ós destinatarios da política de estranxeiría e inmigración.

Finalmente, debe destacarse que se dotou o regulamento dunha estrutura conforme coa Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Na tramitación deste real decreto, á parte do disposto na normativa vixente para a aprobación das disposicións

xerais, aquel foi obxecto de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 108 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Na súa virtude, logo de informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Comisión Interministerial de Estranxeiría e do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, dos ministros de Asuntos Exteriores, de Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2001,

## DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación e ámbito de aplicación do Regulamento.*

1. Apróbase o Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, que a seguir se insire.

2. De conformidade co disposto no artigo 1.2 da citada lei orgánica, as normas do seu regulamento de execución entenderanse sen prexuízo do establecido nas leis especiais e nos tratados internacionais nos que España sexa parte.

3. As normas do Regulamento de execución da lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, aplicaranse con carácter supletorio, ou para os efectos que puideran ser máis favorables, ós nacionais dos Estados membros da Unión Europea e ás demais persoas incluídas no ámbito do Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, modificado polo Real decreto 737/1995, do 5 de maio, sobre entrada e permanencia en España de nacionais dos estados membros da Unión Europea e outros estados partes no Acordo sobre o espazo económico europeo, asinado no Porto o 2 de maio de 1992 e ratificado por España o 22 de novembro de 1993.

Así mesmo, as normas do Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, aplicaranse con carácter supletorio a quen sexa de aplicación a Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada por Lei 9/1994, do 19 de maio.

4. Ós estranxeiros que, en virtude dos acordos que regulen a readmisión de persoas en situación irregular subscritos por España, deban ser entregados ou enviados ós países dos que sexan nacionais ou desde os que se trasladasen ata o territorio español, seralles de aplicación o procedemento previsto no Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, para a medida de retorno, e o establecido no artigo 60 da dita lei orgánica. Se se tratase de estranxeiros que, tendo sido expulsados, contraveñan a prohibición de entrada en España, seralles de aplicación o artigo 58 da citada Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Disposición transitoria primeira. *Validez de permisos ou tarxetas en vigor.*

Os distintos permisos ou tarxetas que habilitan para entrar, residir e traballar en España concedidos ás persoas incluídas no ámbito de aplicación do regulamento que se aproba mediante este real decreto e que teñan validez na data de entrada en vigor do mesmo, conservarán a validez durante o tempo para o que foren expedidos.

Disposición transitoria segunda. *Solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor do regulamento.*

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento tramitaranse e resolverse conforme os trámites previstos na normativa vixente no momento da solicitude, salvo que o interesado solicite a aplicación deste regulamento.

Disposición transitoria terceira. *Renovación dos permisos de traballo.*

Os permisos de traballo que estiveren vixentes o 23 de xaneiro de 2001, data de entrada en vigor da Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, renovaranse da seguinte maneira: os permisos B iniciais pasarán a ser tipo C e os permisos de tipo B renovado e C pasarán a ser permisos de residencia permanente.

Disposición transitoria cuarta. *Obrigas dos transportistas.*

As empresas de transporte por estrada incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto adoptarán as medidas que sexan necesarias para que poidan realizarse as comprobacións da documentación previstas no artigo 30 do regulamento que se aproba polo presente real decreto, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogados o Real decreto 155/1996, do 2 de febreiro, polo que se aprobou o Regulamento de execución da Lei orgánica 7/1985; o Real decreto 1521/1991, do 11 de outubro, sobre creación, competencias e funcionamento das oficinas de estranxeiros; a disposición adicional primeira do Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, sobre entrada e permanencia en España de nacionais dos estados membros das Comunidades Europeas, e cantas outras disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento.*

Autorízase os ministros de Asuntos Exteriores, do Interior, de Traballo e Asuntos Sociais, e de Administracións Públicas para dictaren, no ámbito das súas respectivas competencias e, se é o caso, precedendo informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría, as normas que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto. Esta facultade corresponderá ó ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros afectados en cada caso, e logo do informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría, en relación con aquelas materias que no sexan obxecto da exclusiva competencia de cada un deles.

Disposición derradeira segunda. *Estatuto e normas de réxime interno dos centros de migracións de Ceuta e Melilla.*

No prazo de tres meses desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe da Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración, aprobará o Estatuto dos centros de migracións situados nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio.*

1. Modifícase o artigo 2, punto terceiro, do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, quedando as súas alíneas c) e d) redactadas como segue:

«c) Elevar ó ministro do Interior as propostas de autorización de permanencia acordadas no ámbito do artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, que se baseen en razóns humanitarias que se vinculen á aplicación de instrumentos internacionais que determinen a non devolución ou que, sen constituíren ningún dos supostos de aplicación da Convención de Xenebra de 1951, sobre recoñecemento do estatuto de refuxiado, exista certa vinculación cos motivos nela recollidos.

d) Propor a documentación que se expedirá ós solicitantes de asilo, ós refuxiados recoñecidos, a aqueles a quen se autorice a permanecer en España en aplicación da alínea anterior e a aqueles ós que lles sexa de aplicación a disposición adicional primeira deste regulamento.»

2. Modifícase o artigo 3 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, que na súa alínea g) queda redactado como segue:

«g) Someter á dita comisión as propostas de autorización no artigo 17.2 da Lei 5/1984, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, que se baseen en razóns humanitarias que se vinculen á aplicación de instrumentos internacionais que determinen a non devolución ou que, sen constituíren ningún dos supostos de aplicación da Convención de Xenebra de 1951, sobre recoñecemento do estatuto de refuxiado, exista certa vinculación cos motivos nela recollidos.»

3. Modifícase o artigo 31 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, o número 3 do cal queda redactado como segue:

«3. Cando por interese público ou por razóns humanitarias que se vinculen á aplicación de instrumentos internacionais que determinen a non devolución ou que, sen constituír ningún dos supostos de aplicación da Convención de Xenebra de 1951, sobre recoñecemento do estatuto de refuxiado, exista certa vinculación cos motivos nela recollidos, se xustifique a autorización de permanencia en España do solicitante, a denegación de asilo irá acompañada dun acordo neste sentido, conforme o previsto no artigo 17.2 da Lei 5/1984, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado. A resolución denegatoria deberá especificalo estatuto que se acorde outorgar conforme a normativa vixente de estranxeiría, que será proposto pola Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio ó ministro do Interior.

Así mesmo, poderá recomenda-la súa acollida ó estatuto de desprazado, conforme o disposto na disposición adicional primeira.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificacións orzamentarias.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para facer fronte ós gastos orixinados pola aplicación e desenvolvemento do regulamento que se aproba polo presente real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto e o regulamento que por este se aproba entrarán en vigor o día 1 de agosto de 2001.

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

## REGULAMENTO DE EXECUCIÓN DA LEI ORGÁNICA 4/2000, DO 11 DE XANEIRO, REFORMADA POLA LEI ORGÁNICA 8/2000, DO 22 DE DECEMBRO, SOBRE DEREITOS E LIBERDADES DOS ESTRANXEIROS EN ESPAÑA E A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL

### CAPÍTULO I

#### Réxime de entrada e saída de territorio español

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### POSTOS DE ENTRADA E SAÍDA

#### Artigo 1. *Entrada por postos habilitados.*

1. O estranxeiro que pretenda entrar en territorio español, sen prexuízo do disposto nos convenios internacionais subscritos por España, deberá facelo polos postos habilitados para o efecto, acharse provisto do pasaporte ou documento de viaxe que acredite a súa identidade, que se considere válido para tal fin en virtude de convenios internacionais subscritos por España, estar en posesión de visado válido cando este sexa esixible, e no estar suxeito a prohibicións expresas. Así mesmo, deberá presentar os documentos determinados neste regulamento que xustifiquen o obxecto e condicións de estancia, e acreditar medios de vida suficientes para o tempo que pretenda permanecer en España ou que está en condicións de obter os ditos medios, de conformidade co disposto neste regulamento.

2. Excepcionalmente, as autoridades ou os funcionarios responsables do control fronteirizo poderán autorizar o cruzamento de fronteiras fóra dos postos habilitados ou dos días e horas sinalados, a quen se encontren nos casos seguintes:

a) As persoas ás que lles fose expedida unha autorización para cruza-la fronteira ante unha necesidade concreta.

b) Os beneficiarios de acordos bilaterais en tal sentido con países limítrofes.

3. Os mariños que estean en posesión do caderno naval ou dun documento de identidade en vigor para a xente do mar, poderán circular mentres dure a escala do buque polo recinto do porto ou polas localidades próximas, nunha contorna de 10 quilómetros, sen a obriga de presentarse no posto fronteirizo, sempre que os interesados figuren na lista de tripulantes, sometida previamente a control polos funcionarios mencionados no número 2 deste artigo, do buque ó que pertencen. Poderá

denegarse o dereito a desembarcar ó mariño que represente unha ameaza para a orde pública, a saúde pública ou a seguraza nacional, ou a aquel no que concorran circunstancias obxectivas das que poida deducirse a súa incomparecencia no buque antes da súa partida.

## Artigo 2. *Habilitación de postos.*

De conformidade co interese nacional e o disposto nos convenios internacionais nos que España sexa parte:

a) A habilitación dun posto en fronteira terrestre adoptarase, logo de acordo coas autoridades do país limítrofe correspondente, mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Asuntos Exteriores, do Interior, de Economía e de Facenda.

b) Cando se trate da habilitación de postos en portos ou aeroportos, a orde do ministro da Presidencia adoptarase por proposta conxunta dos ministros de Asuntos Exteriores, do Interior, de Economía e de Facenda, logo de informe favorable do departamento ministerial ou entidade de que dependan o porto ou aeroporto.

## Artigo 3. *Peche de postos habilitados.*

1. O peche, con carácter temporal ou indefinido, dos pasos habilitados para a entrada en España e a saída, poderá ser acordado polo Goberno cando así resulte, ben das disposicións que deban rexer a consecuencia dos estados de alarma, excepción ou sitio, ou ben, en aplicación de leis especiais, en supostos en que o requiriran os intereses da defensa nacional, a seguraza do Estado e a protección da saúde e seguraza dos cidadáns.

2. En supostos distintos dos contemplados no número anterior, se a localización dos postos habilitados resultase innecesaria ou inconveniente, poderá procederse ó seu peche ou traslado, polos trámites previstos normativamente.

3. O peche dos postos habilitados deberá comunicarse a aqueles países cos que España veña obrigada a facelo como consecuencia dos compromisos internacionais subscritos con eles.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

#### DOCUMENTACIÓN E VISADOS

## Artigo 4. *Pasaportes e documentos de viaxe.*

1. O estranxeiro que pretenda entrar en España deberá acharse provisto, para acreditar-la súa identidade, dun dos seguintes documentos:

a) Pasaporte, individual, familiar ou colectivo, validamente expedido e en vigor. Os menores de dezaseis anos poderán figurar incluídos no pasaporte do seu pai, nai ou titor, cando teñan a mesma nacionalidade do titular do pasaporte e viaxen con este.

b) Título de viaxe, validamente expedido e en vigor.

c) Documento nacional de identidade, cédula de identificación ou calquera outro documento que acredite a súa identidade, que fosen considerados válidos para a entrada en territorio español, en virtude de compromisos internacionais asumidos por España.

2. Tanto os pasaportes como os títulos de viaxe e demais documentos que se consideren válidos deberán estar expedidos polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia dos seus titulares ou polas organizacións internacionais habilitadas para iso polo Dereito Internacional e conter, en todo caso, datos sufici-

cientes para a determinación de identidade e nacionalidade dos titulares. Os pasaportes deberán permiti-lo retorno ó país que os expedise.

3. As misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas, logo de autorización expresa do Ministerio de Asuntos Exteriores, poderán expedir documentos de viaxe e salvoconductos a estranxeiros a protección internacional dos cales fose asumida por España en aplicación da lexislación española ou para proceder á súa evacuación cara a países cos que existan acordos de cooperación para tal efecto.

4. A admisión de pasaportes colectivos axustarase ós convenios internacionais que sobre eles existan ou se concerten por España, logo de informe do Ministerio do Interior.

## Artigo 5. *Esixencia de visado.*

1. Os estranxeiros que se propoñan entrar en territorio español deberán ir provistos do correspondente visado, validamente expedido e en vigor, anotado nos seus pasaportes ou documentos de viaxe ou, se é o caso, en documento aparte, salvo o disposto no número seguinte.

2. Para estancias de ata tres meses nun período de seis ou para tránsitos de menos de cinco días, no necesitarán visado:

a) Os nacionais de países cos que se acordase a súa supresión, na forma e condicións establecidos no acordo correspondente.

b) Os estranxeiros que teñan a condición de refuxiados e estean documentados como tales por un país signatario do Acordo Europeo número 31, do 20 de abril de 1959, relativo á exención dos visados para refuxiados.

c) Os membros das tripulacións de barcos de pasaxe e comerciais extranxeiros, cando se achen documentados co caderno naval ou un documento de identidade para a xente do mar en vigor e soamente durante a escala do barco.

d) Os membros das tripulacións de avións comerciais extranxeiros que estean documentados como tales mediante a tarxeta de membro da tripulación durante a escala da súa aeronave ou entre dúas escalas de voos regulares consecutivos da mesma compañía aérea a que pertenza a aeronave.

e) Os estranxeiros titulares dun permiso de residencia, unha autorización provisional de residencia ou unha tarxeta de acreditación diplomática, expedidos polas autoridades doutro estado co que España teña subscrito un acordo internacional que contemple esta posibilidade. Estas autorizacións deberán ter unha vixencia mínima igual ó prazo de estadía, ou da duración do tránsito, previsto no momento de solicita-la entrada.

3. Os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia en España, tarxeta de estudante, ou documento análogo que lle permita a entrada en territorio español, dunha autorización provisional de residencia, dunha tarxeta de acreditación diplomática, dun permiso de traballador transfronteirizo, ou da autorización de regreso prevista no artigo 32.6 deste regulamento, expedidos polas autoridades españolas, no precisarán visado para entrar en territorio español, sempre que as ditas autorizacións estean vixentes no momento de solicita-la entrada.

## Artigo 6. *Visados de tránsito. Clases.*

1. Os visados de tránsito poden ser de tránsito aeroportuario e de tránsito territorial. Permiten transitar unha, dúas, ou excepcionalmente varias veces, e poden ser:

a) Visado de tránsito aeroportuario: habilita o estranxeiro especificamente sometido a esta esixencia, a transitar pola zona de tránsito internacional dun aeroporto español, sen acceder ó territorio nacional, durante escalas ou enlaces do voo.

b) Visado de tránsito territorial: habilita o estranxeiro para atravesalo territorio español en viaxe, de duración non superior a cinco días, desde un estado terceiro a outro que admita o dito estranxeiro.

2. Os visados de tránsito territorial poderán ser concedidos como colectivos en favor dun grupo de extranxeiros, non inferior a cinco nin superior a cincuenta, participantes nunha viaxe organizada, sempre que a entrada e saída a realicen dentro do grupo.

#### Artigo 7. *Visados de estadía. Clases.*

1. Os visados de estadía poden ser:

a) Visado de viaxe ou para estadía de curta duración: habilita a un estranxeiro para solicita-la súa entrada para unha estadía ininterrompida ou estadías sucesivas por un período ou suma de períodos a duración total dos cales non exceda de tres meses por semestre a partir da data da primeira entrada. O esgotamento da duración de estancia concedida ou do número de entradas autorizado suporá a caducidade do visado. Por razón da súa duración, este visado poderá ser limitado, se aquela non excede dun mes cunha ou dúas entradas, ou ordinario, se habilita a estancia ata un máximo de tres meses con unha, dúas, ou varias entradas.

b) Visado de circulación múltiple: habilita o estranxeiro que por razóns profesionais deba desprazarse frecuentemente a España a solicita-la súa entrada para múltiples estadías, a suma das cales non poderá exceder de tres meses por semestre. A validez deste visado pode ser dun ano e excepcionalmente de varios anos.

c) Visado de estancia especial: habilita o estranxeiro para a realización de actividades laborais por conta allea ou cursos, estudos ou traballos de investigación e formación, por unha duración non superior ó prazo sinalado no visado ata un máximo de seis meses. Este visado poderá ser expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores tendo en conta en particular o disposto no número 4 deste artigo e no número 7 do artigo 89, e tramitaráse polo procedemento de urxencia.

2. Os visados limitados para estadía de curta duración poderán ser concedidos como colectivos, en favor dun grupo de extranxeiros, non inferior a cinco nin superior a cincuenta, participantes dunha viaxe organizada, sempre que a entrada, estancia e saída se realice dentro do grupo.

3. Os visados de cortesía poderán ser concedidos ás persoas sinaladas no artigo 2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, sobre pasaporte diplomático, oficial ou de servicio. Estes visados poderán ser prorrogados polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

4. Os visados de estudos poderán ser concedidos ós estranxeiros que, acreditando teren sido preinscritos ou regulamentariamente admitidos nalgún dos centros docentes a que se refire o número 2, alínea b), do artigo 54 e reuniren os demais requisitos establecidos no dito artigo, desexen vir a España para realizaren actividades de estudo, formación ou investigación. Tamén poderán ser concedidos visados ós seus familiares nas condicións establecidas no artigo 55 deste regulamento.

A oficina consular de tramitación poderá requirir informe facultativo á autoridade gubernativa provincial en solicitudes de visado de estudos para bolseiros de institucións públicas españolas ou estranxeiras en que se

apliquen convenios de cooperación ou nas formuladas para seguir estudos como alumnos de ensinanzas universitarias ou de investigación en centros docentes públicos ou privados autorizados pola administración educativa competente. Noutros supostos de visado de estudos, a oficina consular requirirá informe preceptivo non vinculante da autoridade gubernativa provincial, á que se comunicarán a través do Ministerio de Asuntos Exteriores os datos básicos referidos ó solicitante e ó centro docente. O informe gubernativo versará especialmente sobre o cumprimento polo dito centro dos requisitos contemplados no artigo 54 deste regulamento e a previsión de admisión no mesmo. A non emisión de informe no prazo dun mes entenderase como ausencia de obstáculos á súa resolución.

Se a duración dos estudos fose inferior a seis meses, o visado que se expida será suficiente para documentala estadía.

5. O visado de estancia dun menor estranxeiro con fins de escolarización, tratamento médico ou goce de vacacións cando a estancia no corra a cargo de quen exerza a súa patria potestade ou tutela requirirá autorización expresa de quen a exerza así como informe previo favorable do subdelegado do Goberno ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, no territorio das cales vaia permanece-lo menor.

O informe gubernativo versará en especial sobre o cumprimento dos requisitos e autorizacións esixibles no interior en materia sanitaria, de escolarización e de protección xurídica do menor, segundo o teor do fin e a duración da estadía, para garanti-la ausencia de risco de desprotección deste, e verifica-lo compromiso escrito de facilita-lo seu retorno ó país de orixe, e a inexistencia de custo para o erario público salvo que o dito custo fose asumido expresa e previamente en cada caso pola autoridade competente.

6. Poderanse expedir visados de estadía especial para colocación «au pair» a nacionais de estados parte do Acordo Europeo do 24 de novembro de 1969 sempre e cando o precisaran por razón da súa nacionalidade e de conformidade cos requisitos establecidos no dito Acordo Europeo sobre a colocación «au pair».

7. A concesión de visado de estadía nos supostos exentos da esixencia de permiso de traballo non exime o seu titular, unha vez en España, da obriga de tramitar ante a autoridade laboral competente o recoñecemento da excepción e de formaliza-la acreditación como enviado especial, con carácter previo ó inicio da actividade.

8. A obtención dun visado de viaxe ou para estadía de curta duración enténdese sen prexuízo da competencia das autoridades dependentes do Ministerio do Interior para autorizaren a entrada.

#### Artigo 8. *Visados de residencia. Clases.*

1. Os visados de residencia poderán ser concedidos ós estranxeiros que desexen trasladala súa residencia a España.

2. Os visados de residencia para reagrupamento familiar poderán ser concedidos, logo de informe favorable da autoridade gubernativa competente, ós estranxeiros que se encontren nalgún dos supostos contemplados no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000 e que o soliciten para reagruparse cun familiar residente en España. Este informe terá valor vinculante con respecto ás condicións que deban acreditarse referidas ó reagrupante, conforme o artigo 18 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

3. Os visados de residencia para traballo poderán ser concedidos ós estranxeiros que desexen exercer unha actividade laboral ou profesional, por conta allea ou propia. A concesión destes visados deberá ir pre-

cedida de informe favorable emitido pola autoridade laboral, sen prexuízo do disposto no número 6 do artigo 89 deste regulamento.

4. Os visados de residencia para exercer unha actividade exceptuada da obriga de obter un permiso de traballo poderán ser concedidos ós estranxeiros que se encontren nalgún dos supostos do artigo 41 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000. A concesión destes visados deberá ir precedida do recoñecemento pola autoridade laboral de que están exceptuados da obriga de obter permiso de traballo, salvo nos casos c), nos supostos de persoal dependente de institucións públicas, d), e) e f) do número 1 do artigo mencionado.

A concesión dun visado de residencia nos supostos mencionados nas alíneas c), d), e) e f), en que se dean as circunstancias contempladas no artigo 68.1 deste regulamento, non exime o seu titular, unha vez en España, da obriga de tramitar ante a autoridade laboral competente o recoñecemento da excepción e, se é o caso, da obriga de formaliza-la acreditación como correspondente, con carácter previo ó inicio da actividade.

5. Os visados de residencia para asilo poderán ser concedidos, logo de informe da autoridade competente, ós estranxeiros que tramitasen e obtivesen o recoñecemento da condición de refuxiado a partir dunha solicitude presentada nunha misión diplomática ou oficina consular española, de acordo coa lexislación española de asilo. Tamén poderá ser concedido este visado ó estranxeiro que teña a condición de refuxiado noutro país e España acepte a transferencia de responsabilidade e a residencia en territorio español. Igualmente, poderá ser concedido este visado ós estranxeiros que soliciten asilo nunha misión diplomática ou oficina consular española e a situación de risco faga aconsellable o seu traslado urxente a España.

6. Os visados de residencia non lucrativa poderán ser concedidos ós estranxeiros xubilados, que sexan pensionistas ou rendistas, ou ós estranxeiros en idade laboral, que non vaian realizar en España unha actividade suxeita a permiso de traballo ou exceptuada da obriga de obte-lo dito permiso.

Estas solicitudes de visado, salvo nos supostos en que a urxencia na súa resolución non o permita ou a petición de informe resulte superflua por apreciarse razoablemente acreditados no expediente os requisitos regulamentarios a que se refiren os artigos 14.5, 17.7, 41 e concordantes deste regulamento, poderán ser sometidas pola oficina consular de tramitación a informe da autoridade gubernativa provincial, que poderá emitilo no prazo dun mes. A non emisión de informe no prazo indicado entenderase como ausencia de obstáculos para a súa resolución. O informe desfavorable ten carácter vinculante se considera o solicitante incurso nalgunha das causas de prohibición de entrada.

7. A obtención dun visado para residencia enténdese sen prexuízo da competencia das autoridades dependentes do Ministerio do Interior para autorizaren a entrada e outorgaren, cando proceda, o correspondente permiso de residencia.

#### Artigo 9. *Número de enlace de visado.*

1. O número de enlace de visado (NEV) é un código alfanumérico que ten por obxecto facilita-la comunicación entre órganos administrativos e que identifica un procedemento de visado tramitado nunha misión diplomática ou oficina consular ó expediente do cal deban incorporarse documentos e informes, preceptivos ou non, rexistrados en ou emitidos desde unidades administrativas situadas en España e relacionados cos correspondentes procedementos de permisos de traballo, de residencia ou de estadia posterior.

2. O número de enlace de visado será atribuído pola unidade administrativa competente para a instrucción da oferta de traballo, da solicitude do permiso de traballo, da autorización para traballar, dunha solicitude de excepción do permiso de traballo, dunha autorización de residencia sen permiso de traballo, dunha solicitude de informe gubernativo en supostos de reagrupamento familiar ou para estadias con fins de escolarización, tratamento médico ou vacacións de menores non acompañados a que se refire o artigo 7.5 deste regulamento, ou pola oficina gubernativa provincial que intervén e valora a acta-declaración de invitación a cargo. Será atribuído pola propia oficina consular de xestión cando excepcionalmente tamén deba recibir simultaneamente a solicitude de permiso de traballo ou da súa exención para a súa remisión ó órgano provincial competente.

A estampación do número de enlace de visado farase no recadro adecuado para o efecto no correspondente orixinal do impreso normalizado ou, na falta de recadro, na propia cabeceira do documento en que se ha de reflectir, precedido do acrónimo NEV. Consignarase con toda nitidez utilizando un selo numerador específico e, na falta deste, rotulador ou bolígrafo con tinta azul ou negra.

A estampación farase no mesmo día de rexistro da recepción do documento ou solicitude, na unidade administrativa competente para a súa instrucción, devolvéndose no acto ó interesado dous exemplares do dito documento, un como comprobante da presentación da solicitude e o outro para presentación, no seu prazo, na oficina consular ó solicita-lo visado.

3. O número de enlace componse, na orde que se cita, dos seguintes elementos:

a) Oito díxitos (día, mes e ano en que se rexistra o documento).

b) Unha letra que, en función do tipo de procedemento con que se relacione, se detallará mediante instrucións aprobadas por resolución conxunta dos ministerios competentes.

c) Dous díxitos (código provincial correspondente á unidade laboral ou gubernativa de tramitación ou a da que poderá requirirse eventualmente informe); utilizarase o código 53 para os que se tramiten na Dirección Xeral de Ordenación das Migracións e o código 56 para os expedientes laborais que excepcionalmente se presentaren nunha oficina consular xunto coa solicitude do visado.

d) Cinco díxitos (número secuencial asignado na unidade de tramitación). Nas relacións de estranxeiros a que se estende unha autorización colectiva de traballo ou de estadia de menores en relación colectiva, farase preceder a cada un do seu propio número secuencial. De igual modo farase nas relacións de estranxeiros en caso de ofertas xenéricas, unha vez avaliada a oferta e identificados os seus beneficiarios.

4. Ó número de enlace de visado para reagrupamento familiar que afecte a máis dun reagrupando, engadiráselle a letra con que é diferenciado cada familiar na solicitude de informe gubernativo sobre as condicións do reagrupante.

5. O prazo de eficacia administrativa dun documento co número de enlace de visado estampado para poder acompañala solicitude de visado é de tres meses contados desde a data configurada polos oito díxitos iniciais do número de enlace de visado en solicitudes de visado para residencia con ou sen permiso de traballo. O prazo de eficacia redúcese a un mes, contado desde a mesma data, en solicitudes de visados para realizar actividades laborais de temporada.

### Artigo 10. *Solicitud de visado de tránsito e estadia.*

1. O solicitante de visado de tránsito ou estadia deberá presenta-la súa solicitude en modelo oficial, debidamente cuberto e asinado. Xuntará unha fotografía recente, tamaño carné, ou tres se a competencia de resolución no está transferida á misión diplomática ou oficina consular de tramitación. Presentará o pasaporte ou documento de viaxe do que sexa titular. No caso dos visados de estadia especial referidos no artigo 7.1.c) deste regulamento, o pasaporte debe ter, á solicitude do visado, unha vixencia mínima dun ano.

2. A solicitude de visado deberá ser presentada polo solicitante persoalmente ou a través de representante debidamente acreditado, na misión diplomática ou oficina consular española na demarcación da cal reside o estranxeiro. Excepcionalmente, e mediando causa que o xustifique, poderá presentarse persoalmente esta solicitude en calquera misión diplomática ou oficina consular distinta da do seu lugar de residencia.

3. No suposto de visados de tránsito ou estadia nos que sexa de aplicación un acordo de réxime común de visados entre España e outros países, a solicitude presentarse ante a misión diplomática ou oficina consular competente, segundo as normas establecidas no dito acordo. Nos termos deste acordo, as misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas poderán expedir visados de tránsito ou estadia en representación doutro país, igual que as misións diplomáticas ou oficinas consulares doutro estado parte poderán expedir visados uniformes de tránsito ou estadia válidos para o territorio español e en representación de España. Os visados a que deban aplicarse previsións do dereito interno ou requiran informes preceptivos de autoridades ou organismos españois soamente poderán ser solicitados en e expedidos pola oficina consular española competente.

### Artigo 11. *Documentación requirida para os visados de tránsito e estadia.*

1. As solicitudes de visado deberán acompañarse dos documentos que acrediten:

a) O obxecto da viaxe e as condicións do tránsito ou a estadia previstos.

b) A disposición de medios de subsistencia suficientes para o período que se solicita. O nivel dos ditos medios deberá ser proporcional á duración e obxecto da viaxe; para iso, tomarase como referencia a contía fixada para os efectos de entrada no territorio. A dispoñibilidade de medios inclúe en todo caso ser beneficiario, a título individual ou colectivo, dun seguro de viaxe que cubra, durante todo o tempo da súa estadia e na totalidade dos estados que aplican os acordos internacionais de supresión de controis fronteirizos nos que España sexa parte, os gastos médicos e a repatriación asociados a un accidente ou a unha enfermidade repentina, salvo no suposto de visados de estadia especial que, en aplicación do artigo 7.1.c) deste regulamento, se expidan para a realización de actividades lucrativas por conta allea.

c) A disposición de aloxamento en España durante o tránsito ou a estadia.

d) As garantías de retorno ó país de procedencia ou, se é o caso, de admisión no país de destino unha vez efectuado o tránsito por España ou polo territorio dos estados para os que sexa válido o visado.

e) Cando o solicitante de visado de estadia chegue en apoio da súa solicitude unha carta de invitación dun cidadán español, este deberá garantir e responsabilizarse do cumprimento de cada un dos supostos contidos nas alíneas a), b), c) e d).

f) Nos casos do artigo 7.5, o informe favorable do subdelegado ou delegado do Goberno que corresponda.

g) No visado de estadia especial para traballos de temporada, o contrato de traballo e o compromiso de retorno, de conformidade co número 7 do artigo 89.

2. Poderán requirirse do solicitante os documentos que acrediten:

a) A residencia no lugar da solicitude, así como os vínculos ou arraigamento no país de residencia.

b) A situación profesional e socioeconómica do solicitante.

c) A autorización, de quen exerza a patria potestade ou tutela, para viaxar, se o solicitante é menor de idade.

3. A misión diplomática ou oficina consular poderá requirir-la comparecencia do solicitante e, cando se estime necesario, manter unha entrevista persoal, co fin de comproba-la identidade do solicitante, a validez da súa documentación persoal ou da documentación achegada, a regularidade da estadia ou residencia no país de solicitude, o motivo, itinerario, duración da viaxe e as garantías de retorno ó país de residencia, así como a verificación do retorno en prazo en caso de visados concedidos con anterioridade. A citación expresará o prazo fixado para a comparecencia, a suspensión do prazo máximo para a resolución expresa durante o tempo que medie entre a notificación da citación e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, así como que a incomparecencia no prazo fixado, que non poderá exceder de quince días, producirá o efecto de considera-lo interresado desistido no procedemento.

### Artigo 12. *Solicitud de visado de residencia.*

1. O solicitante de visado de residencia deberá presenta-la súa solicitude en modelo oficial, debidamente cuberto e asinado. Xuntará tres fotografías recentes tamaño carné. Presentará o pasaporte ou documento de viaxe do que sexa titular.

2. A solicitude de visado deberá ser presentada polo solicitante, persoalmente ou a través de representante, na misión diplomática ou oficina consular na demarcación da cal reside o estranxeiro.

### Artigo 13. *Documentación xenérica requirida para os visados de residencia.*

1. Os solicitantes de visado de residencia deberán achegar:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Se o solicitante ten maioría de idade penal, certificado de antecedentes penais expedido, se é o caso, polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos.

c) Certificado sanitario co fin de acreditar que o solicitante non padece ningunha das enfermidades que impliquen corentena contempladas no Regulamento sanitario internacional.

Cando se trate do visado previsto no artigo 8.5 deste regulamento, os solicitantes poderán ser eximidos dos requisitos establecidos neste número 1.

2. A misión diplomática ou oficina consular poderá requirir-la comparecencia persoal do solicitante e, cando se coide necesario, manter unha entrevista persoal, co fin de comprobar: a identidade do solicitante, a validez da documentación persoal ou da documentación achegada, a regularidade da residencia no país da solicitude, e outras circunstancias do solicitante, en especial as eco-

nómicas, académicas ou profesionais. A citación expresará o prazo fixado para a comparecencia, a suspensión do prazo máximo para a resolución expresa durante o tempo que medie entre a notificación da citación e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, así como que a incomparecencia no prazo fixado, que non poderá exceder de trinta días, producirá o efecto de consideralo interesado desistido no procedemento.

*Artigo 14. Documentación específica requirida para os visados de residencia.*

1. Cando se solicite visado de residencia para reagrupamento familiar, o reagrupante residente en España deberá pedir, con anterioridade á presentación da solicitude, informe da autoridade gubernativa da provincia onde resida, acreditativo de que reúne as condicións previstas nos números 11 e 21 do artigo 18 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000. O familiar incluído nalgún dos supostos de reagrupamento previstos no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000 deberá presentar, xunto coa solicitude de visado, copia, no prazo dun mes, da petición de informe co número de enlace de visado incorporado e rexistrado pola oficina gubernativa correspondente, así como a documentación que acredite o parentesco e, se é o caso, a dependencia legal e económica; no suposto dun ascendente do reagrupante ou do seu cónxuxe, deberá presenta-la documentación que acredite que o dito ascendente está a cargo do reagrupante ou do seu cónxuxe e que existen razóns que xustifiquen a necesidade de autoriza-la súa residencia en España.

O Goberno, por proposta da Comisión Interministerial de Estranxeiría, poderá determina-los supostos nos que non se esixa a acreditación de todos ou algún dos requisitos ós que deba referirse o informe da autoridade gubernativa, de acordo co disposto no parágrafo anterior.

2. Cando se solicite un visado de residencia para exercer unha actividade lucrativa por conta propia en España, o estranxeiro deberá presenta-lo proxecto da explotación ou actividade económica que desexa realizar cunha avaliación do investimento, rendibilidade e creación de postos de traballo. Se a actividade económica require unha titulación especial, o estranxeiro deberá acreditar estar en posesión do título español correspondente ou ter obtido a homologación ou recoñecemento do seu título estranxeiro pola autoridade española competente. En caso de que o permiso de traballo se tivese solicitado en España, bastará presenta-lo exemplar, en prazo eficaz, da solicitude de permiso de traballo e de residencia rexistrada polo órgano competente para tramitala e co número de enlace de visado incorporado.

3. Cando se solicite visado de residencia con obxecto de exercer unha actividade lucrativa por conta allea, o estranxeiro deberá presentar exemplar, en prazo, da oferta ou contrato de traballo, cuberto no modelo oficial que estableza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, rexistrada pola correspondente unidade administrativa que debe emitir informe sobre esa solicitude de visado, e co número de enlace de visado incorporado.

Se o visado se solicita para a realización de actividades de temporada cunha duración superior a seis meses, os solicitantes de visado deberán achega-lo contrato de traballo asinado de conformidade co establecido no número 7 do artigo 89 deste regulamento.

4. Cando se solicite visado de residencia para exercer unha actividade incluída entre as exceptuadas da obriga de obter permiso de traballo, o estranxeiro deberá presenta-la documentación que acredite que se encontra nalgún dos supostos contemplados no artigo 41 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Esta documentación será suplida pola presentación do exemplar, en prazo, da solicitude de residencia e excepción do permiso de traballo presentada en España, rexistrada pola unidade administrativa de tramitación e co número de enlace de visado incorporado.

5. Cando se solicite visado de residencia sen finalidade lucrativa, o estranxeiro deberá achegar documentación que acredite que dispón de medios de vida, ou que percibe ou vai percibir ingresos periódicos, suficientes e adecuados para el e os familiares ó seu cargo. Os medios de vida ou ingresos periódicos deberán cubrir con suficiencia o aloxamento, manutención e a asistencia sanitaria tanto do solicitante como dos familiares ó seu cargo.

*Artigo 15. Notificacións e requirimentos.*

1. A misión diplomática ou oficina consular receptora da solicitude devolverá unha copia selada dela con indicación da data e o lugar de recepción ou remitirá o aviso da recepción ó domicilio fixado para efectos de notificación no ámbito da demarcación consular.

2. A oficina consular e o solicitante, segundo o teor das posibilidades técnicas existentes no territorio, poden convir, deixando mención sucinta diso no expediente e na copia da solicitude que se devolve como recibo, o domicilio —que debe estar en todo caso dentro da demarcación consular— e o medio para efectuar os requirimentos de corrección ou de achega de documentos ou certificacións esixidos, así como para efectuar as citacións de comparecencia e as notificacións de resolución. As citacións e requirimentos realizaranse a través do teléfono ou do telefax de contacto proporcionado polo interesado ou o seu representante legal sempre que quede constancia da súa realización.

Se a citación ou requirimento efectuado a través de chamada ó teléfono de contacto convido fose desatendido, cursaranse por escrito as citacións, requirimentos ou notificacións ó domicilio fixado para este efecto na solicitude, o cal deberá encontrarse situado no ámbito da mesma demarcación consular.

Sen prexuízo do establecido no artigo 13.2, as citacións ou requirimentos cursados deberán atenderse nun prazo máximo de quince días.

Cando, intentada a notificación escrita de conformidade co establecido neste artigo, non se puidese practicar, calquera que for a causa, a notificación farase mediante anuncio publicado durante quince días no correspondente taboleiro da oficina consular.

3. De resultaren desatendidos no seu prazo os requirimentos ou citacións, terase o solicitante por desistido, notificándose a resolución pola que se declara a desistencia polo mesmo procedemento do número anterior.

*Artigo 16. Tramitación dos expedientes de visados de tránsito e estadia.*

1. A misión diplomática ou oficina consular ante a que se presente a solicitude de visado, poderá requirir, con carácter suspensivo, ademais da documentación que sexa preceptiva, cantos informes xulgue oportunos para resolve-la dita solicitude e, en especial, para valora-las circunstancias sinaladas no artigo 11 deste regulamento.

2. Os documentos e informes requiridos pola misión diplomática ou oficina consular estarán en relación coas condicións do país de orixe e coas circunstancias persoais do solicitante e as súas referencias en España. Tamén se terá en conta a información que faciliten outras misións diplomáticas ou oficinas consulares, no marco dunha cooperación consular local. Igualmente, terase en conta o informe das autoridades centrais doutros países, se así se estableceu no marco dun réxime común de visados.



3. Ó expediente incorporaranse, ademais, as alegacións que presenten as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras, con interese lexítimo na concesión ou denegación do visado.

4. Presentada en forma ou corrixida a solicitude de visado, a misión diplomática ou oficina consular instruír o correspondente expediente e elevará ó Ministerio de Asuntos Exteriores a solicitude de visado, acompañada dun informe e da documentación que sexa necesaria, co fin de solicitar autorización para a concesión do visado. Recibida a autorización, a misión diplomática ou oficina consular resolverá e expedirá, se é o caso, o visado.

5. O Ministerio de Asuntos Exteriores poderá dar unha autorización xeral para que as misións diplomáticas ou oficinas consulares resolvan as solicitudes dunha clase de visados de tránsito ou estadía sen solicitar autorización previa.

*Artigo 17. Tramitación dos expedientes de visado de residencia.*

1. A misión diplomática ou oficina consular ante a que se presentase a solicitude de visado de residencia poderá requirir, con carácter suspensivo, ademais da documentación que sexa preceptiva, cantos informes xulgue oportunos para resolve-la dita solicitude conforme os criterios establecidos no artigo 27.3 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Presentada en forma ou corrixida a solicitude de visado, a misión diplomática ou oficina consular instruír o correspondente expediente e elevará ó Ministerio de Asuntos Exteriores a solicitude de visado, acompañada dun informe e da documentación necesaria, co fin de solicitar autorización para expedi-lo visado.

3. Cando se solicite un visado de residencia para reagrupamento familiar, o Ministerio de Asuntos Exteriores, de conformidade co establecido no artigo 8.2 deste regulamento, comunicará á autoridade gubernativa que foi presentada en forma a solicitude de visado e requirirá á dita autoridade que lle remita o correspondente informe.

4. Cando se solicite un visado de residencia para exercer unha actividade lucrativa por conta propia, o Ministerio de Asuntos Exteriores requirirá o correspondente informe da autoridade laboral, á que remitirá copia da documentación achegada polo solicitante, salvo que xa fose presentada á autoridade laboral.

5. Cando se solicite un visado de residencia para exercer unha actividade lucrativa por conta allea, o Ministerio de Asuntos Exteriores requirirá o correspondente informe da autoridade laboral, á que informará que foi presentada en forma a solicitude de visado.

6. Cando se solicite un visado de residencia para exercer unha actividade incluída nos supostos exceptuados da obriga de obter permiso de traballo, o Ministerio de Asuntos Exteriores requirirá o correspondente informe da autoridade laboral.

7. De conformidade co previsto nos números 1 e 2 deste artigo, cando se solicite un visado de residencia para actividade non lucrativa, o Ministerio de Asuntos Exteriores poderá requirir informe dos órganos que puideren achegar información útil para a valoración do visado.

8. Recibida a autorización do Ministerio de Asuntos Exteriores, a misión diplomática ou oficina consular resolverá e expedirá, se é o caso, o visado. O Ministerio de Asuntos Exteriores poderá dar unha autorización xeral para que as misións diplomáticas ou oficinas consulares resolvan as solicitudes dunha clase de visados de residencia sen solicitar autorización previa.

*Artigo 18. Tramitación de visados en supostos especiais.*

1. Logo de autorización do Ministerio de Asuntos Exteriores, calquera misión diplomática ou oficina consular poderá tramitar unha solicitude de visado, expedir un visado ou prorrogala validez, ata un máximo de tres meses nun período de seis. Esta previsión terase especialmente en conta no caso do visado a que se refire o artigo 8.5 deste regulamento.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores, excepcionalmente, e de conformidade cos acordos internacionais suscritos por España, poderá encomendar ós servicios policiais do Ministerio do Interior a cargo do control de entrada de persoas no territorio nacional, a expedición en fronteira de visados de tránsito ou estadía.

*Artigo 19. Resolución dos expedientes de visado.*

1. Na resolución do visado atenderase ó interese do Estado e á aplicación dos compromisos internacionais asumidos por España na materia. O visado utilizarase como instrumento orientado ó cumprimento dos fins da política exterior do Reino de España, e doutras políticas públicas españolas ou da Unión Europea, en especial a política de inmigración, a política económica e a de seguranza cidadá. No se concederá visado ó estranxeiro a vinda a España do cal supoña perigo para a orde pública, a seguranza nacional, a saúde pública ou as relacións internacionais de España.

2. Se o solicitante, ó momento de resolver, non figura na lista de persoas non admisibles, a misión diplomática ou oficina consular valorará a documentación e informes incorporados para o efecto e resolverá a solicitude do visado.

3. A denegación dun visado de residencia para reagrupamento familiar ou de residencia con permiso de traballo por conta allea deberá ser motivada, informando o interesado dos feitos e circunstancias constatadas e, se é o caso, dos testemuños recibidos e dos documentos e informes, preceptivos ou non, incorporados que, conforme as normas aplicables, conducisen á resolución denegatoria.

4. Sen prexuízo da eficacia da resolución denegatoria e á marxe de que o interesado presentase recurso contra ela ou non, o estranxeiro coñecedor dunha prohibición de entrada pola súa inclusión na lista de persoas non admisibles, poderá canalizar a través da oficina consular unha solicitude escrita dirixida ó Secretario de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior se quixer exercer-lo seu dereito de acceso ós seus datos ou a solicita-la rectificación ou supresión deles no Sistema de Información de Schengen.

*Artigo 20. Notificación da resolución.*

1. A resolución notificarase ó solicitante de forma que lle garanta a información sobre o contido dela, as normas que en dereito a fundamenten, o recurso que contra ela proceda, o órgano ante o que tivese que presentarse e o prazo para interpo-lo.

2. Polo que se refire ó domicilio e medios utilizables para efectua-la notificación, observarase o disposto no artigo 15 deste regulamento.

3. A resolución denegatoria dun visado de tránsito ou estadía por incumprimento dalgún dos requisitos de entrada, incluído o figurar como persona non admisible, notificarase mediante a fórmula de aplicación común adoptada pola normativa de desenvolvemento dos acordos internacionais de supresión de controis fronteirizos nos que España sexa parte, expresando o recurso que contra ela proceda, órgano ante o que tivese que presentarse e prazo para a interposición.

Artigo 21. *Expedición do visado.*

1. No prazo de dous meses desde a notificación da concesión, o estranxeiro deberá recolle-lo seu visado. No caso de visados de residencia, o estranxeiro deberá recoller persoalmente o seu visado, logo de comprobación da súa identidade. A misión diplomática ou oficina consular sinalará ó estranxeiro as formalidades que deberá realizar, se é o caso, unha vez en territorio español.

Se o solicitante tivese presentado orixinais e copias dos certificados sanitarios, de antecedentes e de parentesco, unha vez cotexados, devolveránselle ó titular do visado os orixinais para que poidan producir efectos no expediente do permiso de residencia ou do permiso ou autorización para traballar; devolveráselle, así mesmo, selado o orixinal do contrato de traballo asinado ante a oficina consular. Os orixinais das certificacións extranxeiras relativas ó parentesco ou outras circunstancias do rexistro civil, seranlle devoltas ó titular do visado, para que poidan producir efectos no expediente do permiso de residencia, logo de legalización dos documentos por vía diplomática, nos supostos en que esta sexa necesaria, ou logo de comprobación da súa legalización polo sistema de apostila de conformidade co Convenio da Haia do 5 de outubro de 1961.

Transcorrido o prazo de dous meses sen ter comparecido para recolle-lo visado, terase por desistido, notificándosele a resolución correspondente.

2. A dilixencia de visado deberá anotarse no pasaporte ou documento de viaxe de que sexa titular o estranxeiro que solicita o visado. Nos supostos de entrada con outros documentos de identidade e nos demais que determine o Ministerio de Asuntos Exteriores, deberá expedirse en documento á parte.

3. A vixencia do visado será inferior á do pasaporte, título ou documento de viaxe sobre o que se expida.

Artigo 22. *Datos da etiqueta de visado.*

1. Na etiqueta de visado incluíranse as seguintes mencións:

- a) O estado ou estados polos que poderá desprazarse o titular do visado, dentro do prazo de vixencia.
- b) As datas do primeiro día de entrada e do último día de posible estadía.
- c) O número de entradas ou de períodos de estadía nos que se poderá dividi-la duración total autorizada.
- d) A duración da estadía, ata un máximo de tres meses nun período de seis, ou ata un máximo de cinco días no caso de visado de tránsito.
- e) O lugar e a data de expedición.
- f) O número de pasaporte e a eventual mención dos familiares acompañantes dos incluídos no pasaporte.
- g) O tipo xenérico de visado.

2. Poderán incluírse na etiqueta de visado as seguintes mencións:

- a) Na zona de observacións: a sinatura do funcionario habilitado para a expedición, a cantidade aboada en concepto de taxas, o código estatístico do tipo e motivo do visado, a eventual limitación xeográfica do visado e outras modalidades de expedición que faciliten a aplicación administrativa do visado.
- b) Na zona de lectura óptica: o tipo de documento, o país emisor, os apelidos e nome do titular, o número da etiqueta, a nacionalidade do titular, a data do seu nacemento, o sexo do titular, a data de caducidade do visado, a validez territorial, o número de entradas, a duración da estadía e o inicio da validez do visado.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

## ENTRADA: REQUISITOS E PROHIBICIÓNS

Artigo 23. *Xustificación do obxecto e condicións da estadía.*

1. Os estranxeiros deberán, se así se lles require, especifica-lo motivo da súa solicitude de entrada para estadía en España. Os funcionarios responsables do control de entrada poderán esixír-lle-la presentación de documentos que xustifiquen ou establezan a verosimilitude do motivo de entrada invocado.

2. Sen prexuízo de calquera outro medio de proba ou comprobación que poidan realiza-los funcionarios responsables do control para xustificar ou establece-la verosimilitude dos motivos de entrada invocados, poderá esixirse, en concreto, un ou varios dos documentos seguintes:

a) Para as viaxes de carácter profesional:

1.º A invitación dunha empresa ou dunha autoridade para participar en reunións de carácter comercial, industrial ou vinculadas ó servizo.

2.º Documentos dos que se desprenda que existen relacións comerciais ou vinculadas ó servizo.

3.º Tarxetas de acceso a feiras e congresos.

b) Para viaxes realizadas no marco de estudos, ou con fins de formación ou investigación:

1.º Documento de preinscrición ou admisión dun centro de ensino público ou privado legalmente recoñecido para participar en cursos.

2.º Carné de estudante ou certificados relativos ós cursos seguidos.

c) Para as viaxes de carácter turístico ou privado:

1.º Documento xustificativo do establecemento de hospedaxe.

2.º Confirmación da reserva dunha viaxe organizada.

3.º Billete de volta ou de circuíto turístico.

4.º Invitación dun particular.

d) Para as viaxes por outros motivos:

1.º Invitacións, reservas ou programas.

2.º Certificados de participación en eventos relacionados coa viaxe, tarxetas de entrada ou recibos.

3. Os estranxeiros que soliciten a entrada, co fin de xustifica-la verosimilitude do motivo invocado, ademais dos medios de proba mencionados no número anterior, poderán utilizar ou propor todos aqueles medios de proba admitidos legalmente que persigan tal finalidade.

Artigo 24. *Acreditación de medios económicos.*

1. Os funcionarios responsables de efectuaren os controis de entrada de persoas poderán esixir ós estranxeiros que se dispoñen a entrar no territorio español, que acrediten a posesión de recursos económicos ou medios de vida suficientes para o seu sostemento durante o período de permanencia en España, así como para o traslado a outro país ou o retorno ó país de procedencia.

2. A dispoñibilidade polos estranxeiros dos recursos económicos deberá acreditarse mediante exhibición deles, no caso de os posuíren en efectivo, ou pola presentación de cheques certificados, cheques de viaxe, cartas de pagamento, tarxetas de crédito ou certificación bancaria, ou mediante documentación da que resulte

que se encontran en condicións de obter legalmente eses medios.

3. Os funcionarios responsables do control de entrada poderán permiti-la entrada, reducindo o tempo de estadía en proporción á contía dos recursos de que se dispoña e segundo o criterio do número 4 deste artigo, advertindo, se é o caso, ó interesado, mediante dilixencia no pasaporte ou documento análogo, da data límite para abandona-lo territorio español.

4. Os estranxeiros deberán acreditar que dispoñen dos recursos que, con carácter de mínimos, se indican a continuación:

a) Para o seu sostemento, durante a estadía en España, os recursos económicos ou medios de vida na cantidade determinada mediante orde do ministro do Interior, tendo en conta o número de días que pretendan permanecer en España e o número de persoas que viaxen xuntas, podendo revisarse anualmente, en caso necesario, a contía de tales recursos, mediante nova orde do ministro do Interior, á vista da evolución do índice de prezos de consumo.

b) Para regresar ó país de procedencia ou para trasladarse en tránsito a terceiros países, o billete ou billetes de viaxe nominativos, intransferibles e cerrados, no medio de transporte que pretendan utilizar.

#### Artigo 25. *Requisitos sanitarios.*

Cando así o determine o Ministerio do Interior, de acordo co Ministerio de Sanidade e Consumo, todas aquelas persoas que pretendan entrar en territorio español deberán presentar nos postos fronteirizos certificado sanitario expedido no país de procedencia polos servicios médicos que designe a misión diplomática ou oficina consular española, ou someterse a recoñecemento médico por parte dos servicios sanitarios españois competentes á súa chegada, na fronteira, co fin de acreditaren que non padecen ningunha das enfermidades que impliquen corentena contempladas no Regulamento sanitario internacional, así como en cantos compromisos internacionais sobre a materia subscribíse o Estado español, sen prexuízo do que dispoña, para o efecto, a normativa da Unión Europea.

#### Artigo 26. *Prohibición de entrada.*

1. Considerarase prohibida a entrada dos estranxeiros, e impediráselle-lo acceso ó territorio español, aínda que reúnan os requisitos esixidos nos artigos precedentes, cando:

a) Fosen previamente expulsados de España, dentro do prazo de prohibición de entrada que se determinase na resolución de expulsión.

b) Se encontren incurso nos supostos de infracción sancionables con expulsión na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Por conductos diplomáticos, a través de Interpol ou por calquera outra vía de cooperación internacional, xudicial ou policial, se teña coñecemento de se encontraren reclamados, en relación con causas criminais derivadas de delitos comúns graves, polas autoridades xudiciais ou policiais doutros países, sempre que os feitos polos que figuran reclamados constitúan delito en España.

3. Polas súas actividades contrarias ós intereses españois ou ós dereitos humanos ou polas súas notorias conexións con organizacións delictivas, nacionais ou internacionais, fosen obxecto de prohibición expresa, en virtude de resolución do ministro do Interior.

4. Poida prohibirse ou teñan prohibida a entrada en virtude de convenios internacionais nos que sexa parte España, salvo que se considere necesario establecer unha excepción por motivos humanitarios ou de interese nacional.

#### Artigo 27. *Autorización de entrada.*

1. Poderase autoriza-la entrada ó territorio nacional ós estranxeiros, sempre que se encontren provistos da documentación necesaria e válida, de medios económicos suficientes, presenten o visado se estoviesen sometidos á dita exixencia, os documentos que xustifiquen o obxecto e as condicións da estadía prevista, non estean suxeitos a prohibicións de entrada, nin supoñan un perigo para a orde pública, para a seguranza interior ou exterior do Estado, ou para a saúde pública.

2. Poderase autoriza-la entrada en España dos estranxeiros que non reúnan os requisitos establecidos no número anterior cando existan razóns excepcionais de índole humanitaria, interese público ou cumprimento de compromisos adquiridos por España. Nestes casos, procederase a facer entrega ó estranxeiro da resolución acreditativa da autorización de entrada por calquera destas causas, para unha estadía máxima de tres meses nun período de seis conforme o establecido neste regulamento.

#### Artigo 28. *Forma de efectua-la entrada.*

1. Á súa chegada ó posto habilitado para a entrada en España, os estranxeiros acreditarán ante os funcionarios responsables do control que reúnen os requisitos previstos nos artigos deste capítulo para a obrigada comprobación dos mesmos, con anterioridade á intervención dos servicios de alfándegas ou a de calquera outro que sexa necesario.

2. Se a documentación presentada for achada conforme e non existe ningunha prohibición ou impedimento para a entrada do titular, estamparase no pasaporte ou título de viaxe o selo, signo ou marca de control establecido, salvo que as leis internas ou tratados internacionais en que España sexa parte prevexan a non estampación, co que, logo de devolución da documentación, quedará franco o paso ó interior do país.

3. Se o acceso se efectúa con documento de identidade ou doutra clase nos que non se poida estampa-lo selo, signo ou marca de control, o interesado deberá cubrir, cando sexa requirido para isto, o impreso previsto para deixar constancia da entrada.

#### Artigo 29. *Declaración de entrada.*

1. Terán a obriga de declara-la entrada ante as autoridades policiais españolas os estranxeiros que accedan a territorio español procedentes dun estado co que España teña asinado un acordo de supresión de controis fronteirizos. Se non acreditan os requisitos previstos na normativa vixente, a súa permanencia en España será irregular.

2. A declaración deberá realizarse persoalmente no momento no que se efectúe a entrada no posto policial existente na fronteira. No caso de que non exista o dito posto policial, a declaración de entrada deberá efectuarse en calquera comisaría de policía ou oficina de estranxeiros no prazo máximo de 72 horas a partir do momento da entrada en España.

3. Da obriga xeral prevista no primeiro parágrafo excepiúanse os nacionais doutros estados respecto dos cales España manteña un compromiso internacional en tal senso.

### Artigo 30. *Denegación de entrada.*

1. Ós estranxeiros que non reúnan os requisitos de entrada establecidos na presente sección seralles denegada polos funcionarios responsables do control a entrada no territorio español mediante resolución motivada e notificada, con información acerca dos recursos que poidan interperse contra ela, prazo para facelo e autoridade ante quen deban formalizarse, e do seu dereito á asistencia letrada que poderá ser de oficio e, se é o caso, de intérprete, que comezará no momento en que se dicte o acordo de iniciación de expediente que poida levar á denegación de entrada.

2. Ó estranxeiro ó que lle sexa denegada a entrada no territorio nacional polos funcionarios responsables do control, de conformidade co disposto nos acordos internacionais subscritos por España, estamparáselles no pasaporte un selo de entrada riscado, debendo permanecer nas instalacións destinadas para o efecto no posto fronteirizo ata que, o máis axiña posible, regrese ó lugar de procedencia ou continúe viaxe cara a outro país onde sexa admitido.

3. Se se negase a entrada no territorio español a un estranxeiro por deficiencias na documentación necesaria para o cruce de fronteiras, o transportista que o trouxese á fronteira por vía aérea, marítima ou terrestre estará obrigado a facerse cargo del inmediatamente. Por petición das autoridades encargadas do control de entrada, deberá leva-lo estranxeiro ó terceiro estado a partir do cal o transportase, ó estado que expedise o documento de viaxe co que viaxase, ou a calquera outro terceiro estado onde se garanta a súa admisión.

Nos supostos de transporte aéreo, entenderase por suxeito responsable do transporte a compañía aérea ou explotador ou operador da aeronave. No caso de se utilizar un réxime de código compartido entre transportistas aéreos, a responsabilidade será solidaria, e nos casos en que se realicen viaxes sucesivas mediante escalas, o responsable será o transportista aéreo que efectúe o último tramo de viaxe ata territorio español.

4. O transportista estará exento das obrigas ás que se refire o número anterior cando trouxese o estranxeiro á fronteira por vía aérea, marítima ou terrestre desde o territorio doutro país no que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985.

5. Os transportistas de viaxeiros por vía terrestre deberán adoptar-las medidas que coiden oportunas para que se compre a documentación de tódolos estranxeiros que embarquen fóra do territorio dos países nos que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985. Tales comprobacións poderán realizarse nas instalacións da estación ou parada na que se vaia produci-lo embarque, a bordo do vehículo antes de iniciarse a marcha ou, unha vez iniciada, sempre que sexa posible o posterior desembarque nunha estación ou parada situada fóra do territorio dos países nos que estea en vigor o referido convenio de aplicación do Acordo de Schengen.

6. Cando embarquen viaxeiros fóra do territorio dos países nos que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985, a persoa ou persoas que para efecto designe a empresa de transportes deberán requirir a tódolos estranxeiros para que presenten os seus pasaportes, títulos de viaxe ou documentos de identidade pertinentes, para efectos de comproba-la súa titularidade e se aparentemente cumpren os requisitos necesarios. A empresa de transporte será responsable de que o persoal encargado destas tarefas posúa os coñecementos adecuados para poder detecta-la carencia, falta de vixencia ou manifesta falsidade dos documentos indicados.

Cando se constate que un estranxeiro non dispón da documentación necesaria, non deberá ser admitido a bordo do vehículo e, se tivese iniciado a marcha, deberá abandonalo na parada ou lugar adecuado máis próximos no sentido da marcha fóra do territorio dos países nos que estea en vigor o referido convenio de aplicación do Acordo de Schengen; no caso de que o estranxeiro con documentación aparentemente deficiente decidise embarcar ou non abandona-lo vehículo, o conductor ou o acompañante ó chegar á fronteira exterior deberán comunicar ós axentes encargados do control as deficiencias detectadas a fin de que adopten a decisión que resulte procedente.

### SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

#### SAÍDAS VOLUNTARIAS E PROHIBICIÓN DE SAÍDA

### Artigo 31. *Supostos.*

1. No exercicio do dereito de libre circulación, os estranxeiros poderán efectuar voluntariamente a súa saída do territorio español, salvo os casos do artigo 28.3 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, en que a saída será obrigatoria, e os supostos contemplados no artigo 57.7 da dita lei orgánica, en que a saída require autorización xudicial. Excepcionalmente, a saída poderá ser prohibida polo ministro do Interior, de conformidade co artigo 28.2 da dita lei orgánica e co presente regulamento.

2. As saídas mediante autorización xudicial poderán ser instadas polas autoridades gubernativas e policiais que teñan coñecemento dos feitos e das circunstancias que concorren neles, e polas autoridades xudiciais competentes, sen prexuízo do dereito dos estranxeiros afectados a instaren a saída por si mesmos.

3. Para os efectos previstos no número anterior e salvo nos casos en que o impida o carácter secreto, total ou parcial do sumario, as unidades ou servicios de policía xudicial informarán a Dirección Xeral da Policía e o delegado ou subdelegado do Goberno, daqueles supostos nos que estiveren incursos estranxeiros en procesos penais.

### Artigo 32. *Documentación. Prazos.*

1. Tódalas saídas voluntarias do territorio nacional deberán realizarse, calquera que sexa a fronteira que se utilice para tal fin, polos postos habilitados e precedendo a exhibición do pasaporte, título de viaxe ou documento válido para a entrada no país.

2. Tamén poderán realizarse as saídas, con documentación defectuosa ou mesmo sen ela, se non existise prohibición nin impedimento ningún, a xuízo dos servicios policiais de control.

3. Os estranxeiros en tránsito que entrasen en España con pasaporte ou con calquera outro documento ó que se atribúan análogos efectos, deberán de abandonalo territorio español con tal documentación, debendo facelo dentro do prazo previsto na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, establecido polos acordos internacionais ou no prazo de validez da estadaía fixada no visado.

4. Os que se encontren en situación de estadaía ou de prórroga de estadaía deberán saír do territorio español dentro do tempo de vixencia da dita situación. A súa entrada e permanencia posteriores en España deberán someterse ós trámites establecidos.

5. Os que gocen de permiso de residencia poden saír e volver a entrar en territorio español cantas veces o precisen, mentres o permiso e o pasaporte ou documento análogo se encuentre en vigor.

6. Non obstante o disposto nos números anteriores, poderá expedirse ó estranxeiro que teña un permiso de residencia ou autorización de estadía que tivese perdido vixencia, unha autorización de regreso que lle permita a saída de España e posterior retorno ó territorio nacional dentro dun prazo non superior a noventa días, sempre que se acredite que o solicitante iniciou os trámites de renovación do título que o habilita para permanecer en España, dentro do prazo legal fixado para o efecto. A autorización de regreso, cando a viaxe responda a unha situación de necesidade, terá un tratamento preferente.

7. Cando o estranxeiro acredite que a viaxe responde a unha situación de necesidade e concorran razóns excepcionais, poderá expedirse a autorización de regreso referida no número anterior cando se resolvese favorablemente a solicitude inicial de permiso de residencia.

### Artigo 33. *Forma de efectuar a saída.*

1. Á súa saída do territorio español, os estranxeiros presentarán ós funcionarios responsables do control nos postos habilitados para isto a documentación prevista para a súa obrigada comprobación.

2. Se a documentación for achada conforme e non existir ningunha prohibición ou impedimento para a saída do titular ou titulares, estamparase no pasaporte ou título de viaxe o selo, signo ou marca de control establecido, salvo que as leis internas ou acordos internacionais en que España sexa parte prevexan a non estampación, co que, logo de devolución da documentación, quedará franco o paso ó exterior do país.

3. Se a saída se fixese con documentación defectuosa ou sen documentación ou con documento de identidade no que non se poida estampa-lo selo, signo ou marca de control, o estranxeiro cubrirá, sempre que sexa requirido para isto, nos servicios policiais de control, o impreso previsto para deixar constancia da saída.

### Artigo 34. *Prohibicións de saída.*

1. De conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, o ministro do Interior poderá acorda-la prohibición de saída de estranxeiros do territorio nacional, nos casos seguintes:

a) Os de estranxeiros incurso nun procedemento xudicial, pola comisión de delitos en España, salvo os supostos do artigo 57.7 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, cando a autoridade xudicial autorízase a súa saída ou expulsión.

b) Os de estranxeiros condenados pola comisión de delitos en España á pena de privación de liberdade e reclamados, calquera que for o grao de execución da condena, salvo os supostos do artigo 57.7, da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e os de aplicación de convenios nos que España sexa parte, sobre cumprimento de penas no país de orixe.

c) Os de estranxeiros reclamados e, se é o caso, detidos para extradición polos respectivos países, ata se dicta-la resolución procedente.

d) Os supostos de padecemento de enfermidade conxaxiosa que, conforme a lexislación española ou os convenios internacionais, impoñan a inmovilización ou o internamento obrigatorio en establecemento adecuado.

2. As prohibicións de saída adoptaranse con carácter individual polo ministro do Interior, segundo os casos, por iniciativa propia, por proposta da Dirección Xeral da Policía, do delegado ou subdelegado do Goberno, das autoridades sanitarias, ou por instancia dos cidadáns

españóis e dos estranxeiros residentes legais en España que puidesen resultar prexudicados, nos seus dereitos e liberdades, pola saída dos estranxeiros do territorio español, e deberán notificarse formalmente ó interesado, expresando os recursos que contra elas procedan, órgano ante o que deberán presentarse e prazo para interpo-las.

## CAPÍTULO II

### Réxime xurídico das situacións dos estranxeiros en España

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### ESTADÍA. PRÓRROGA DE ESTADÍA

### Artigo 35. *Estadía.*

1. Áchase en situación de estadía o estranxeiro que, non sendo titular dun permiso de residencia, se encontre autorizado para permanecer en España por un prazo non superior a tres meses nun período de seis, sen prexuízo dos casos de estadía especial previstos no artigo 7.

2. Nos supostos de entrada con visado, cando a duración deste sexa inferior a tres meses poderase prorrogar-la estadía que figura no visado, que en ningún caso poderá ser superior á estadía máxima sinalada no número anterior.

3. Nos supostos de entrada sen visado, cando concorran circunstancias de carácter humanitario, familiar, de atención sanitaria, de interese público, ou outra circunstancia excepcional que o xustifique, poderá autorizarse a estadía dun estranxeiro no territorio español para alén de tres meses.

### Artigo 36. *Prórroga de estadía. Presentación da solicitude.*

1. O estranxeiro que, tendo entrado en España para fins que non sexan de traballo ou establecemento, se encontre no período de estadía que sinala o artigo 30 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, poderá solicitar prórroga de estadía.

2. A solicitude formalizarase nos impresos habilitados polo Ministerio do Interior e xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Pasaporte ordinario ou documento de viaxe, con vixencia superior á da prórroga de estadía que se solicite, que se anotará no expediente e se devolverá ó interesado.

b) Acreditación das razóns alegadas para a solicitude, no caso de entrada sen visado.

c) Tres fotografías recentes en cor, en fondo branco, tamaño carné.

d) Proba suficiente de que dispón de medios de vida adecuados para o tempo de prórroga que solicita, nos termos que establece o artigo 24 deste regulamento en relación coa entrada.

e) Ter garantida a asistencia sanitaria, tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

3. Nos supostos de entrada sen visado, o período de estadía sumado ó da prórroga concedida non poderá exceder de seis meses, e será necesaria, para a obtención da prórroga de estadía, a concorrencia de razóns de carácter excepcional que así o xustifiquen.

4. Nos supostos de entrada con visado, o período de validez da estadía outorgada no visado sumada ó da prórroga concedida non poderá exceder de tres meses nun período de seis.

5. O solicitante deberá identificarse persoalmente ante a oficina de estranxeiros, xefatura superior ou comisaría de policía da localidade onde se encontre, ó face-la presentación da solicitude ou no momento da tramitación en que para tal efecto fora requirido polo órgano competente.

#### Artigo 37. *Expedición e denegación. Competencia.*

1. A prórroga de estadía poderá ser concedida polos subdelegados do Goberno, delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, e polo comisario xeral de Estranxeiría e Documentación da Dirección Xeral da Policía, por proposta da Oficina de Estranxeiros, Xefatura Superior ou comisaría de policía, se concorren as seguintes circunstancias:

- a) Que a documentación se adapte ó preceptuado no artigo anterior.
- b) Que o solicitante no sexa obxecto de ningunha das prohibicións determinadas no artigo 26 deste regulamento, nin se encontre incurso en ningunha das causas de expulsión ou devolución.

2. A prórroga de estadía farase constar no pasaporte ou título de viaxe, ou en documento á parte se o interesado tivese entrado en España con outro tipo de documentación, logo de aboamento das taxas fiscais legalmente establecidas, e amparará o titular do mesmo e familiares que, se é o caso, figuren nos ditos documentos e se encontren en España.

3. As resolucións denegatorias sobre a prórroga de estadía deberán ser motivadas e deberán notificarse formalmente ó interesado, expresando os recursos que contra elas procedan, órgano ante o que deberán presentarse e prazo para interpoñelos, e dispoñendo a saída do mesmo do territorio nacional, a cal deberá realizarse antes de que finalice o período de estadía inicial ou, de ter transcorrido este, no prazo fixado na resolución denegatoria, na forma regulada neste regulamento. O prazo de saída farase constar, conforme o disposto neste regulamento, no pasaporte ou título de viaxe ou no impreso correspondente previsto para deixar constancia da saída do territorio nacional.

#### Artigo 38. *Estadía en supostos de entrada ou documentación irregulares.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, o Ministerio do Interior poderá autoriza-la estadía en territorio español, por un máximo de tres meses nun período de seis, ós estranxeiros que tivesen entrado nel con documentación defectuosa ou mesmo sen ela ou por lugares non habilitados para o efecto, sempre que para isto existan motivos humanitarios, de interese nacional ou obrigas internacionais, podendo adoptar en tales casos, como medidas cautelares, algunha das medidas enumeradas no artigo 5 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

#### Artigo 39. *Extinción de vixencia da prórroga de estadía.*

A extinción da vixencia da prórroga de estadía producirase polas seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo para o que fosen concedidas.
- b) Incorre-lo titular nalgunha das prohibicións determinadas no artigo 26 deste regulamento.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

### A SITUACIÓN DE RESIDENCIA

#### Artigo 40. *Clasificación de permisos de residencia.*

1. Os estranxeiros que desexen residir en España deberán obter previamente algún dos seguintes permisos de residencia:

- a) Temporal.
- b) Permanente.

2. Cando os permisos de residencia se concedan para realizar unha actividade lucrativa, tanto por conta propia como allea, a duración do permiso de residencia, que será temporal, será idéntica á do permiso de traballo.

#### Artigo 41. *Permiso de residencia temporal e a súa renovación.*

1. A residencia temporal é a situación que autoriza para permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos.

2. O permiso de residencia temporal poderá concederse ós estranxeiros que se encontren en España e se achen nos seguintes supostos:

a) Os que manifesten o seu propósito de fixar por primeira vez a súa residencia en España, así como a aqueles que, tendo residido con anterioridade, non reúnan os requisitos establecidos para a obtención dun permiso de residencia permanente.

O dito permiso concederáselle ó estranxeiro que acredite dispor de medios de vida suficientes para atender os seus gastos de manutención e estadía, incluíndo, se é o caso, os da súa familia, durante o período de tempo polo que a solicite sen necesidade de realizar actividade lucrativa, se propoña realizar unha actividade económica por conta propia ou allea e obtívase a autorización administrativa para traballar a que se refire o artigo 36 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, ou sexa beneficiario do dereito ó reagrupamento familiar segundo o número 4 deste artigo.

b) Os que tivesen tal permiso e non o puidesen renovar tendo permanecido de forma continuada en territorio español sen permiso de residencia durante os dous anos anteriores.

c) Os que acrediten unha permanencia continuada, sen permiso de residencia, en territorio español durante un período mínimo de cinco anos.

d) Aqueles que acrediten a permanencia continuada en España durante un período mínimo de tres anos e nos que concorra unha situación excepcional e acreditada de arraigamento, considerando como tal a incorporación real ó mercado de traballo e os vínculos familiares con estranxeiros residentes ou con españois.

3. Igualmente, concederáse un permiso de residencia temporal, en atención ás circunstancias excepcionais que concorren no seu caso:

a) Ás persoas consideradas como desprazadas, segundo establece o número 1 da disposición adicional primeira do Regulamento de aplicación da lei de asilo, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

b) A aquelas persoas ás que, téndolles sido denegada ou inadmitida a trámite a súa solicitude de asilo, o ministro do Interior autorízase a súa permanencia en España por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, por razóns humanitarias que se vinculen á aplicación de instrumentos internacionais que determinen a non devolución ou que, sen constituír ningún dos supostos de aplicación da Convención de Xenebra

de 1951 sobre recoñecemento do estatuto de refuxiado, exista certa vinculación cos motivos nela recollidos.

c) Ás persoas nas que concorran razóns humanitarias, en particular ter sido vítimas de conductas tipificadas como delitos racistas ou xenófobos, as cales xustifiquen a necesidade de autoriza-la súa residencia en España.

d) Ás persoas que colaboren coas autoridades administrativas e xudiciais españolas, ou nas que concorran razóns de interese nacional ou seguraza nacional, as cales xustifiquen a necesidade de autoriza-la súa residencia en España.

4. Os estranxeiros que residan legalmente en España poderán reagrupar con eles familiares, conforme os requisitos previstos na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000 e neste regulamento.

Os familiares que poderán obter un permiso de residencia por motivo de reagrupamento familiar, para así residiren cos ditos estranxeiros en territorio español, son os previstos no artigo 17.1 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Os titulares dos visados para reagrupamento familiar deberán solicitar, dentro do prazo de vixencia do dito visado, o correspondente permiso de residencia temporal.

A duración do permiso de residencia que se conceda a estes familiares será a mesma que a do permiso concedido ó reagrupante e a súa vixencia dependerá do mantemento das circunstancias que deron lugar ó seu outorgamento, ben que o cónxuxe que adquirise a residencia en España por causa familiar e os seus familiares con el agrupados conservarán a residencia aínda que rompa o vínculo matrimonial que deu lugar á adquisición, sempre que acredite a convivencia en España co cónxuxe reagrupante durante ó menos dous anos.

O cónxuxe reagrupado poderá obter un permiso de residencia independente cando:

- a) Obteña unha autorización para traballar.
- b) Acredite ter vivido en España co cónxuxe reagrupante durante dous anos, mediante certificado de empadramento ou de inscrición consular, ou por calquera medio de proba admisible en dereito que, de forma efectiva, evidencie a continuidade da dita permanencia en España. Este prazo poderá ser reducido cando concorran circunstancias de carácter familiar ou humanitario que así o xustifiquen.

Non se poderá conceder un permiso de residencia a un estranxeiro como cónxuxe dun residente estranxeiro cando outro cónxuxe deste xa conte con anterioridade cun permiso de residencia.

Os fillos do reagrupante obterán unha autorización de residencia independente cando atinxan a maioría de idade ou cando obteñan unha autorización para traballar.

5. Os estranxeiros que adquirisen a residencia en virtude de reagrupamento poderán, pola súa vez, exercer-lo dereito de reagrupamento dos seus propios familiares, sempre que conten xa cun permiso de residencia obtido independentemente do permiso do reagrupante e acrediten reuni-los requisitos previstos na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000 e neste regulamento para proceder ó dito reagrupamento.

6. Os fillos nados en España de estranxeiro que se encontre residindo legalmente no territorio español adquirirán automaticamente o mesmo tipo de permiso de residencia do que sexa titular calquera dos seus proxenitores, sen necesidade de obter a exención de visado.

7. A validez do permiso de residencia temporal obtido por primeira vez non poderá exceder dun ano, salvo o disposto nos números 4 e 6 deste artigo.

8. Os permisos de residencia temporal, calquera que sexa a súa duración, poderán renovarse por petición do

interesado se concorren circunstancias análogas ás que motivaron a súa concesión, por sucesivos períodos cunha duración de dous anos cada un.

Os permisos de residencia regulados nesta sección renovaranse se non variaron as circunstancias ou se concorren outras que, conforme o disposto neste regulamento, xustifican o seu outorgamento. As solicitudes de renovación dos ditos permisos resolveranse e notificaranse no prazo xeral máximo de tres meses contados segundo o previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, entendéndose que esta renovación foi concedida se, transcorrido tal prazo, a Administración non deu resposta expresa.

No caso de que fosen concedidos ó abeiro do establecido na letra b) do número 3 deste artigo, os permisos renovaranse anualmente, logo de informe da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, que valorará a existencia das circunstancias que motivaron a súa concesión.

#### Artigo 42. *Permiso de residencia permanente.*

1. Terán dereito a obter permiso de residencia permanente os estranxeiros que acrediten ter residido legalmente e de forma continuada no territorio español durante cinco anos, sempre que as saídas correspondentes non se realizasen de forma irregular, e non afectando a dita continuidade:

- a) As ausencias por períodos de vacacións.
- b) As ausencias de ata seis meses, sempre que sumadas non superen un total dun ano.
- c) As ausencias, debidamente xustificadas, realizadas por motivos familiares ou de asistencia sanitaria.

2. O permiso de residencia permanente tamén se concederá ós estranxeiros que acrediten que se encontran en calquera dos seguintes supostos:

- a) Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema da Seguridade Social.
- b) Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema da Seguridade Social ou de prestacións análogas ás anteriores obtidas en España e consistentes nunha renda vitalicia, non capitalizable, suficiente para o seu sustento.
- c) Que nacesen en España e ó chegaren á maioría de idade acrediten ter residido en España de forma legal e continuada durante, ó menos, os tres anos consecutivos inmediatamente anteriores á solicitude.
- d) Que fosen españois de orixe, tendo perdido a nacionalidade española.
- e) Que ó chegaren á maioría de idade estivesen baixo a tutela dunha entidade pública española durante ó menos os tres anos consecutivos inmediatamente anteriores.
- f) Apátridas ou refuxiados que se encontren en territorio español e a quen se lles recoñecese o respectivo estatuto en España.
- g) Estranxeiros que contribuísen de forma notoria ó progreso económico, científico ou cultural de España, ou á proxección de España no exterior.

3. O titular do permiso de residencia permanente estará obrigado a renova-la tarxeta que o documenta cada cinco anos.

**Artigo 43. *Solicitud de permiso de residencia.***

1. As solicitudes de permiso de residencia dirixiránse ás oficinas de estranxeiros ou, no seu defecto, á comisaría de policía da localidade onde pretenda fixa-la súa residencia o estranxeiro, excepto en caso de solicitarse un permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais das contempladas no artigo 41.3.d) deste regulamento, en que se dirixirán á Dirección Xeral da Policía (Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación).

Cando se soliciten conxuntamente os permisos de traballo e de residencia, a solicitude deberá presentarse nos lugares previstos no artigo 82 deste regulamento.

2. A solicitude de permiso de residencia formalízase no impreso habilitado para isto e xuntaráse a documentación que en cada caso se determina neste regulamento en función do tipo de permiso de que se trate.

3. Cun mes de anticipación, ó menos, á data de caducidade dos documentos que regularicen a súa residencia en España, os estranxeiros, se teñen o propósito de seguir residindo en España, deberán solicitar os permisos que correspondan, para os efectos procedentes. Non obstante, sen prexuízo das sancións que procedan, poderá renovarse o permiso de residencia sempre que se solicite a renovación durante os tres meses posteriores á data da súa expiración e se cumpran o resto dos requisitos esixidos. Concedida a renovación, esta producirá efectos desde a data de caducidade do permiso anterior.

4. Unha vez presentada a solicitude, expediráselle ó solicitante unha copia dela, como recibo, facéndose constar nel a solicitude formulada, así como a súa data de presentación.

O recibo da solicitude de renovación, sempre que esta fose presentada dentro dos prazos establecidos no número anterior, ou a copia daquel, nos termos establecidos no artigo 6 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, prorroga a validez do permiso anterior ata a resolución do expediente e produce os mesmos efectos deste exclusivamente en materia de lexislación de investimentos estranxeiros e permanencia.

**Artigo 44. *Solicitud de informe gubernativo sobre o cumprimento polo reagrupante das condicións esixidas legalmente.***

1. O residente legal interesado en que se expida un visado de residencia por reagrupamento dun familiar, con carácter previo a que o familiar presente a solicitude do visado, deberá dirixirse á autoridade gubernativa da provincia en que reside para solicitar dela informe acreditativo de que reúne as condicións previstas no artigo 18.1 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, así como que é titular dun permiso de residencia xa renovado.

2. A solicitude de informe gubernativo dirixirase, por triplicado, á oficina de estranxeiros ou, no seu defecto, á comisaría de policía do lugar da súa residencia empregando o modelo determinado oficialmente, debidamente cuberto e asinado.

3. A autoridade gubernativa receptora da solicitude selará e rexistrará esta, incorporando a data e un número de enlace de visado que facilite a xestión administrativa entre os departamentos ministeriais afectados, devolvendo ó solicitante o orixinal.

4. Á solicitude do informe gubernativo deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte, documento de viaxe ou cédula de inscrición do solicitante, en vigor.

b) Copia do permiso de residencia ou de traballo e residencia xa renovado.

c) Acreditación de emprego e/ou recursos económicos suficientes para atender as necesidades da familia, incluíndo a asistencia sanitaria, no suposto de non estar cuberta pola Seguridade Social, e tendo en conta o establecido no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Para estes efectos, o reagrupante deberá achegar-las seguintes documentos:

Tres últimos recibos de salarios ou fotocopia de boletíns de cotización no suposto de traballadores por conta allea.

Xustificación de ingresos da persoa en situación de inactividade. Declaración, se é o caso, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ó ano anterior no suposto de traballadores por conta propia ou por conta allea.

Xustificante de afiliación e alta na Seguridade Social ou seguro de asistencia sanitaria e beneficiarios.

Así mesmo, o reagrupante poderá achegar calquera outro documento que considere oportuno en relación coa acreditación sinalada.

Mediante orde do Ministerio do Interior poderase determina-la contía esixible dos ditos recursos económicos ou medios de vida, tendo en conta o número de persoas a cargo do solicitante, as que pretende reagrupar e a evolución dos índices xerais de prezos.

d) Acreditación de dispoñibilidade dunha vivenda suficiente para o reagrupante e a súa familia.

Para estes efectos, o reagrupante deberá achegar informe expedido pola Corporación local que acredite que dispón dun aloxamento adecuado para cubri-las súas propias necesidades de vivenda na zona de residencia do reagrupante, tendo en conta o número de membros da familia. Para este fin poderán subscribirse os correspondentes convenios entre a Administración xeral do Estado e as corporacións locais que así o decidan.

Cando non exista informe por parte da Corporación local do lugar de residencia do reagrupante, este deberá acreditar esas condicións mediante acta notarial mixta de presenza e manifestacións para acreditar-las características e amplitude da vivenda.

O informe ou, no seu defecto, a acta notarial, deberá facer referencia ós seguintes asuntos: título que habilite para a ocupación da vivenda, número de cuartos ou dependencias en que se distribúe a vivenda, uso ó que se destina cada unha delas, número de persoas que a habitan e condicións de equipamento da mesma, en particular, as relativas á dispoñibilidade de auga corrente, electricidade, sistema de obtención de auga quente e rede de sumidoiros.

e) Nos casos de reagrupamento de cónxuxe, declaración asinada do reagrupante de que non reside con el en España outro cónxuxe.

5. A autoridade gubernativa comunicará ó reagrupante que solicitou o informe o sentido do mesmo e o momento en que foi remitido á Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Protección dos Españóis no Estranxeiro.

**Artigo 45. *Documentación xenérica para solicitude do permiso de residencia ou da súa renovación.***

Deberán xuntarse a toda solicitude de permiso de residencia ou da súa renovación, con carácter xeral, os seguintes documentos:

a) Pasaporte ou documento válido para a entrada en España ou, se é o caso, cédula de inscrición, en vigor,



que se lle devolverá ó interesado, conservándose no expediente copia del.

b) Se é o caso, calquera medio de proba que acredite o tempo previo de residencia legal e continuada en España, ou de permanencia de feito.

A permanencia continuada en España poderá ser acreditada por calquera medio de proba admisible en dereito que, de forma efectiva, evidencie a continuidade da dita permanencia.

c) Tres fotografías recentes en cor, en fondo branco, tamaño carné.

#### Artigo 46. Documentación específica para solicitude inicial do permiso de residencia temporal.

Deberá xuntarse ás solicitudes de permiso de residencia temporal, presentadas por primeira vez, a seguinte documentación:

a) Visado de residencia en vigor, salvo nos supostos previstos nas alíneas 2.b), c) e d), e 3 do artigo 41 deste regulamento, e nos casos en que proceda a súa exención, en que se observará o establecido nos artigos 49 e 51.5 do mesmo.

Nos casos de petición de exención de visado, a solicitude deberá ir acompañada dos documentos ou probas acreditativos de que o solicitante se encontra incluído nalgún dos supostos regulados no artigo 49.2 deste regulamento.

b) Certificado de antecedentes penais no caso de solicitante maior de idade penal, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, e do que poderá ser eximido o solicitante cando concorran circunstancias que impidan a súa obtención, ou as enumeradas no artigo 41.3 deste regulamento, debendo, en tal caso, achega-lo correspondente certificado de antecedentes penais expedido polas autoridades españolas. Tanto para a solicitude inicial como para a renovación do permiso de residencia, o Rexistro Central de Penados e Rebeldes expedirá de oficio este último certificado. A autoridade competente poderá solicitar ademais, cando o coide procedente, antecedentes do interesado ás autoridades do seu país e ás do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos.

Como certificado de antecedentes penais poderá incorporarse, para a tramitación do permiso de residencia, o mesmo orixinal presentado para a tramitación do visado.

c) Certificado médico oficial, se o solicitante non o achegou para a obtención do correspondente visado, se for o caso.

Como certificado sanitario poderá incorporarse, para a tramitación do permiso de residencia, o mesmo orixinal presentado para a tramitación do visado.

d) Salvo concorrencia de circunstancias excepcionais das enumeradas no artigo 41.3 deste regulamento, acreditación de contar con medios de vida suficientes para o período de residencia que solicita, ou que os ditos ingresos van recibirse periodicamente, e de ter garantida asistencia sanitaria pública ou privada, tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

A disposición de medios de vida suficientes poderá acreditarse, nos casos de non realizar actividade lucrativa, mediante a presentación de documentación que permita verificarlle a posesión dun patrimonio ou a percepción de ingresos periódicos, suficientes e adecuados, incluíndo a achega de títulos de propiedade, cheques certificados, cartas de pagamento, tarxetas de crédito ou certificación bancaria.

Poderá determinarse e, en caso necesario, revisarse anualmente, mediante orde do Ministerio do Interior, a

contía esixible dos ditos recursos económicos ou medios de vida, tendo en conta o número de persoas a cargo do solicitante e a evolución do índice de prezos de consumo.

Se os medios de vida proceden de accións ou participacións en empresas españolas, mixtas ou estranxeiras radicadas en España, acreditará, mediante certificación delas, que non exerce actividade laboral ningunha nas ditas empresas e presentará declaración de que non exerce tal actividade en ningunha outra.

Se o solicitante ten familiares ó seu cargo, deberá acreditar que dispón de medios de vida, garantías de asistencia sanitaria, sen prexuízo do previsto no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e vivenda para atender-las súas necesidades e as dos seus familiares.

Nos supostos de solicitude de residencia por reagrupamento familiar, a garantía de asistencia sanitaria non se esixirá con carácter previo cando o familiar poida acollerse ás prestacións da Seguridade Social do traballador residente, unha vez concedido o permiso.

e) En caso de solicitar permiso de residencia por reagrupamento familiar, deberá achegarse xustificación dos vínculos familiares e, se é o caso, a idade e a dependencia legal e económica. Os documentos estranxeiros referidos a este requisito, para produciren efectos no permiso de residencia, deberán estar legalizados por vía diplomática ou, se é o caso, polo sistema de apostila de conformidade co Convenio da Haia do 5 de outubro de 1961.

A documentación acreditativa dos vínculos familiares presentada ante a oficina consular poderá ser incorporada ó expediente do permiso de residencia unha vez legalizada.

f) Documentación xustificativa, se é o caso, que acredite a concorrencia das circunstancias expostas nos números 2.b), c) e d), e 3.c) e d) do artigo 41 deste regulamento.

#### Artigo 47. Documentación específica para renovación do permiso de residencia temporal.

Deberá xuntarse ás solicitudes de renovación de permiso de residencia temporal a seguinte documentación:

a) Salvo concorrencia de circunstancias excepcionais das enumeradas no artigo 41.3, e segundo os criterios establecidos no artigo 46.d), deste regulamento, acreditación de contar con medios de vida suficientes para o período de residencia que solicita, ou que os ditos ingresos van recibirse periodicamente, e de ter garantida asistencia sanitaria pública ou privada, tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

b) En caso de solicitar renovación de permiso de residencia por reagrupamento familiar, deberá achegarse xustificación dos vínculos familiares e, se é o caso, a idade e a dependencia legal e económica, segundo os criterios establecidos no artigo 46.e) deste regulamento.

c) Documentación xustificativa, se é o caso, que acredite a concorrencia das circunstancias expostas nas alíneas 2.b), c) e d), e 3.c) e d) do artigo 41 deste regulamento.

d) Xustificación documental do cumprimento das súas obrigas fiscais esixibles en España.

e) Para os supostos de renovación dos permisos de residencia, as autoridades españolas expedirán de oficio o correspondente certificado de antecedentes penais.

**Artigo 48. Documentación específica para solicitude do permiso de residencia permanente.**

Deberá xuntarse ás solicitudes de permiso de residencia permanente a seguinte documentación:

a) No caso de solicitalo por primeira vez, xustificación documental do cumprimento das súas obrigas fiscais esixibles en España, e acreditación do cumprimento dos requisitos do artigo 42.1 deste regulamento.

b) En caso de solicitalo por primeira vez e encontrarse nalgún suposto do artigo 42.2 deste regulamento, xustificación documental do dito suposto e, se o solicitante procede de fóra do territorio español, visado de residencia ou, se é o caso, petición de exención de visado.

c) As autoridades españolas expedirán de oficio o correspondente certificado de antecedentes penais.

**Artigo 49. Exención do visado de residencia.**

1. Excepcionalmente, cando o estranxeiro que pretenda solicita-la concesión inicial dun permiso de residencia careza do preceptivo visado, poderá solicitar conxuntamente que se lle exima del, conforme o establecido no artigo 31.7 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Poderá ser concedido excepcionalmente exención de visado polas autoridades competentes, segundo o número 5 do artigo 51 deste regulamento, sempre que no exista mala fe no solicitante e concorran algún dos seguintes supostos:

a) Estranxeiros que non poidan achega-lo o visado por seren orixinarios ou procederen dunha zona na que exista un conflito ou disturbio de carácter bélico, político, étnico ou doutra natureza, a magnitude do cal impida a obtención do correspondente visado, ou na que acontecese un desastre natural do que perduren os efectos no momento da solicitude do mencionado visado.

b) Estranxeiros que non poden conseguilo visado por implicar un perigo para a súa seguraza ou a da súa familia o seu traslado ó país do que son orixinarios ou proceden, ou por careceren de vínculos persoais co dito país.

c) Estranxeiros menores de idade ou incapacitados:

Que sexan fillos de españois ou de estranxeiros residentes legais en España.

Que estean suxeitos legalmente á tutela dun cidadán ou institución españois ou dun estranxeiro residente legal en España, de forma que reúna os elementos necesarios para producir efectos en territorio español.

d) Estranxeiros que sexan cónxuxes de español ou de estranxeiro residente legal, nacional dun Estado parte do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, sempre que non se encontren separados de dereito, se reúnan as circunstancias do artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000 e se acredite a convivencia en España ó menos durante un ano.

e) Estranxeiros que sexan cónxuxes de estranxeiro residente legal, non nacional dun Estado membro do Espacio Económico Europeo, sempre que non se encontren separados de feito ou dereito, se reúnan as circunstancias do artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, se acredite a convivencia en España ó menos durante un ano, e que o cónxuxe teña autorización para residir ó menos outro ano.

f) Estranxeiros que acrediten ser ascendentes directos ou titores dun menor ou incapacitado, cando este menor ou incapacitado sexa español, resida en España e viva ás súas expensas.

g) Españois de orixe que perdesen a nacionalidade española.

h) Estranxeiros que acrediten sufrir unha enfermidade ou impedimento que requira asistencia sanitaria e lles imposibilite o retorno ó seu país para obteren o visado.

i) Estranxeiros ós que se lles concedese a cédula de inscrición á que se refire o artigo 56 deste regulamento.

j) Estranxeiros que entrasen en España cun visado de residencia validamente expedido polas autoridades consulares españolas e non puidesen obte-lo correspondente permiso de residencia por causas alleas á súa vontade.

k) Estranxeiros ascendentes de cidadán español ou estranxeiro residente legal en España que viva ás expensas deste e reúna os requisitos necesarios para beneficiarse do reagrupamento familiar.

l) Estranxeiros dos que a residencia en España sexa considerada de interese público.

A autoridade competente para resolver sobre a exención de visado deberá solicitar informe previo á Dirección Xeral de Estranxeiría e Inmigración cando exista calquera dúbida sobre o criterio a seguir para resolve-la exención de visado, así como sobre os supostos que poden dar lugar á súa obtención.

3. A petición de exención de visado deberá constar na solicitude de permiso ou tarxeta e deberase dirixir, segundo o modelo determinado polo Ministerio do Interior, á oficina de estranxeiros ou, no seu defecto, á comisaría de policía da localidade onde pretenda fixa-la súa residencia o solicitante.

4. Para a concesión da exención de visado por algunha das causas previstas nas alíneas a) e b) do número 2 deste artigo, a autoridade competente poderá demandar informe da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e de Protección de Españois no Estranxeiro.

5. As autoridades competentes para concederen a exención de visado deberán pedir antes de dictar resolución informe dos órganos policiais correspondentes sobre a veracidade das circunstancias alegadas polo solicitante, así como, se é o caso, da autoridade laboral competente ante a que se presentase a solicitude de permiso de traballo ou de excepción, que non resolverá a dita solicitude ata se resolver sobre a exención de visado.

Neste último caso, a autoridade competente para resolver sobre a solicitude de exención de visado deberá remitir á autoridade laboral a resolución sobre a dita solicitude, para os efectos de que esta resolva, pola súa vez, sobre a solicitude de permiso de traballo ou da súa excepción.

6. Unha resolución de expulsión ou unha prohibición de entrada no territorio español contra o solicitante será causa de denegación da exención de visado, salvo que fose revogada. Para estes efectos, cando exista unha prohibición de entrada actuarase de conformidade co previsto nos convenios internacionais sobre supresión de controis fronteirizos nos que España sexa parte.

**Artigo 50. Tramitación da solicitude de permiso de residencia.**

1. A instrucción dos expedientes levarana a cabo os órganos mencionados no número 1 do artigo 43 deste regulamento, que deberán propor ó órgano con competencia para resolve-lo expediente que se teña por desistido o interesado na solicitude se, non reunindo esta os requisitos legais ou concorrendo, entre outras, algunha das seguintes circunstancias, é requirido para que corrixa esa falta ou xunte os documentos preceptivos nun prazo de dez días, con indicación da declaración de desistencia, e este non realiza nese prazo a referida corrección ou mellora da solicitude:

a) Que o solicitante sexa un estranxeiro indocumentado no sentido referido no artigo 34.2 da Lei orgánica

4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e salvo presentación da solicitude de documentación á que se refire o artigo 56 deste regulamento.

b) Que no pasaporte ou documento válido para a entrada en España do solicitante, ou en documento á parte, se é o caso, non figure anotada a dilixencia de visado concedido para residencia, cando esta sexa esixible conforme o previsto neste regulamento, e salvo presentación de solicitude de exención de visado.

c) Que se trate da mera reiteración dunha solicitude xa denegada, sempre e cando non se acredite un cambio de circunstancias que poida supor un cambio substancial no criterio aplicable á resolución do expediente.

2. A instrución dos expedientes de permiso de residencia por circunstancias excepcionais levarana a cabo os órganos mencionados no artigo 43.1 deste regulamento, segundo cales sexan as circunstancias excepcionais concorrentes.

3. A autoridade competente, co obxecto de resolver adecuadamente as solicitudes de permisos de residencia, poderá solicita-los informes que xulgue necesarios ós diferentes órganos das administracións públicas.

Estes informes non serán vinculantes, pedíndose a súa emisión no prazo de quince días.

4. Así mesmo, inmediatamente antes de redactarse a proposta de resolución, deberá cumprirse o trámite de audiencia ó interesado segundo o establecido no artigo 20.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

#### Artigo 51. *Resolución da solicitude do permiso de residencia e a súa notificación.*

1. Os subdelegados do Goberno e os delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais serán competentes para resolveren as solicitudes dos permisos de residencia temporais e permanentes. Os permisos de residencia por circunstancias excepcionais serán concedidos pola Dirección Xeral da Policía se se aprecian razóns das contempladas na alínea d) do artigo 41.3 deste regulamento.

2. Para a concesión dos permisos de residencia polos órganos competentes, será necesario que non recaia sobre os interesados ningunha das prohibicións determinadas anteriormente neste regulamento, non se encontren incursos en ningún dos supostos de expulsión do territorio español, nin existan outras razóns legais, de seguranza pública, sanitaria ou de natureza análoga.

3. A resolución que poña fin ó procedemento deberá ser motivada e expresará os recursos que contra ela procedan, órgano ante o que deberán presentarse e prazo para interpos. Notificarase formalmente ó interesado no prazo xeral máximo de tres meses contados segundo o previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, advertíndoo nela, se non se concede o permiso solicitado, da obriga que ten de abandonar-lo territorio español na forma prevista neste regulamento, salvo que conte cun permiso ou autorización que o habilite para permanecer en España.

4. Se o permiso de residencia por circunstancias excepcionais se outorgase por unha causa distinta das mencionadas no número 3 do artigo 41 deste regulamento e o seu titular desexase realizar unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, deberá tramitar previamente ó comezo da dita actividade a correspondente autorización para traballar segundo os requisitos e procedemento previstos na normativa vixente.

5. A autoridade competente para coñecer da solicitude do permiso ou tarxeta determinará, cando o

estranxeiro careza de visado e realizase unha solicitude de exención, ó resolver aquela, se o estranxeiro é eximido da obriga do visado.

A resolución da petición de exención de visado para a realización de actividades lucrativas será competencia da autoridade que deba resolver sobre a concesión do permiso de residencia en cada caso.

A resolución da exención de visado deberá ser motivada en todo caso, indicando inescusablemente, se é favorable, o suposto regulamentario concorrente que xustifica a exención, de entre os enumerados no artigo 49.2, deste regulamento, e notificaráselle ó interesado no prazo xeral máximo de tres meses contados segundo o previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

6. A competencia para a renovación de permisos de residencia e para outorga-las autorizacións de regreso a que se refire o artigo 32.6 deste regulamento corresponde ós órganos competentes para a súa concesión, de acordo co establecido nel.

#### Artigo 52. *Expedición e entrega das tarxetas.*

1. Unha vez inscrito o permiso de residencia concedido, no Rexistro de Estranxeiros referido no artigo 60 deste regulamento, emitirase unha tarxeta a favor do seu titular, que servirá para acredita-la condición de residente.

2. Esta tarxeta será entregada ó interesado, logo de aboamento das taxas fiscais establecidas legalmente.

3. Na tarxeta que se lle entregue ó titular, só se fará consta-la causa pola que se lle concedeu o mencionado permiso cando esta fose a concorrencia da situación de desprazado, prevista na disposición adicional primeira do Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

#### Artigo 53. *Extinción do permiso de residencia.*

1. A vixencia dos permisos de residencia temporal extinguirase sen necesidade de pronunciamento administrativo ningún:

a) Polo transcurso do prazo para o que se expedisen.

b) Por renuncia expresa ou tácita do seu titular. Entenderase por renuncia tácita cando o interesado, despois de ter sido requirido para comparecer na oficina de estranxeiros ou na comisaría de policía que seguiu o expediente co fin de tramitar ou facer entrega da tarxeta a que se refire o artigo 52.2 deste regulamento, non compareza nela no prazo de tres meses desde que se practicou aquel requirimento legalmente, salvo que o interesado acredite que a incomparecencia foi debida a causa xustificada.

c) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria do permiso, en virtude do disposto polas autoridades competentes, en estados de excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño.

d) Pola permanencia fóra de España de forma continuada durante máis de seis meses nun período dun ano.

e) Pola inclusión nalgún dos supostos de prohibición de entrada previstos no artigo 26 deste regulamento.

2. O permiso de residencia temporal extinguirase por resolución motivada da autoridade gubernativa competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos no Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e

extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

a) Deixen de dispo-lo residente estranxeiro de recursos económicos ou medios de vida suficientes, asistencia sanitaria garantida tendo en conta o contemplado no artigo 12 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, ou vivenda adecuada, sen que poida dispor deles nun prazo de tres meses contados a partir da notificación en relación con tal circunstancia, salvo que o permiso de residencia fose outorgado por circunstancias excepcionais.

b) Cambie ou perda a súa nacionalidade, sen prexuízo de que poida adquirir outro permiso de residencia en atención ás novas circunstancias.

c) Desaparezan as circunstancias que serviron de base para a súa concesión.

d) Se comprobe a inexactitude grave das alegacións formuladas polo titular para obte-lo dito permiso de residencia.

e) Deixen de posuír pasaporte, documento análogo ou, se é o caso, cédula de inscrición, válidos e en vigor, salvo que poida xustificar que realizou os trámites necesarios para a renovación ou recuperación do pasaporte ou documento análogo.

3. A vixencia dos permisos de residencia permanente extinguirase:

a) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria do permiso, en virtude do disposto polas autoridades competentes, en estados de excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño.

b) Por resolución motivada da autoridade gubernativa competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos no Real decreto 1778/1994, de 5 de agosto, polo que se adecúan á Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se comprobe a inexactitude grave das alegacións formuladas polo titular para obte-lo dito permiso de residencia.

c) Por resolución motivada da autoridade gubernativa competente, conforme os trámites previstos no referido Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, cando se encuentre incluído nalgún dos supostos de prohibición de entrada previstos neste regulamento, posto este suposto en relación co establecido no artigo 57.5 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

d) Pola permanencia fóra de España de forma continuada durante máis de seis meses nun período dun ano.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

#### ESTUDIANTES

#### Artigo 54. *Estudiantes estranxeiros.*

1. Os estranxeiros que desexen acollerse ó réxime previsto no artigo 33 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, deberán:

a) Solicita-lo correspondente visado de estadía, antes da súa vinda a España, ante as misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas, sitas no seu país de orixe ou de residencia, achegando a documentación académica acreditativa dos estudos xa superados.

b) Obte-la autorización de estadía por estudos que deben solicitar ante a oficina de estranxeiros, xefatura superior ou comisaría de policía da localidade onde se

encontre, unha vez en territorio español, autorización que habilitará a súa permanencia polo tempo que se determine. Esta autorización de estadía non será necesaria se a duración dos estudos é inferior a seis meses e o estranxeiro obtivo o visado contemplado no último parágrafo do número 4 do artigo 7.

2. Para a obtención da autorización de estadía por estudos deberase acreditar documentalmente que:

a) Cumpren tódolos requisitos para a súa entrada e permanencia en España, incluído o visado, concedido especificamente para cursar ou ampliar estudos en calquera centro público ou privado oficialmente recoñecido.

b) Foron admitidos regulamentariamente en calquera centro docente ou científico español, público ou privado, oficialmente recoñecido, co fin de cursar ou ampliar estudos ou realizar traballos de investigación ou formación, non remunerados laboralmente, con indicación dun horario que implique asistencia e cunha duración prevista non inferior a tres meses, incluíndo o plan de estudos, investigación ou formación aprobado.

c) Nos supostos de estudantes menores de idade, cando non veñan acompañados dos seus pais ou titores, requirírase, ademais, autorización destes para o desprazamento a España para realiza-los estudos, na que conste o centro e o período de estadía previsto.

d) Teñen garantidos os medios económicos necesarios para sufraga-lo custo dos seus estudos, así como os gastos de estadía e regreso ó seu país e, se é o caso, os dos seus familiares.

3. Na concesión da autorización de estadía por estudos seguiranse as normas previstas neste regulamento para a prórroga de estadía, ben que, para efectos de vixencia, se terá en conta a duración e periodicidade dos estudos por razón dos que se concede, e será causa de extinción da vixencia o cesamento na actividade para a que foi concedida, segundo o establecido no artigo 33 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

A vixencia da autorización de estadía poderá limitarse á duración dos estudos, investigación ou formación e, se esta durase máis de doce meses a tarxeta será renovable anualmente, segundo o establecido no artigo 33.3 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

En todo caso, para a renovación da autorización de estadía por estudos, ademais de cumprilos requisitos previstos no número 2 deste artigo, salvo a presentación do visado, será necesario presentar un certificado do centro onde cursa os seus estudos que acredite o cumprimento dos requisitos pertinentes para a continuidade deles ou un informe favorable do desenvolvemento da investigación.

4. Salvo as especialidades previstas nos números precedentes, os estudantes estranxeiros estarán sometidos ó réxime xurídico establecido para os estranxeiros con carácter xeral na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e neste regulamento, e non poderán obter autorización para establecérense ou traballaren en España, sen prexuízo do previsto no artigo 79.1.a) deste regulamento.

#### Artigo 55. *Familiares dos estudantes estranxeiros.*

1. Os estranxeiros que obtivesen un visado para estudos que conduzan á obtención dun título con validez académica ou para investigación, ou que se encontren en España no réxime de estudos regulado no artigo anterior poderán solicita-los correspondentes visados de estadía para que os seus familiares entren e permanezan legalmente en España durante a duración dos ditos estu-

dios ou investigación, non esixíndose un período previo de estadía ó estudante estranxeiro, e podendo solicitarse os ditos visados en calquera momento desde a solicitude do visado de estudos polo estudante ou investigador.

2. O termo «familiar» entenderase referido, para estes efectos, ó cónxuxe e fillos menores de dezaioito anos ou incapacitados, podendo estenderse, excepcionalmente, a outros familiares se concorren circunstancias de carácter humanitario que o xustificuen.

3. Os familiares do estudante ou investigador estranxeiro dotados do visado referido solicitarán, xa en España, unha autorización de estadía para permaneceren legalmente en territorio español durante o mesmo período, con idéntico estatuto que o estudante ou investigador, e vinculada ó dito estatuto.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

##### INDOCUMENTADOS

#### Artigo 56. *Estranxeiros indocumentados.*

1. Nos supostos de estranxeiros indocumentados, contemplados no artigo 34.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, procederáse na forma prevista neste artigo e no seguinte.

2. A petición de documentación deberá efectuarse tan pronto como se tivese producido a indocumentación ou a caducidade da documentación anterior.

3. A petición deberá presentarse, persoalmente e por escrito, na Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación da Dirección Xeral da Policía ou nunha xefatura superior, comisaría provincial, comisaría local de policía, ou oficina de estranxeiros.

4. Nas dependencias policiais en que efectúe a súa presentación, o interesado exhibirá os documentos de calquera clase, aínda que estiveren caducados, que puidesen constituír indicios ou probas de identidade, procedencia, nacionalidade, se é o caso, e circunstancias persoais, para efectos de que esas dependencias os indiquen na información que leven a cabo, e acreditará que non pode ser documentado pola misión diplomática ou oficina consular correspondente, se concorre esta circunstancia, mediante acta notarial que permita deixar constancia do requirimento efectuado e non atendido.

No caso dos solicitantes de permiso de residencia por circunstancias excepcionais, eximirase o solicitante da presentación de acta notarial para acreditar que non pode ser documentado pola misión diplomática ou oficina consular correspondente, nos casos en que se alegasen razóns graves que impidan a súa comparecencia naquelas, podendo pedirse, para estes efectos, informe da Oficina de Asilo e Refuxio.

5. Para efectos de realización da dita información, o interesado deberá facilita-las referencias de que dispoña e colaborar diligentemente coas dependencias policiais instructoras, para levar a cabo a súa comprobación.

6. Unha vez realizada a información inicial, sempre que o estranxeiro non estea incurso en ningún dos supostos de prohibición de entrada en España a que se refire este regulamento ou de expulsión do territorio español, determinados no artigo 57 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, se desexa permanecer en territorio español, o subdelegado do Goberno, ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, na comunidade autónoma en que se encontre outorgaralle un documento de identificación provisional, que o habilitará para permanecer en España durante tres meses, período no que as xefaturas superiores e comisarías provinciais ou locais de policía deben completa-la información sobre os seus antecedentes.

7. O ministro do Interior poderá adoptar, nestes supostos, por proposta da Dirección Xeral da Policía,

por razóns de seguranza pública, con carácter individual, algunha das medidas previstas no artigo 5 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

8. Completada a información, salvo que o estranxeiro se encontrase incurso nalgún dos supostos de prohibición de entrada ou de expulsión, logo de aboamento das taxas fiscais que legalmente correspondan, o subdelegado do Goberno, ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, no caso de que aquel desexe permanecer en España, disporán a súa inscrición nunha sección especial do Rexistro de Estranxeiros e dotarano dunha cédula de inscrición nun documento impreso, que deberá renovarse anualmente e as características da cal determinará o Ministerio do Interior. A Dirección Xeral da Policía expedirá certificacións ou informes sobre os puntos que figuren na dita sección especial para a súa presentación ante calquera outra autoridade española.

9. En caso de denegación da solicitude, unha vez notificada esta formalmente, procederáse á súa devolución ó país de procedencia ou á súa expulsión do territorio español, na forma prevista na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e neste regulamento.

10. O estranxeiro ó que lle fose concedida a cédula de inscrición poderá solicita-lo correspondente permiso de residencia, conforme o disposto na sección 20 deste capítulo.

11. A cédula de inscrición perderá vixencia, sen necesidade de resolución expresa, cando o estranxeiro sexa documentado por algún país ou este adquira a nacionalidade española ou outra distinta.

12. A entidade pública que exerza a tutela de menores estranxeiros indocumentados representará o menor en tódalas actuacións necesarias para a súa documentación.

#### Artigo 57. *Título de viaxe para saída de España.*

1. Ós estranxeiros que se encontren en España e que xustificando documentalmente unha necesidade excepcional de saír do territorio español non poidan proveerse de pasaporte propio, por encontrárense nalgún dos casos expresados no artigo 34.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, unha vez practicados os trámites regulados no artigo anterior, a Dirección Xeral da Policía poderalles expedir un título de viaxe con destino ós países que se especifiquen, prevendo o regreso a España salvo que o obxecto do título de viaxe sexa exclusivamente posibilita-lo retorno do solicitante ó país de nacionalidade ou residencia deste, neste caso, o documento non conterá autorización de regreso a España.

2. O título de viaxe terá a vixencia máxima e limitacións que en cada caso concreto se determinen para a súa utilización que nel se exprese, e expedirase conxuntamente o modelo que se determine por orde do Ministerio do Interior.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup>

##### REXISTRO CENTRAL DE ESTRANXEIROS

#### Artigo 58. *Número de identidade de estranxeiro.*

1. De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, os estranxeiros que obteñan calquera clase de prórroga de estadía ou documento que os habilite para permanecer en territorio español, aqueles ós que se lles incoase un expediente administrativo en virtude do disposto na normativa sobre estranxeiría e aqueles que, polos seus

intereses económicos, profesionais ou sociais, se relacionen con España, serán dotados, para efectos de identificación, dun número persoal, único e exclusivo, de carácter secuencial.

2. O número persoal será o identificador do estranxeiro, que deberá figurar en tódolos documentos que se lle expidan ou tramiten, así como nas dilixencias que se estampen no seu pasaporte ou documento análogo.

3. O número de identidade do estranxeiro (NIE) deberá ser outorgado de oficio, pola Dirección Xeral da Policía, nos supostos mencionados no número 1 deste artigo, salvo no caso dos estranxeiros que se relacionen con España, por razón dos seus intereses económicos, profesionais ou sociais, que deberán solicitar da dita Dirección Xeral a asignación do indicado número, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que non se encontren en España en situación irregular.
- b) Que xustifiquen documentalmente os motivos polos que solicitan a asignación do dito número.

4. O disposto no número anterior será tamén de aplicación para a solicitude dos certificados de residente e de non residente, expedidos pola Dirección Xeral da Policía.

#### Artigo 59. *Documentación de estranxeiros.*

1. Tódolos estranxeiros que contén cun permiso ou autorización para permanecer en España serán dotados dun documento no que constará o tipo de permiso ou autorización que se lles concedese. O Ministerio do Interior dictará as disposicións necesarias para determinar as características do dito documento, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría.

A tarxeta de estranxeiro é o documento exclusivo destinado a documentar os estranxeiros en situación de permanencia legal en España, para o cal os destinatarios del deberán cumprilas actuacións que se establezan para a súa entrega.

Esta tarxeta acredita a permanencia legal dos estranxeiros en España, a súa identificación e que se concedeu, de acordo coa normativa vixente, a autorización ou se recoñeceu o dereito para permanecer en territorio español por un tempo superior a tres meses.

A tarxeta de estranxeiro é persoal e intransferible, correspondendo ó seu titular a custodia e conservación do documento.

Non obstante, os fillos ou representados menores de idade non emancipados ou incapacitados poderán figurar na tarxeta correspondente ó pai, nai ou representante legal, se así o solicitan estes, sen prexuízo de que aqueles poidan ser titulares dun documento independente.

2. O titular da tarxeta de estranxeiro non poderá ser privado do documento, salvo nos supostos de extinción dos efectos da autorización por calquera das causas establecidas legal ou regulamentariamente, ou de perda do dereito a permanecer en territorio español.

3. Os estranxeiros están obrigados a conservar o pasaporte ou documento co que efectuasen a súa entrada en España e, se é o caso, o documento ó que se refire o número primeiro deste artigo, así como a exhibilos cando fosen requiridos polas autoridades ou os seus axentes.

4. A tarxeta de estranxeiro terá idéntico período de vixencia que a autorización ou o recoñecemento do dereito que xustifique a súa expedición, perdendo a súa validez cando se produza a da citada autorización, por calquera das causas regulamentariamente establecidas no seu réxime de aplicación ou, se é o caso, a perda do dereito para permanecer en territorio español.

Cando finalizase o prazo de vixencia da tarxeta, se acordase a renovación da autorización ou, se é o caso, do recoñecemento a permanecer en territorio español, ou se perdese o dereito que xustificou a súa expedición, os estranxeiros titulares dela están obrigados a entregar o documento na comisaría de policía ou nos servicios policiais nas oficinas de estranxeiros, correspondentes ó lugar onde residan, incluídos aqueles que pertencen ó réxime de asilo, salvo que estean domiciliados en Madrid, caso no que deberán facelo na Oficina de Asilo e Refuxio.

O extravío, destrución ou inutilización da tarxeta de estranxeiro, así como a modificación de calquera das circunstancias, tanto persoais como laborais e familiares do seu titular que determinaron a súa expedición, levarán consigo a expedición de nova tarxeta, por instancia do interesado, que non se considerará renovación e terá vixencia polo tempo que lle falte por caducar á que substitúa.

As modificacións que impliquen alteración do réxime de permanencia legal en España do titular da tarxeta de estranxeiro, así como da súa situación laboral, determinarán a expedición de nova tarxeta adaptada ó cambio ou alteración producido, coa vixencia que determine a resolución que conceda as ditas notificacións.

5. Corresponde á Dirección Xeral da Policía a organización e xestión dos servicios de expedición das tarxetas de estranxeiros e, a través destes, nas comisarías de policía ou oficinas de estranxeiros nas que se tramitase o expediente administrativo ou se practicasese a notificación pola que se recoñece o dereito ou se autoriza para permanecer en España, a súa expedición e entrega ó interesado, quen deberá acreditar ante elas se-lo destinatario do documento e ter realizado o pagamento das taxas fiscais legalmente establecidas.

A expedición e entrega das tarxetas de estranxeiros por concesión de asilo dos domiciliados en Madrid será realizada polos servicios policiais na Oficina de Asilo e Refuxio.

6. Será aplicable ós documentos mencionados a normativa vixente sobre presentación e anotación nas oficinas públicas do documento nacional de identidade, normativa que terá carácter supletorio das normas sobre utilización en España dos documentos de identidade dos estranxeiros.

#### Artigo 60. *Rexistro Central de Estranxeiros.*

1. Existirá, na Dirección Xeral da Policía, un Rexistro Central de Estranxeiros no que se anotarán:

- a) Declaración de entrada.
- b) Documentos de viaxe.
- c) Prórrogas de estadia.
- d) Exencións de visado.
- e) Cédulas de inscrición.
- f) Permisos de residencia.
- g) Permisos de traballo e autorizacións para traballar.
- h) Inadmisións a trámite, concesións e denegacións de asilo.
- i) Concesións e denegacións do estatuto de apátrida.
- j) Cambios de nacionalidade, domicilio ou alteracións de circunstancias familiares ou laborais determinantes da súa situación xurídica.
- k) Limitacións de estadia.
- l) Medidas cautelares adoptadas, infraccións administrativas cometidas e sancións impostas no marco da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e deste regulamento.
- m) Denegacións e prohibicións de entrada no territorio nacional e os seus motivos.

- n) Prohibicións de saída.
- o) Expulsións administrativas ou xudiciais.
- p) Devolucións.
- q) Saídas obrigatorias.
- r) Autorizacións de regreso.
- s) Certificacións de número de identidade de estranxeiro.

t) Autorizacións de entrada e estadía.

2. Igualmente, na Dirección Xeral da Policía, existirá un Rexistro de Menores Estranxeiros en situación de legal desamparo para efectos puramente identificadores, no que se conterá:

- a) Nome e apelidos, nome dos pais, lugar de nacemento, nacionalidade, última residencia no país de procedencia.
- b) A súa impresión decadactilar.
- c) Fotografía.
- d) Centro de acollida onde resida.
- e) Organismo público baixo a protección do cal se encontre.
- f) Resultado da proba ósea de determinación da idade, segundo informe da clínica médico forense.
- g) Calquera outro dato de relevancia para os citados efectos identificadores.

Os servicios competentes de protección de menores ós que se refire o artigo 35 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, cando teñan coñecemento de que un menor estea en situación de desamparo, deberán comunicar, o máis axiña posible, á Dirección Xeral da Policía, a través dos seus órganos periféricos, os datos que coñezan relativos á identidade do menor conforme o disposto no parágrafo anterior.

3. A información contida no Rexistro ó que se refire o número 1 deste artigo será posta ó dispor dos órganos das administracións públicas para o exercicio de competencias en materia de estranxeiría, así como dos interesados, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, e nas súas normas de desenvolvemento.

4. Os órganos que adopten as resolucións e outorguen os documentos a que se refire o número 1 deste artigo deberán dar conta diso, para efectos da súa anotación neste rexistro.

#### Artigo 61. *Cambios e alteracións de situación. Comunicación.*

1. Os estranxeiros titulares de permiso ou tarxeta que acredite a súa permanencia legal en España virán obrigados, no prazo dun mes, a pór en coñecemento da oficina de estranxeiros ou comisaría de policía correspondente ó lugar onde residan os cambios de nacionalidade e de domicilio habitual, así como, cando proceda, as modificacións das circunstancias familiares ou daquelas outras establecidas legal ou regulamentariamente para a obtención dos permisos correspondentes. Tamén nese mesmo prazo deberán comunicar á autoridade competente as alteracións da súa situación laboral, cando proceda. Esta comunicación deberá ir acompañada dos documentos que acrediten os ditos cambios.

2. Así mesmo, os estranxeiros ós que se refire o número anterior, sempre que foren requiridos polas autoridades competentes, deberán comunicar a estas, dentro dun prazo de quince días, contados desde a data do requirimento, as modificacións das circunstancias determinantes da súa situación, na forma prevista nas leis.

3. No requirimento, as autoridades referidas deberán mencionalos preceptos legais que autoricen para esixila comunicación e nos que se atribúa a aquelas competencias con tal obxecto.

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup>

#### MENORES ESTRANXEIROS

#### Artigo 62. *Menores estranxeiros en situación de desamparo.*

1. Nos supostos en que as forzas e corpos de Seguridade do Estado teñan coñecemento de ou localicen un estranxeiro indocumentado do que non poida ser establecida con seguranza a minoría de idade, informarán os servicios de Protección de Menores para que, se é o caso, lle presten a atención inmediata que precise, de acordo co establecido na lexislación de protección xurídica do menor, pódose o feito en coñecemento inmediato do Ministerio Fiscal, que disporá a determinación da súa idade, para o que colaborarán as institucións sanitarias oportunas que, con carácter prioritario e urxente, realizarán as probas necesarias.

2. Determinada a idade, se se tratase dun menor, o Ministerio Fiscal porao ó dispor dos servicios competentes de Protección de Menores.

3. Se durante o procedemento de determinación da idade o menor precisase atención inmediata, as forzas e corpos de Seguridade do Estado solicitaranllo ós servicios competentes de Protección de Menores.

4. A Administración xeral do Estado, conforme o principio de reagrupamento familiar do menor, despois de ter oído o menor, e logo de informe dos servicios de Protección de Menores, resolverán o que proceda sobre o retorno ó seu país de orixe ou a aquel onde se encontrasen os seus familiares, ou, no seu defecto, sobre a súa permanencia en España.

O procedemento será iniciado de oficio pola Administración Xeral do Estado ou, se é o caso, por proposta da entidade pública que exerce a tutela do menor. O órgano encargado da tutela do menor débelle facilitar á autoridade gubernativa calquera información que coñeza relativa á identidade do menor, á súa familia, ó seu país ou ó seu domicilio, así como comunica-las xestións que puidese realizar para localizala familia do menor.

A autoridade gubernativa porá en coñecemento do Ministerio Fiscal tódalas actuacións levadas a cabo neste procedemento.

A Administración xeral do Estado é a competente para levar a cabo os trámites relativos á repatriación desde España dun menor estranxeiro en situación de desamparo, segundo a lexislación civil, actuando a través das delegacións e subdelegacións do Goberno, e estas por medio das brigadas provinciais de Estranxeiría e Documentación, que se porán en contacto coa Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación para que realice as xestións necesarias ante as embaixadas e consulados correspondentes, co fin de localizalos familiares dos menores ou, no seu defecto, os servicios de protección de menores do seu país de orixe que se fixeren responsables deles. Se non existise representación diplomática en España, estas xestións canalizaranse a través do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Unha vez localizada a familia do menor ou, no seu defecto, os servicios de protección de menores do seu país, procederase á repatriación trala verificación de que non existe risco ou perigo para a integridade do menor, da súa persecución ou a dos seus familiares.

No caso de que o menor se encontrase incurso nun proceso xudicial, a repatriación quedará condicionada á autorización xudicial. En todo caso deberá constar no expediente a comunicación ó Ministerio Fiscal.

A repatriación do menor será acordada polo delegado do Goberno ou polo subdelegado do Goberno, cando tiveren a competencia delegada para iso, e executada polos funcionarios do Corpo Nacional de Policía.

A repatriación efectuarase á custa da familia do menor ou dos servicios de protección de menores do seu país. En caso contrario, comunicaráselle ó representante diplomático ou consular do seu país para estes efectos. Subsidiariamente, a Administración xeral do Estado farase cargo do custo da repatriación.

5. Transcorridos nove meses desde que o menor foi posto ó dispor dos servicios competentes de Protección de Menores a que se refire o número 2 deste artigo, e unha vez intentada a repatriación coa súa familia ou ó país de orixe, se esta non foi posible, procederáse a outorgarlle o permiso de residencia ó que se refire o artigo 35.4 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

6. Se se trata de menores solicitantes de asilo, observarase o disposto no parágrafo cuarto do artigo 15 do Regulamento de execución da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

#### Artigo 63. *Programas de desprazamento temporal de menores estranxeiros.*

A vinda de menores estranxeiros a España, en programas promovidos e financiados polas administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro ou fundacións, por razóns humanitarias para estadias temporais con fins de escolarización, tratamento médico ou disfrute de vacacións, necesitará a autorización expresa de quen ostente a patria potestade ou tutela, así como informe previo favorable do subdelegado do Goberno, ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, no territorio das que vaian permanecer. Será preciso o informe do órgano da comunidade ou comunidades autónomas competente en materia de protección de menores, emitido por iniciativa da entidade promotora do programa.

Os ministerios de Asuntos Exteriores e de Interior coordinarán e autorizarán a vinda e estadía destes menores, e este último departamento controlará o regreso deles ó país de orixe ou de procedencia.

En tódolos casos, se os menores van ser acollidos por familias ou persoas individuais, estas deberán expresar por escrito o seu coñecemento de que a acollida do menor non ten por obxecto a adopción e o seu compromiso de favorecer o retorno ó seu país de orixe ou de procedencia.

A estadía temporal por estudos acabará ó finalizalo curso académico, momento en que, salvo que razóns excepcionais o impidan, o menor deberá regresar ó seu país. No caso de que se desexa continua-los estudos por máis dun curso académico, deberase incluí-lo menor nun novo programa.

Os requisitos e esixencias deste artigo entenderanse cumpridos, para efectos da concesión do visado, a través do informe favorable do subdelegado do Goberno ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, a que se refire o primeiro parágrafo deste artigo.

### CAPÍTULO III

#### Permiso de traballo e réximes especiais

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### NORMAS XERAIS

#### Artigo 64. *Ámbito de aplicación.*

1. O traballo e réxime de establecemento laboral dos estranxeiros en España regularase polo establecido

no capítulo III do título II da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e neste capítulo.

2. Para os efectos de aplicación deste regulamento considérase traballador estranxeiro toda persoa física que, carecendo de nacionalidade española, exerza ou trate de exercer en España unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea.

#### Artigo 65. *Continxente de traballadores estranxeiros.*

1. Corresponde ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a proposta de determinación do número e as características das ofertas de emprego que anualmente poidan ser cubertas por traballadores estranxeiros, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Para os efectos de determinar anualmente o número de traballadores estranxeiros que se precisen, segundo ámbitos territoriais e sectores de actividade concretos, a comisión executiva provincial ou insular do INEM analizará cada ano o conxunto dos postos de traballo que as organizacións empresariais consideren que non poderán cubrirse no mercado de traballo nacional, así como a situación xeral de emprego da provincia, e elaborará unha proposta que especifique o número e as características profesionais dos traballadores que se requiran, segundo os sectores de actividade. Naquelas comunidades autónomas nas que non se transferisen os servicios públicos de emprego, formará parte da dita comisión un representante da comunidade autónoma correspondente. A Dirección Xeral de Ordenación das Migracións poderá participar con voz pero sen voto nas reunións de tales comisións.

3. A proposta da Comisión Executiva será elevada ó subdelegado do Goberno ou ó delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, quen, co informe correspondente, a remitirá á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións.

Para a determinación final do continxente, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais considerará a estimación do número de ofertas que serán cubertas por persoas ás que non se lles aplica a situación nacional de emprego, conforme o previsto no número 1 do artigo 71 deste regulamento.

4. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, tendo en conta as propostas e informes mencionados nos números 2 e 3 deste artigo, as propostas elevadas ó Goberno polas comunidades autónomas, de acordo co artigo 39 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, así como os datos que se desprendan doutros informes elaborados ó respecto, en especial doutros departamentos ministeriais, procederá a elaborala proposta de determinación dun continxente, que será presentada ante a Comisión Interministerial de Estranxeiría para que esta informe sobre a procedencia de elevar ó Goberno a aprobación do dito continxente, sen prexuízo da posta en marcha dos programas máis adecuados para promover a mobilidade xeográfica.

5. O Goberno procederá a adoptalo acordo correspondente, logo de audiencia do Consello Superior de Política de Inmigración e das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, que coñecerán a proposta de determinación do continxente a que se refire o número 4 deste artigo, unha vez informada pola Comisión Interministerial de Estranxeiría.

6. A distribución do continxente en cada provincia efectuarase, no marco dos criterios fixados polo acordo do Goberno que aprrobe o continxente, coa colaboración da comisión executiva provincial a que se refire o número 2 deste artigo. Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións orientar sobre os mecanismos para permitila selección dos traballadores nos países



de orixe, tendo en conta, se é o caso, os convenios ou acordos internacionais subscritos nesta materia, podendo participar nesta selección os empresarios ou as súas organizacións.

7. Os contratos de traballo que se xestionen a través do continxente deberán conter, ó menos, os aspectos previstos no artigo 2.2. do Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo.

8. Os contratos de traballo que se xestionen a través do continxente deberán ser asinados por estranxeiros que non se achen nin sexan residentes en territorio español.

9. O continxente que se fixe para a actividade do servizo doméstico terá en conta as especiais condicións desta relación laboral.

10. A tramitación dos permisos de traballo e residencia seguirá as normas xerais deste capítulo, a excepción da xestión das ofertas de emprego polos servizos públicos de Emprego, coas particularidades que o Goberno introduza para adapta-la xestión do continxente ás necesidades do mercado de traballo nacional.

11. As solicitudes de permisos de traballo relativas a ofertas de emprego que poidan cubrirse a través do continxente anual tramitaranse por este procedemento, salvo nos supostos regulados nos artigos 68, 71 e 79 deste regulamento.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

### AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES LUCRATIVAS

#### Artigo 66. *Necesidade de autorización para a realización de actividades lucrativas.*

1. Os estranxeiros maiores de dezaseis anos que desexen exercer en España calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea, deberán obter a correspondente autorización administrativa para traballar, conforme o disposto no número 1 do artigo 36 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Conforme o previsto no número 3 do artigo 36 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, ningún empregador ou empresario poderá contratar un estranxeiro que non estea autorizado para traballar en España, salvo que fose exceptuado da obriga de proveerse do permiso de traballo, de acordo co previsto no artigo 41 da mesma lei orgánica ou de acordo co previsto nos tratados e convenios internacionais celebrados por España.

3. A autorización para traballar acreditarase co correspondente permiso de traballo, autorización administrativa ou mediante os documentos que especificamente se determinan.

4. Así mesmo, habilitará para o exercicio dunha actividade lucrativa, laboral ou profesional o documento de identidade dos apátridas que se achen en territorio nacional, dos refuxiados e dos familiares a quen se autorizase a residencia.

5. Cando circunstancias especiais o aconsellen, a Dirección Xeral de Ordenación das Migracións poderá conceder validez de permiso de traballo a aqueles documentos oficiais ou privados que reúnan as condicións que se determinen.

6. Facúltase o Ministerio de Asuntos Exteriores, de acordo co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para determina-las condicións que deben cumprilas persoas comprendidas no ámbito de aplicación do artigo 2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, para efectos de realizar actividades lucrativas.

#### Artigo 67. *Empregadores non residentes en España.*

Cando a empresa ou empregador por conta dos cales realice a súa actividade o traballador estranxeiro, non teña a súa residencia en España, deberá designar un representante en España que garanta o cumprimento das obrigas legais.

#### Artigo 68. *Excepcións ó permiso de traballo.*

1. Serán exceptuadas da obriga de obter permiso de traballo para o exercicio das actividades que motivan a excepción as persoas que, estando incluídas no artigo 41 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, cumpran as condicións que se establecen neste artigo:

a) Técnicos, investigadores e científicos estranxeiros, invitados ou contratados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, en especial os de investigación, as comunidades autónomas ou os entes locais.

Terán esta consideración os profesionais estranxeiros que polos seus coñecementos, especialización, experiencia ou práctica científica sexan invitados ou contratados por calquera das administracións citadas para o desenvolvemento dunha actividade ou programa técnico, científico ou de interese xeral.

Tamén terán esta consideración os licenciados en medicina e cirurxía estranxeiros que, estando en posesión do correspondente título español ou estranxeiro debidamente homologado, realicen estudos de especialización en España, segundo regulación específica.

b) Profesores, técnicos, investigadores e científicos estranxeiros invitados ou contratados por unha universidade española. Considéranse como tales os docentes estranxeiros que, estando en posesión da titulación académica adecuada, sexan invitados ou contratados por unha universidade española para desenvolver tarefas lectivas.

c) Persoal directivo ou profesorado estranxeiro de institucións culturais ou docentes dependentes doutros Estados, ou privadas, de acreditado prestixio. Poderán beneficiarse da excepción os estranxeiros en quen concorran as circunstancias seguintes:

1. Ocuparen postos de dirección ou de docencia e limita-la súa ocupación ó exercicio da indicada actividade en institucións culturais ou docentes estranxeiras radicadas en España.

2. Cando se trate de institucións culturais ou docentes dependentes doutros estados, deberán desenvolver en España a súa actividade de forma que os estudos cursados, programas desenvolvidos e os títulos ou diplomas expedidos teñan validez e sexan recoñecidos polos países dos que dependan.

3. Se se trata de institucións privadas, considerarase acreditado o prestixio cando a entidade e as actividades realizadas fosen oficialmente recoñecidas e autorizadas polas autoridades competentes, e os títulos ou diplomas que expidan teñan recoñecemento internacional.

d) Funcionarios civís ou militares de administracións estatais estranxeiras. Estarán incluídos nestes supostos os funcionarios públicos civís ou militares de administracións estatais estranxeiras que fosen designados polos seus respectivos estados para realizaren en España actividades encadradas nun acordo de cooperación no que a Administración española sexa parte.

e) Correspondentes de medios de comunicación estranxeiros. Terán esta consideración os profesionais da información ó servizo de medios de comunicación estranxeiros que desenvolvan a súa actividade informativa en España, debidamente acreditados polas autori-

dades españolas, xa sexa como correspondentes ou como enviados especiais.

f) Membros de misións científicas internacionais que realicen traballos e investigacións en España autorizados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Terán esta consideración os estranxeiros que formen parte dunha misión científica internacional que se desprace a España para realizar actividades de estudo ou investigación programadas por un organismo ou axencia internacional, e autorizadas polas autoridades competentes.

g) Os artistas que veñan a España a realizar actuacións concretas que non supoñan unha actividade permanente nin continuada. Estarán incluídas neste suposto as persoas que, de forma individual ou colectiva, se despracen a España para realizar unha actividade artística, directamente ante o público ou destinada á gravación de calquera tipo para a súa difusión, en calquera medio ou local destinado habitual ou accidentalmente a espectáculos públicos ou actuacións de tipo artístico.

As actividades que se realicen non poderán superar cinco días continuados de actuación ou vinte días de actuación descontinua nun período de doce meses.

h) Ministros, relixiosos ou representantes das diferentes igrexas e confesións. Terán esta consideración as persoas en quen concorran os seguintes requisitos:

1. Que pertencen a unha igrexa ou confesión que figure debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza.

2. Que teñan, logo de verificación do Ministerio de Xustiza, a condición de ministros do culto, relixiosos ou representantes das distintas igrexas e confesións, tendo profesado ou realizado os estudos requiridos para iso, segundo as normas internas das mesmas e se achen investidos e facultados para o exercicio do seu ministerio ou para a administración dos sacramentos.

3. Que as actividades que vaian desenvolver en España sexan estritamente relixiosas, por estaren relacionadas de forma directa co culto, seren meramente contemplativas ou responderen á misión propia e característica da orde.

4. Que non pretendan desenvolver actividades retribuídas, aínda que se correspondan coa misión da súa igrexa ou confesión, nin sexan persoas vinculadas cunha orde, confesión ou relixión que aínda non profesasen, mesmo que temporalmente realicen actividades de carácter pastoral, así como os estudantes, postulantes, novicios e asociados, aínda que leven a cabo actividades encamiñadas a adquirir posteriormente a condición de ministros, sacerdotes ou relixiosos, ou realicen unha actividade ou servizo temporal en cumprimento dos seus estatutos relixiosos.

i) Os estranxeiros que formen parte dos órganos de representación, goberno e administración dos sindicatos homologados internacionalmente, sempre que limiten a súa actividade a funcións estritamente sindicais.

Terán esta consideración as persoas que acrediten a súa condición mediante certificación expedida por quen deteña a máxima representación do sindicato no seu país de residencia.

2. A vixencia do recoñecemento da excepción adaptase á duración da actividade ou programa que se desenvolva, co límite dun ano na concesión inicial, de dous na primeira renovación e doutros dous anos na seguinte renovación, se subsisten as circunstancias que motivaron a excepción.

3. O feito de ter sido titular dunha excepción de permiso de traballo non xerará dereitos para a obtención

dun permiso de traballo por conta propia ou allea de carácter inicial.

4. Os españois de orixe que perdesen a nacionalidade española quedan exceptuados da obriga de obter permiso de traballo para o exercicio de calquera actividade lucrativa por conta propia ou allea.

#### Artigo 69. *Modalidades e tipos de permisos de traballo.*

O permiso para traballar en España poderá revestilas modalidades e os tipos seguintes:

1. Modalidade de permiso de traballo por conta allea:

a) Tipo B (inicial): este tipo de permiso poderá limitarse a un sector ou actividade e ámbito xeográfico concretos, sen prexuízo do dereito previsto para os residentes estranxeiros no artigo 5 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000. A súa validez será dun ano.

b) Tipo B (renovado): o permiso de tipo B (renovado) permite desenvolver calquera actividade en todo o territorio nacional durante un período de dous anos. Poden obter este permiso os titulares dun permiso tipo B (inicial) ó termo da súa vixencia.

c) Tipo C: o permiso de tipo C permite desenvolver calquera actividade en todo o territorio nacional. Ten unha validez de dous anos. Poden obter este permiso os titulares dun permiso tipo B (renovado) ó termo da súa vixencia.

2. Modalidade de permiso de traballo por conta propia:

a) Tipo D (inicial): este tipo de permiso poderá limitarse para o exercicio dunha actividade concreta e para un ámbito xeográfico determinado, sen prexuízo do dereito previsto para os residentes estranxeiros no artigo 5 da Lei orgánica 4/2000 reformada, pola Lei orgánica 8/2000. A súa validez será dun ano.

b) Tipo D (renovado): o permiso de tipo D (renovado) autoriza o exercicio de calquera actividade en todo o territorio nacional durante un período de dous anos. Poden obter este permiso os titulares dun permiso tipo D (inicial) ó termo da súa vixencia.

c) Tipo E: o permiso de tipo E autoriza para desenvolver calquera actividade en todo o territorio nacional. Ten unha validez de dous anos. Poden obter este tipo de permiso os titulares dun permiso tipo D (renovado), ó termo da súa vixencia.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

##### RÉXIME DE CONCESIÓN INICIAL E RENOVACIÓN DOS PERMISOS

#### Artigo 70. *Concesión inicial de permisos de traballo.*

1. Por conta allea.

1.1 Sen prexuízo do establecido noutros artigos deste regulamento, para a concesión dos permisos de traballo por conta allea teranse en conta os elementos seguintes:

a) Insuficiencia de traballadores en todo o territorio nacional, tanto españois como comunitarios ou estranxeiros autorizados para traballar, capacitados para o desempeño da profesión ou posto de traballo solicitado pola empresa.

b) Que a xestión da oferta de emprego presentada necesariamente ante o servizo público de emprego, se conclúe con resultado negativo. A este respecto, o servizo público de emprego encargado da xestión emitirá, nun prazo máximo de quince días, certificación na que

se exprese a inexistencia de demandantes de emprego dispoñibles para atende-la oferta.

No obstante, para os efectos desta alínea b), a autoridade competente para resolver sobre o permiso de traballo poderá substituí-la esixencia deste certificado individual por unha certificación xenérica do servizo público de emprego, sobre a inexistencia de traballadores dispoñibles para ocupar determinados postos de traballo, tendo en conta o resultado da xestión de ofertas similares nos tres meses anteriores. Esta certificación terá validez durante dous meses.

Corresponde ó empregador ou empresario acreditar que, previamente á solicitude de permiso de traballo inicial, instou a xestión da oferta.

c) O réxime de reciprocidade existente no país de orixe do estranxeiro.

1.2 Na zona fronteiriza dun Estado limítrofe tamén se terá en conta a existencia de traballadores fronteirizos capacitados para o desempeño da profesión ou posto de traballo solicitado pola empresa.

1.3 Poderán concederse permisos de traballo por conta allea nos termos que resulten das propostas que para tal efecto poidan formula-los servizos públicos de emprego correspondentes. As ditas propostas especificarán o ámbito sectorial e territorial ó que deban restrinxirse os permisos de traballo que se outorguen ó seu abeiro e complementarán as previsións de man de obra estranxeira que se tivesen en conta na fixación do continxente de traballadores estranxeiros ó que se refire o artigo 65 deste regulamento, sen que os permisos outorgados por este procedemento computen para efectos dos citados continxentes.

2. Por conta propia.—Para a concesión dos permisos de traballo por conta propia tomaranse en consideración os elementos seguintes:

a) Incidencia da actividade que se vai realizar na creación de emprego, achega de capital, novas tecnoloxías ou mellora das condicións de produción.

b) Suficiencia do investimento para levar a cabo a explotación do proxecto.

c) Que o solicitante reúne a cualificación profesional esixible, así como que acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa específica, aplicable ós nacionais para a apertura e normal funcionamento da actividade de que se trate.

d) O réxime de reciprocidade existente no país de orixe do estranxeiro.

e) A concorrencia dos supostos a que se refire o artigo 71.1, alíneas a) á g), deste regulamento.

3. Para efectos deste artigo, a reciprocidade entenderase e aplicarase como resultado do conxunto de disposicións favorables ou limitativas a que os españois sexan sometidos noutros países, tanto para permitir ou non o seu acceso ó mercado de traballo como para exercer-la súa actividade profesional, ou respecto dos prazos de vixencia dos permisos iniciais que expidan ós españois.

#### Artigo 71. *Supostos específicos para a concesión de permisos de traballo.*

1. Non se considerará a situación nacional de emprego para a concesión de permiso de traballo ós estranxeiros que acrediten encontrarse incluídos nalgún dos seguintes supostos:

a) Ser cónxuxe ou fillo de estranxeiro residente en España cun permiso renovado.

b) Ser titular dunha autorización previa de traballo da que se pretenda a renovación.

c) Ter gozado da condición de refuxiados durante o ano seguinte á cesación do estatuto, sempre que non lles sexa de aplicación a excepción á obriga de obter o permiso de traballo por encontrarse no suposto previsto no número 1 do artigo 42 deste regulamento.

d) Ter sido recoñecido como apátrida e ter perdido tal condición, sempre que se encontren en territorio nacional e non lles sexa de aplicación a excepción á obriga de obter o permiso de traballo por encontrarse no suposto previsto no número 1 do artigo 42 deste regulamento.

e) Ter ó seu cargo ascendentes ou descendentes de nacionalidade española.

f) Ter nacido e ser residente en España.

g) Ser fillo ou neto de español de orixe.

h) Os menores estranxeiros en idade laboral con permiso de residencia que sexan tutelados pola entidade de protección de menores competente, para aquelas actividades que, a criterio da mencionada entidade, favorezan a súa integración social e unha vez acreditada a imposibilidade de retorno coa súa familia ou ó país de orixe.

i) Os estranxeiros titulares dun permiso de residencia polo procedemento previsto no artigo 41.2, b) e c), deste regulamento.

2. Tampouco se aplicará a situación nacional de emprego para os seguintes casos:

a) Os traballadores que fosen designados para cubrir postos de confianza. A este respecto, considérase que ocupan postos de confianza aqueles traballadores que desempeñen unicamente actividades propias de alta dirección por conta da empresa que os contrate, baseadas na recíproca confianza e que exerzan legalmente a representación da empresa ou teñan espedido ó seu favor un poder xeral.

Terán a mesma consideración os traballadores altamente cualificados que, tendo coñecemento esencial para a realización do investimento, sexan especialistas ou desempeñen funcións relacionadas coa dirección, xestión e administración necesarias para o establecemento, desenvolvemento ou liquidación do citado investimento. Estes traballadores deben posuír acreditada experiencia na realización das ditas funcións ou ter realizado traballos en postos similares na empresa investidora ou no grupo de empresas no que pode estar integrada esta última.

b) Os traballadores necesarios para a montaxe ou reparación dunha instalación ou equipos productivos importados.

#### Artigo 72. *Renovación de permisos de traballo.*

1. Enténdese por renovación tanto a prórroga dun permiso anterior como a concesión, sen solución de continuidade, doutro permiso de traballo de distinto tipo.

2. Para a renovación dos permisos de traballo por conta propia terase en consideración o cumprimento por parte do traballador, como suxeito responsable, das obrigas fiscais e de Seguridade Social inherentes ó exercicio da actividade económica de que se trate, así como a continuidade no exercicio da actividade.

3. Tratándose dun permiso de traballo por conta allea, este renovarase á súa expiración, se se acredita a continuidade na relación laboral que deu lugar á concesión do permiso que se vai renovar.

Tamén procederá a renovación do permiso de traballo por conta allea cando, aínda que non subsista a relación laboral anterior, o traballador subscribise un contrato de traballo cun novo empresario ou empregador e figure en situación de alta ou asimilada á de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

No caso de contar cunha nova oferta de emprego, deberase acreditar a realización habitual de actividade laboral no período de vixencia do permiso que se solicita renovar, figurando en situación de alta ou asimilada á de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

4. Os descubertos na cotización á Seguridade Social non impedirán a renovación dos permisos de traballo por conta allea, sempre que se acredite a realización habitual da actividade. A autoridade competente porá en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social a situación de descuberto na cotización para efectos de que se leven a cabo as actuacións que procedan.

5. A autoridade competente renovará os permisos de traballo nas seguintes situacións:

a) Cando o estranxeiro veña percibindo unha prestación contributiva por desemprego, ó menos polo tempo de duración da dita prestación.

b) Cando se perciba unha prestación económica asistencial de carácter público destinada a logra-la súa inserción ou reinserción social ou laboral, ó menos durante o prazo de duración dela.

6. Igualmente procederá a renovación do permiso de traballo cando se solicite o cambio da modalidade do mesmo.

Cando o cambio sexa de conta allea a conta propia, ademais dos requisitos esixidos para o inicio do exercicio da actividade profesional, deberá cumprirse o establecido no último parágrafo do número 3 deste artigo, no que respecta á acreditación de actividade laboral durante a vixencia do permiso anterior.

Cando o cambio sexa de conta propia a conta allea, ademais de contar coa correspondente oferta de emprego que xustifique o cambio de modalidade do permiso de traballo, deberá acreditarse o establecido no número 2 deste artigo, coa excepción da continuidade no exercicio da actividade.

7. Os estranxeiros titulares dun permiso de residencia como cidadán comunitario ou familiar de comunitario, ou como refuxiado ou apátrida, ou nos supostos previstos nos números 2.d) e 3 do artigo 41 deste regulamento, cando cesasen en tal condición, poderán obter, se cumpren os requisitos establecidos para o efecto, un permiso de traballo por conta allea ou por conta propia do tipo que corresponda en función do tempo traballado como titular daqueles permisos de residencia.

### Artigo 73. *Modificación dos permisos de traballo.*

1. A autoridade que concede o permiso de traballo tipo B ou D (iniciais) ou a competente por razón de ámbito territorial poderá modifica-lo seu alcance canto á actividade e ámbito xeográfico autorizados, sempre por petición do seu titular e mediante resolución motivada.

2. Igualmente procederá a modificación dos permisos de traballo, de conta allea a propia e á inversa, cando se trate de permisos xa renovados.

3. Cando se solicite unha modificación do permiso de traballo B (inicial) por cambio de sector ou actividade teranse en conta as circunstancias previstas no número 1 do artigo 70 deste regulamento.

4. O novo permiso non se considerará renovación e terá vixencia unicamente durante o tempo que lle restase ó permiso que substitúe.

### Artigo 74. *Denegación dos permisos de traballo.*

1. A autoridade competente denegará o permiso de traballo tipo B (inicial) nos supostos seguintes:

a) Cando o aconselle a situación nacional de emprego, sen prexuízo dos supostos específicos establecidos neste regulamento.

b) Cando as condicións fixadas no contrato de traballo ou oferta de emprego que acompaña a solicitude fosen inferiores ás establecidas pola normativa vixente para a mesma actividade, categoría e localidade, e no caso de a contratación ser a tempo parcial, cando pola duración da prestación de servizos a retribución sexa inferior ó salario mínimo interprofesional.

c) Cando a petición para empregar traballadores estranxeiros sexa formulada por persoa non autorizada legalmente para residir ou traballar en España ou cando non designase representante en España, caso de residir no estranxeiro.

d) Cando nos doce meses inmediatamente anteriores á data de solicitude, a empresa amortizase os postos de traballo que pretende cubrir por despedimento declarado xudicialmente nulo ou improcedente ou recoñecido como tal en acto de conciliación, ou despedimentos realizados no marco dos artigos 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

e) Cando o empregador solicitante fose sancionado mediante resolución firme por incumprimento da lexislación social, en particular, a relativa a inmigración, nos últimos tres anos.

f) Cando o contrato de traballo ou a oferta de emprego sexa formulada por empresario aparente, non fiquen acreditada a capacidade ou solvencia do empresario para facer fronte ás obrigas dimanantes do contrato ou non se garanta ó traballador unha actividade continuada durante a vixencia do permiso de traballo.

g) Cando, para fundamenta-la petición, se presentasen documentos falsos ou formulado alegacións inexactas.

h) Cando o informe previo gubernativo sexa desfavorable.

i) Cando lle fose denegado o visado de residencia para traballar ou a súa exención.

j) Cando se careza da titulación especial esixida para o exercicio da profesión concreta ou da homologación ou da colexiación cando así se requira.

k) Cando concorran calquera outra causa que sexa considerada motivo suficiente pola autoridade competente, mediante resolución debidamente motivada.

2. Serán causas de denegación do permiso de modalidade D (inicial) as seguintes:

a) Cando se considere que a actividade proxectada non favorece a creación de postos de traballo nin implica unha chegada de capital que poida contribuír ó crecemento da economía nacional.

b) Cando non se demostre que se está en disposición de facer fronte ó investimento da actividade proxectada.

c) A falta da tramitación e cumprimento dos requisitos que a lexislación esixe para a apertura e funcionamento da actividade de que se trate.

d) Se se aprecia a concorrencia dalgún ou algúns dos motivos sinalados nas alíneas g), h), i), j) e k) do anterior número.

3. Denegarase as solicitudes de permisos de traballo de modalidade B e D (renovados) e de tipo C ou E, con carácter xeral, cando non se acrediten os requisitos esixidos para a renovación, de acordo co disposto nos números 2 e 3 do artigo 72 deste regulamento ou concorran circunstancias encadrables nos supostos recollidos nos números 1 e 2 deste artigo, excepto o establecido no número 1, alíneas a) e k).

### Artigo 75. *Extinción dos permisos de traballo.*

O permiso de traballo extinguirase por resolución motivada da autoridade competente para a súa conce-

sión, conforme os trámites previstos no Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que non eran certas as alegacións presentadas para xustificar a solicitude.
- b) Que as condicións impostas para a súa concesión non se cumprisen.
- c) Que se dictase resolución sancionadora firme pola que se extinguen as prestacións que deron lugar á renovación do permiso de traballo, segundo o establecido no número 5 do artigo 72 deste regulamento.

Da resolución darase traslado á autoridade gobernativa, para efectos de que resolva o que proceda en relación coa autorización de residencia.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

##### RÉXIMES ESPECIAIS

#### Artigo 76. *Permiso por conta propia ou allea para traballadores transfronteirizos. Tipo F.*

Concederáselles este tipo de permiso ós traballadores que, residindo na zona fronteiriza dun estado limítrofe ó que regresan diariamente, desenvolven actividades lucrativas, laborais ou profesionais por conta propia ou allea nas zonas fronteirizas do territorio español ás que estará limitado o seu ámbito xeográfico. Terá unha vixencia máxima de cinco anos e será renovable.

Na súa concesión inicial e sucesivas renovacións aplícarase o disposto nos artigos 70, 71 e 72 deste regulamento, que fixan os requisitos e condicións para a concesión do permiso de traballo e a renovación del no réxime xeral.

O feito de ter sido titular dun permiso de traballo tipo F non xerará dereito para a obtención dun permiso de traballo por conta propia ou allea, inicial ou renovado.

Este permiso de traballo renovarase á súa expiración en canto o titular continúe en activo e subsistan as circunstancias que motivaron a súa concesión.

Denegaranse os permisos de tipo F, ademais de pola concorrencia dalgunha das causas xerais establecidas no artigo 74 deste regulamento, pola perda da condición de traballador fronteirizo e poderán extinguirse de acordo co establecido no artigo 75 deste regulamento.

#### Artigo 77. *Permiso de traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos. Tipo G.*

1. Autoriza a realización dunha actividade lucrativa, en caso de desprazamento temporal dun traballador estranxeiro que dependa, mediante expresa relación laboral, dunha empresa establecida nun estado non pertencente á Unión Europea nin ó Espacio Económico Europeo, nos seguintes supostos:

a) Cando o desprazamento se produza por conta e baixo a dirección da empresa, en execución dun contrato celebrado entre ela e o destinatario da prestación de servizos que estea establecido ou que exerza a súa actividade en España, no suposto establecido na disposición adicional cuarta da Lei 45/1999, do 29 de decembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.

b) Cando se trate de desprazamento a un centro de traballo en España da propia empresa estranxeira ou doutra empresa do grupo de que forme parte.

2. Para a concesión deste permiso de traballo terase en conta a situación nacional de emprego, sen prexuízo do establecido no artigo 71 deste regulamento e o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que a residencia do traballador estranxeiro no país onde radica a empresa que o despraza sexa estable e regular.
- b) Que a actividade profesional do traballador estranxeiro no país no que radica a empresa que o despraza teña carácter habitual, como mínimo dun ano de duración e ó servizo de tal empresa, ó menos, nove meses.
- c) Que a empresa que o despraza exerza unha actividade lícita consonte a normativa nacional en materia de emprego de estranxeiros.
- d) Que a empresa que o despraza garanta ós seus traballadores desprazados temporalmente a España os requisitos e condicións de traballo previstos na Lei 45/1999, do 29 de novembro.

3. Este permiso de traballo poderá limitarse a unha actividade e ámbito xeográfico concretos. A súa duración coincidirá co tempo do desprazamento do traballador co límite dun ano, prorrogable polo mesmo período se se acreditan idénticas condicións.

4. Quedan expresamente excluídos deste tipo de permiso de traballo os desprazamentos realizados con motivo do desenvolvemento de actividades formativas que non respondan a unha prestación de servizos transnacional e o persoal navegante respecto das empresas da mariña mercante.

5. Será causa de denegación do permiso de traballo, ademais do incumprimento dalgún dos requisitos previstos neste artigo, a concorrencia dalgunha circunstancia encadrable nos supostos recollidos no artigo 74 deste regulamento e poderá extinguirse de acordo co establecido no artigo 75 deste regulamento.

#### Artigo 78. *Permiso de traballo de temporada.*

O permiso de traballo de temporada poderá ser dos seguintes tipos:

1. Tipo A.—Este tipo de permiso de traballo autoriza a realización de actividades de duración limitada, entre elas, a montaxe de plantas industriais ou eléctricas, construción de infraestructuras, edificacións e redes de fornecemento eléctrico, gas, ferrocarrís e telefónicos, instalacións e mantementos de equipos productivos, así como a súa posta en marcha e reparacións. Poderá limitarse a unha actividade e ámbito xeográfico concretos.

A súa duración coincidirá coa do contrato de traballo, co límite dun ano. Poderá prorrogarse en función da duración da actividade que motivou o dito contrato.

Para obter este tipo de permiso de traballo é necesario cumprilas seguintes condicións:

- a) Que as ofertas de emprego non puidesen ser cubertas por traballadores que se encontren en todo o territorio nacional, xa sexan españois, comunitarios ou estranxeiros autorizados para traballar, sen prexuízo do establecido no artigo 71 deste regulamento.
- b) Que os estranxeiros se encontren residindo no exterior no momento en que se pretenda contratarlos.
- c) Que se formalice o contrato de traballo nun momento anterior á entrada do traballador en España.
- d) Que o empresario ou a súa organización asuma ademais das obrigas derivadas da lexislación laboral española, especificamente as seguintes:

1.<sup>a</sup> Dispor dun aloxamento adecuado, que reúna as condicións previstas na normativa en vigor en materia de aloxamento. Esta obriga poderá exceptuarse en virtude das condicións da actividade laboral.

2.<sup>a</sup> Garanti-la actividade continuada durante a vixencia do permiso de traballo.

3.<sup>a</sup> Organiza-las viaxes de chegada a España e de regreso ó país de orixe, asumindo, como mínimo, o custo da primeira de tales viaxes e os gastos de traslado de ida e volta entre o posto de entrada a España e o lugar do aloxamento.

e) Que o traballador estranxeiro se comprometa a retornar ó país de orixe, unha vez concluída a relación laboral.

2. Tipo T.—Este permiso de traballo autoriza a realización de actividades ou servicios de temporada ou campaña e poderá limitarse a unha actividade e ámbito xeográfico concretos. A súa duración coincidirá coa do contrato de traballo, non podendo exceder de nove meses, dentro dun período de doce meses consecutivos.

Para obter este tipo de permiso de traballo é necesario cumprí-las seguintes condicións:

a) Que as ofertas de emprego non puidesen ser cubertas por traballadores que se encontren en todo o territorio nacional, xa sexan españois, comunitarios ou estranxeiros autorizados para traballar, sen prexuízo do establecido no artigo 71 deste regulamento.

b) Que os estranxeiros se encontren residindo no exterior no momento en que se pretenda contratalos.

c) Que se formalice o contrato de traballo nun momento anterior á entrada do traballador en España.

d) Que o empresario ou a súa organización asuma ademais das obrigas derivadas da lexislación laboral española, especificamente as seguintes:

1.<sup>a</sup> Dispor dun aloxamento adecuado, que reúna as condicións previstas na normativa en vigor en materia de aloxamento.

2.<sup>a</sup> Garanti-la actividade continuada durante a vixencia do permiso de traballo.

3.<sup>a</sup> Organiza-las viaxes de chegada a España e de regreso ó país de orixe, asumindo, como mínimo, o custo da primeira de tales viaxes e os gastos de traslado de ida e volta entre o posto de entrada a España e o lugar do aloxamento.

e) Que o traballador estranxeiro se comprometa a retornar ó país de orixe, unha vez concluída a relación laboral. Para efectos de verifica-lo retorno deberá presentarse na mesma misión diplomática ou oficina consular que lle expediu o visado no prazo dun mes desde o termo da súa autorización de permanencia en España. O incumprimento desta obriga poderá ser causa de denegación de posteriores solicitudes doutros tipos de permisos de traballo.

O cumprimento por parte do traballador das súas obrigas, así como a acreditación do seu regreso ante a autoridade diplomática ou consular competente, daralle prioridade para ocupar outras posibles ofertas que se xeren na mesma actividade. O feito de ter sido contratado para traballar en actividades de temporada durante catro anos, consecutivos ou non, será un elemento que se terá en consideración para a concesión dun permiso de traballo B inicial.

3. Será causa de denegación do permiso de traballo, ademais do incumprimento dalgún dos requisitos previstos neste artigo, a concorrencia dalgunha circunstancia encadrable nos supostos recollidos no artigo 74 deste regulamento e cando o empresario non actuase diligentemente para garanti-lo regreso dos traballadores ó seu país de orixe e poderá extinguirse de acordo co establecido no artigo 75 deste regulamento.

4. Cando a duración do permiso de traballo sexa inferior a seis meses, o visado de estada especial será documento suficiente para legaliza-la situación do traballador en España.

#### Artigo 79. *Autorizacións para traballar.*

1. Autorízanse para traballar sen contempla-la situación nacional de emprego os estranxeiros que sexan titulares dos documentos que se relacionan especificamente no caso dos seguintes colectivos:

a) Os estranxeiros documentados con autorización de estada por estudos: estes estranxeiros poderán ser excepcionalmente autorizados a realizaren actividades lucrativas laborais, sempre que estas actividades sexan compatibles coa realización dos estudos e os ingresos obtidos non teñan o carácter de recurso necesario para o seu sustento ou estada.

Os contratos deberán formalizarse por escrito e axustaranse á modalidade de contrato de traballo a tempo parcial ou, de se-la xornada completa, a súa duración non poderá supera-los tres meses nin coincidir cos períodos lectivos.

A autorización que se conceda non terá limitacións xeográficas, salvo que a actividade lucrativa coincida con períodos lectivos, caso en que se limitará ó ámbito territorial de residencia do seu titular.

A vixencia da autorización coincidirá coa duración do contrato de traballo e non poderá ser superior á da duración da tarxeta de estudante, a perda de vixencia da cal será causa de extinción da autorización.

As autorizacións para traballar renovaranse se subsisten as circunstancias que motivaron a concesión anterior, logo de acreditación de terse obtido a renovación da tarxeta de estudante.

b) Os estranxeiros titulares dun permiso de residencia temporal nos supostos previstos nos números 2.d) e 3 do artigo 41 deste regulamento.

A autorización que se conceda permitirá o exercicio dunha actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea, e poderá limitarse a unha actividade e ámbito xeográfico concretos.

A duración da autorización coincidirá coa vixencia do permiso de residencia por circunstancias excepcionais, sendo causa de extinción dela a perda de validez deste permiso.

A autorización poderá ser renovada logo de acreditación de ter obtido a renovación do permiso de residencia por circunstancias excepcionais.

c) Os estranxeiros autorizados a permanecer en España mediante documento de solicitante de asilo ó abeiro do previsto no artigo 13.2 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

Estes estranxeiros poderán ser autorizados para traballar cando decorresen seis meses sen terse resolto a súa solicitude por circunstancias non imputables a eles.

A autorización que se conceda habilitará para o exercicio dunha actividade lucrativa por conta allea nunha actividade e ámbito xeográfico determinados.

A duración da autorización coincidirá coa do contrato de traballo, co límite de seis meses e a súa vixencia estará condicionada á do documento de asilo.

A autorización será renovada se subsisten as circunstancias que determinaron a súa concesión inicial, logo de acreditación de ter obtido a renovación dos documentos de solicitante de asilo.

A denegación da solicitude de asilo producirá automaticamente a extinción da autorización para traballar.

No caso de a denegación de asilo vir acompañada do acordo ó que se refire o número 3 do artigo 31 do Regulamento de aplicación da Lei de asilo, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, poderá concederse a este acordo validez de autorización para traballar.

d) Os nacionais de estados non pertencentes á Unión Europea nin ó Espacio Económico Europeo enrolados en buques españois inscritos no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras ou en buques españois en virtude de acordos internacionais de pesca marítima.

Concederáse validez de autorización para traballar ó enrolamento dos traballadores estranxeiros en buques inscritos no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras dedicados a navegación de cabotaxe, exterior ou extranacional, sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo quinta, punto 6, alínea a), da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do estado e da mariña mercante.

No caso da navegación de cabotaxe, tanto peninsular como insular, deberá acredita-la empresa titular da actividade, con carácter previo ó enrolamento, que a xornada de traballo, descanso, tempo de embarque, condicións salariais e Seguridade Social son as esixidas legalmente para os traballadores españois. Esta acreditación realizarase ante a autoridade laboral para a expedición da autorización para traballar, sen prexuízo da comprobación que a través do procedemento de despacho de buques poidan exercer as capitanías marítimas.

Para os efectos do parágrafo anterior entenderase por cabotaxe o definido no artigo 2.1, a) e c), do Regulamento (CEE) 3577/92, do 7 de decembro.

No caso dos estranxeiros enrolados en buques españois en virtude de acordos internacionais de pesca marítima, concederáselle validez de autorización para traballar ó duplicado da notificación de embarque ou renovación do contrato de tripulantes estranxeiros en buques españois.

e) Os estranxeiros que realicen prácticas profesionais e de formación cando concorran as seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Que empresas españolas ou estranxeiras residentes en España ofrezan realizar prácticas profesionais ou de formación que habiliten para o exercicio profesional ou o desempeño dun oficio ou posto de traballo determinado.

2.<sup>a</sup> Que as persoas estranxeiras interesadas sexan nacionais de países cos que España teña subscrito convenios ou acordos internacionais nesta materia ou de países que de feito ofrezan facilidades ós españois para realizar prácticas profesionais no seu territorio.

3.<sup>a</sup> Que as prácticas profesionais se realicen nunha actividade directamente relacionada cos estudos realizados, ou co oficio ou posto de traballo que se vaia desempeñar.

4.<sup>a</sup> Que se formalice un contrato de traballo segundo as modalidades previstas pola lexislación laboral española para as prácticas e a formación.

A autorización concederáse polo tempo de vixencia do contrato de traballo, co límite de doce meses, prorrogables excepcionalmente por outros seis meses, e non xerará dereitos para a obtención dun permiso de traballo por conta propia ou allea de carácter inicial.

2. Será causa de denegación, ademais do incumprimento dalgún dos requisitos previstos neste artigo, a concorrencia dalgunha circunstancia encadrable nos supostos recollidos no artigo 74 deste regulamento. A autorización para traballar poderá extinguirse de acordo co establecido no artigo 75 deste regulamento.

## SECCIÓN 5.<sup>a</sup>

### NORMAS DE PROCEDEMENTO

**Artigo 80.** *Suxeitos lexitimados para solicita-la concesión inicial dos permisos de traballo e residencia ou a súa renovación.*

Están lexitimados para solicitar un permiso de traballo e residencia:

a) O empresario ou empregador que pretenda emprega-lo estranxeiro, cando se trate do exercicio de actividades laborais por conta allea.

b) O empresario ou empregador, beneficiario da prestación de servizos realizados por traballadores estranxeiros, no suposto previsto no número 1.a) do artigo 77 deste regulamento.

c) A persoa que ostente a representación ou actúe por delegación do empresario ou empregador residente no estranxeiro, no suposto contemplado no artigo 67 deste regulamento.

d) O propio estranxeiro, cando se trate dun permiso de traballo para o exercicio de actividades por conta propia e nos supostos de renovación dos permisos de traballo.

**Artigo 81.** *Documentación necesaria para a concesión inicial do permiso de traballo ou a súa renovación.*

1. Para a concesión inicial do permiso de traballo, xunto ó modelo oficial de solicitude, presentaranse os documentos seguintes:

1.1 Referidos ó traballador estranxeiro:

a) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe, en vigor. No suposto de que estean caducados deberá achegarse copia deles e da solicitude de renovación.

b) Tres fotografías recentes en cor, en fondo branco, tamaño carné.

c) Aqueles documentos que xustifiquen que concorren, se son alegados polo interesado, algún ou algúns dos supostos específicos establecidos no artigo 71 deste regulamento.

d) A titulación ou acreditación de que se posúe a capacitación esixida para o exercicio da profesión, cando proceda.

1.2 En relación coa empresa que contrate traballadores:

a) O DNI ou CIF e documento de inscrición da empresa na Seguridade Social, ou documento acreditativo de encontrarse exento, e no caso de que a empresa estea constituída como persoa xurídica, documento público que outorgue a representación dela en favor da persoa física que formule a solicitude.

b) Contrato de traballo en que figuren, ó menos, os aspectos previstos no artigo 2.2 do Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, ou oferta de emprego formalizada no modelo establecido pola Dirección Xeral de Ordenación das Migracións.

c) Se é o caso, memoria descritiva das actividades da empresa e perfil do posto de traballo de que se trate, que xustifique a contratación ou desprazamento dos traballadores estranxeiros.

d) Igualmente, poderanse solicita-los documentos que se consideren necesarios para acredita-la capacidade ou solvencia do empregador para facer fronte ás obrigas dimanantes do contrato de traballo.

e) Certificados dos servicios públicos de emprego onde se recolla o resultado da xestión da oferta presentada.

1.3 Para solicitar un permiso de traballo por conta propia, ademais dos requisitos do número primeiro deste artigo, os interesados deberán achega-los documentos seguintes:

a) Proxecto do establecemento ou actividade que se vai realizar, con indicación do investimento previsto, a súa rendibilidade e postos de traballo de nova creación, salvo que se achegue xunto coa solicitude de visado.

b) Acreditación de que se solicitaron as autorizacións ou licencias esixidas para a instalación, apertura ou funcionamento da actividade proxeitada ou para o exercicio profesional. Antes da entrega do permiso deberá acreditarse que se dispón das autorizacións ou licencias esixidas.

1.4 Para a concesión dos permisos de tipo F, presentaranse os documentos sinalados nos números anteriores, en función da natureza da actividade que se vai desenvolver, e o certificado de residencia na zona limítrofe do país fronteirizo.

1.5 Para a concesión dos permisos de tipo G presentaranse os documentos sinalados nos números 1.1 e 1.2 anteriores, excepto as alíneas b) e e) deste último, xunto coa documentación acreditativa da relación de servicios entre as empresas, a existencia de relación laboral entre o traballador e a empresa de servicios e a documentación que xustifique o cumprimento das condicións previstas no artigo 77 deste regulamento.

2. Para a renovación dos permisos de traballo, ademais da solicitude do modelo oficial, deberán presentarse os seguintes documentos:

2.1 Permisos de traballo tipo B e D (iniciais) e a obtención dos permisos tipo C e E:

a) Copia do permiso de traballo e residencia anterior.

b) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe, en vigor. No suposto de estaren caducados, deberá achegarse copia deles e da solicitude de renovación.

c) Tres fotografías de idéntico formato ó esixido para a concesión inicial.

d) Habilitación profesional cando o exercicio da actividade así o esixa.

e) Contrato de traballo ou oferta de emprego, no suposto de traballadores por conta allea.

f) Cando se trate dunha actividade por conta propia, documentos acreditativos da inscrición e cotización da empresa á Seguridade Social, así como do cumprimento das obrigas fiscais.

g) Cando se trate de traballadores por conta allea, documentos acreditativos da afiliación, alta e cotización do traballador á Seguridade Social.

h) Cando se cambie de empresario ou de actividade por conta propia poderanse solicita-los correspondentes documentos previstos neste artigo.

i) Cando se trate das situacións previstas no número 5 do artigo 72 deste regulamento, documentación acreditativa desas situacións.

2.2 Para a renovación dos permisos de tipo F, ademais do modelo oficial de solicitude, será necesario achega-los documentos sinalados no número anterior, en función da natureza da actividade que se vai desenvolver, e o certificado de residencia na zona fronteiriza dun estado limítrofe.

3. O empresario ou empregador deberá facilitar ó traballador a documentación requirida para a modificación ou renovación do permiso de traballo.

*Artigo 82. Lugar, prazos, forma e efectos da presentación da solicitude de permiso de traballo.*

1. Cando o suxeito lexitimado consonte este regulamento se encontre en territorio español, a solicitude, ademais de nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, poderá presentarse:

a) Nas oficinas de rexistro das correspondentes delegacións e subdelegacións do Goberno.

b) Nas oficinas de estranxeiros.

c) Na Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, nos casos en que se trate de permisos de traballo a resolución dos cales estea atribuída ó dito centro directivo.

2. Cando o suxeito lexitimado se encontre en territorio estranxeiro, a solicitude poderá presentarse ante a misión diplomática ou oficina consular na demarcación do cal resida.

3. As solicitudes, cando se trate dunha primeira concesión, deberán presentarse en todo caso antes de iniciarse a actividade laboral, profesional ou prestación de servicios pretendida polo solicitante, sen que o exercicio da dita actividade poida iniciarse ata a notificación da concesión do permiso correspondente.

As renovacións dos permisos deberán solicitarse cunha anticipación dun mes á data do seu vencemento. Non obstante, poderá renovarse, como se se tratase dun permiso de traballo en vigor, cumpríndose tódolos requisitos esixidos, e sen prexuízo das sancións que procedan, sempre que se solicite durante os tres meses posteriores á data da súa expiración.

En ningún caso poderá concederse a renovación dun permiso de traballo transcorridos tres meses desde o seu vencemento ou se o interesado residiu máis de seis meses de forma continuada fóra de España.

4. A solicitude presentarse no modelo oficial que establezan os ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, acompañada dos documentos que en cada caso se determinan en función do tipo de permiso de que se trate.

5. Unha vez presentada a solicitude, expediráselle ó solicitante copia, como recibo, facéndose constar nel a solicitude formulada, así como a data e o lugar da súa presentación.

En caso de tratarse de solicitude de renovación de permiso de traballo presentada en prazo durante os tres meses posteriores á data da súa expiración, o recibo prorroga a validez do anterior e produce os seus mesmos efectos no ámbito laboral e da Seguridade Social ata a resolución do expediente.

*Artigo 83. Tramitación da solicitude do permiso de traballo e instrucción do procedemento.*

1. No caso dos permisos iniciais, sen prexuízo do establecido no artigo 84 deste regulamento, recibida a solicitude no rexistro do órgano competente para tramitala, procederase a identificar e sela-la oferta de emprego, devolvendo xunto coa comunicación de inicio do procedemento, e no mesmo acto, dúas copias da oferta ó solicitante, unha das cales deberá achegarse á solicitude do visado.

2. Recibida a solicitude, a autoridade competente procederá á instrucción do procedemento e á súa inmediata tramitación, pedindo os informes previstos neste regulamento.

3. Nas provincias onde exista oficina de estranxeiros, o procedemento será instruído e tramitado por esta,



e o xefe dela elevará á autoridade competente para resolve-la proposta de resolución, sen prexuízo da dependencia funcional da dita oficina da área ou xefe da dependencia de Traballo e Asuntos Sociais canto ós permisos de traballo.

4. Se a solicitude se presentase nunha misión diplomática ou oficina consular española, a dita dependencia, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, remitirá aquela, xunto co seu informe e a documentación correspondente, á autoridade competente, quen procederá á súa tramitación.

5. O órgano encargado de instruí-lo procedemento pedirá informe á autoridade gubernativa competente, achegando copia da folia da dita solicitude, sobre se existen razóns que impidan a concesión da residencia.

6. Cando o traballador estranxeiro non sexa residente legal en España, a autoridade competente non resolverá ata ter constancia de que a solicitude de visado foi presentada en forma na misión diplomática ou oficina consular correspondente, de conformidade co establecido nos artigos 7.1.c) e 17 deste regulamento, salvo que concorra algunha das causas de denegación previstas no artigo 74 do mesmo.

7. A autoridade competente, co obxecto de resolver adecuadamente as solicitudes de concesión de permisos de traballo, poderá solicita-los informes que xulgue necesarios, e, en particular, dos servicios municipais competentes no ámbito dos cales se desenvolva a actividade cando se trate do exercicio dunha actividade profesional por conta propia e dos servicios públicos de emprego cando se trate dos supostos previstos no artigo 77 deste regulamento.

Estes informes non serán vinculantes e deberán ser emitidos no prazo de quince días.

#### Artigo 84. *Inadmisión a trámite.*

A autoridade competente poderá resolve-la inadmisión a trámite da solicitude de permiso de traballo nos seguintes supostos:

1. Falta de lexitimación do solicitante.
2. Falta de competencia do órgano a quen se dirixe a solicitude.
3. Presentación da solicitude fóra do prazo legalmente establecido.
4. Cando se trate de reiteración dunha solicitude xa denegada, sempre que as circunstancias non variasen.
5. Cando o empresario ou empregador non acredite, se é o caso, que, con carácter previo, cumpríu coa obriga de xestionar-la oferta ante os servicios públicos de emprego.
6. A solicitude presentada utilizando procedementos inadecuados, de acordo co establecido neste regulamento.
7. Cando se trate de solicitudes manifestamente carentes de fundamento.

#### Artigo 85. *Competencia para resolve-lo expediente laboral.*

1. Corresponde ó subdelegado do Goberno ou ó delegado do Goberno nas comunidades uniprovinciais a competencia para resolver sobre os diferentes permisos de traballo establecidos neste regulamento, tanto para traballar por conta allea como por conta propia.

2. Cando se trate de permisos de traballo que habiliten para o exercicio dunha actividade en máis dun lugar ou centros de traballo establecidos en distintas comunidades autónomas, corresponderá a súa concesión ó subdelegado do Goberno ou ó delegado do Goberno nas comunidades uniprovinciais onde a empresa solicitante posúa centro de traballo ou o propio interesado,

caso de tratarse de traballador por conta propia, pretenda desenvolve-lo exercicio da súa actividade principal.

3. Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións a instrucción e resolución das solicitudes de permiso de traballo, presentadas por empresas con diversos centros de traballo en distintas provincias e un cadro de persoal superior a 100 traballadores, que tivesen centralizados os seus servicios administrativos en Madrid. Así mesmo, a Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, cando o considere pertinente, poderá avoca-lo coñecemento e resolución das solicitudes dos permisos de traballo establecidos neste regulamento.

#### Artigo 86. *Resolución do expediente laboral e notificación da resolución.*

1. Unha vez obtido o informe favorable da autoridade gubernativa, concluída a instrucción do expediente e cumprido o preceptivo trámite de audiencia do interesado, salvo que non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, a autoridade competente, á vista da documentación presentada e dos informes correspondentes, resolverá de forma motivada, outorgando ou denegando o permiso de traballo solicitado, debendo expresa-la dita resolución os recursos que contra ela proceden, órgano ante o que teñan de presentarse e prazo para interpoles.

2. Cando se trate dunha solicitude de permiso de traballo inicial e o estranxeiro se encontre fóra de España, se a resolución é favorable, a autoridade competente comunicarllo á Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Protección dos Españois no Estranxeiro para a concesión, se é o caso, do visado de residencia para traballar. En caso de que o interesado solicitase exención de visado, a autoridade gubernativa comunicará á autoridade laboral a correspondente resolución.

3. Así mesmo, a resolución favorable notificarase ó interesado con indicación das cantidades que corresponda aboar en concepto de taxas, permitíndose a partir da entrada legal en España do traballador interesado o inicio da actividade do traballador e a súa afiliación, alta e cotización á Seguridade Social, sen prexuízo de que posteriormente poida acordarse a denegación do permiso de residencia pola autoridade gubernativa, caso en que a resolución laboral quedará sen efecto. As cotas tributarias que corresponda aboar serán ingresadas polos suxeitos pasivos no prazo de oito días desde que se notifique a concesión do permiso de traballo, debendo remitirse acreditación do dito pagamento ó organismo que resolveu nun prazo de oito días desde a data en que se efectuou o pagamento.

4. Se a autorización fose para o exercicio de actividades laborais por tempo inferior a tres meses de duración, o permiso de traballo expedido pola autoridade competente será entregado, logo de notificación, directamente ó interesado, quen deberá comparecer no prazo de dez días ante a autoridade gubernativa para comunicar esa circunstancia. En caso contrario, o permiso de traballo expedido carecerá de validez.

5. Naqueles casos en que a autoridade laboral competente acorde denega-la solicitude do permiso de traballo, notificará a súa resolución directamente ó solicitante, comunicándollo, así mesmo, á autoridade gubernativa competente e, caso de existir solicitude de visado de entrada, ó Ministerio de Asuntos Exteriores.

6. No caso de que a solicitude fose presentada nunha embaixada ou oficina consular española, a resolución será notificada ó interesado pola mencionada dependencia, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores.

7. O prazo xeral máximo para resolver e notificar-las resolucións será de tres meses contados a partir do día

seguinte ó da data no que tivesen entrada as solicitudes no rexistro do órgano competente para tramitalas.

Transcorrido o dito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, salvo no caso das solicitudes de renovación de permiso de traballo que, transcorrido este prazo sen que a autoridade competente tivese dado resposta expresa, entenderase que a renovación foi concedida.

8. No caso de solicitudes de modificación de permiso de traballo, o prazo máximo para resolver e notificarla resolución será de corenta e cinco días a partir da data na que tivesen entrada as solicitudes no rexistro do órgano competente para tramitalas.

Transcorrido o dito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

#### Artigo 87. *Remisión á autoridade gubernativa e entrega da tarxeta.*

1. Unha vez dictada resolución sobre a solicitude de permiso de traballo, a autoridade competente remitirá copia daquela coa documentación relativa á residencia á autoridade gubernativa competente, para a concesión ou denegación do correspondente permiso de residencia.

2. A denegación da solicitude de permiso de traballo será causa de denegación do permiso de residencia que se solicita conxuntamente, sen prexuízo de que poida solicitarse un permiso de residencia non lucrativa ou continúe en vigor o permiso de residencia, se o tiver.

3. Serán competentes para a tramitación e resolución do permiso de residencia os órganos sinalados neste regulamento. Non obstante, naqueles supostos nos que resolva directamente, a Dirección Xeral de Ordenación das Migracións sobre a autorización para traballar, a autorización de residencia será resolta pola Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación da Dirección Xeral da Policía.

4. A resolución que se dicte sobre o permiso de residencia será comunicada inmediatamente pola autoridade que a acordase á autoridade que concedese o permiso de traballo.

5. Unha vez concedido o permiso de residencia, seralle entregada ó estranxeiro unha tarxeta individual acreditativa da autorización de residencia e do permiso de traballo, que deberá de retirar persoalmente, logo de xustificación de terse efectuado o ingreso das taxas e dereitos procedentes para a súa expedición, ou do inicio da vía de constrinximento para a exacción da taxa non ingresada pola empresa no prazo establecido.

6. Na renovación dos permisos de traballo, a solicitude de certificado acreditativo do silencio administrativo producido impulsará o traslado do expediente á autoridade competente para a resolución do permiso de residencia achegando copia do certificado emitido, sen prexuízo da obriga da autoridade competente de dictar resolución expresa se esta for confirmatoria da renovación solicitada, segundo dispón o número 4.a) do artigo 43 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

#### Artigo 88. *Compatibilidade no exercicio de actividades por conta propia e por conta allea.*

1. Os estranxeiros que desexen realizar simultaneamente actividades lucrativas por conta propia e allea deberán obte-las correspondentes autorizacións para traballar, de conformidade cos requisitos xerais establecidos neste regulamento, logo de acreditación da compatibilidade do exercicio de ámbalas actividades lucrativas, en relación co seu obxecto e características, duración e xornada laboral.

2. A autorización administrativa que se conceda para permiti-la compatibilidade do exercicio de activi-

dades laborais e profesionais terá unha duración equivalente ó período de vixencia do permiso de traballo do que fose titular o traballador estranxeiro, excepto no caso de que se conceda sobre a base dunha oferta de emprego de duración inferior.

3. A autoridade laboral dará traslado das autorizacións concedidas para traballar á autoridade gubernativa para a súa anotación no Rexistro Central de Estranxeiros, que deberá dar traslado diso ó delegado do Goberno, ou, se é o caso, ó subdelegado do Goberno na provincia.

#### Artigo 89. *Disposicións particulares para o procedemento dos permisos de temporada.*

1. O empresario ou a súa organización, tres meses antes do inicio da actividade laboral, dirixirán ás delegacións e subdelegacións do Goberno a solicitude para atende-las ofertas de emprego de temporada que non puidesen ser cubertas directamente a través dos servizos públicos de emprego. Estas ofertas deberán conter os aspectos a que se refire o Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, ademais das obrigas que derivan para o empresario que solicita permiso de traballo de temporada.

Para o efecto de fundamentala petición, o empresario ou a súa organización xuntará certificación emitida polo servizo público de emprego encargado da xestión da oferta na que se exprese a inexistencia de demandantes de emprego dispoñibles para atendela.

2. A área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais, unha vez realizadas as oportunas xestións, procederá a remitir no prazo dun mes á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, o correspondente expediente debidamente formalizado e co informe da comisión provincial respectiva presidida polo director de área ou xefe da dependencia de Traballo e Asuntos Sociais e integrada polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, pola comunidade autónoma respectiva e polos servizos públicos de emprego, sobre a imposibilidade de cubri-las ofertas con traballadores residentes en territorio español. A Dirección Xeral de Ordenación das Migracións poderá participar con voz pero sen voto nas reunións de tales comisións.

3. A Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, de acordo co resultado da análise da evolución do mercado de traballo no ámbito estatal e tendo en conta os informes emitidos pola área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais, decidirá sobre a procedencia da contratación de traballadores residentes no exterior, e orientará sobre os mecanismos para permiti-la selección dos traballadores nos países de orixe, tendo en conta, se é o caso, os convenios ou acordos internacionais subscritos nesta materia.

4. A área ou dependencia de Traballo e de Asuntos Sociais, unha vez coñecida a autorización por parte da Dirección Xeral de Ordenación das Migracións para contratar traballadores estranxeiros, procederá a requirir ó empresario ou a súa organización a presentación do contrato de traballo de temporada asinado por el, segundo modelo elaborado pola Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, ben como a documentación requirida no número 1.2.a), c) e d) do artigo 81 deste regulamento.

Cando se trate de contratos nominativos, a área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais devolverá ó empresario un exemplar do mesmo debidamente rexistrado e co número de enlace para visado asignado, de acordo co previsto no artigo 9 deste regulamento, para que este o faga chegar ó traballador para a súa sinatura e solicitude de visado.

5. A área ou dependencia de Traballo e de Asuntos Sociais remitirá os contratos xenéricos á consellería laboral e de asuntos sociais do país que corresponda, ou

ó organismo que se determine para efectos da selección dos traballadores, trámite no que poderá participa-lo empresario e posterior sinatura dos contratos. Cando a selección dos traballadores se realice en países cos que España teña subscritos convenios ou acordos internacionais na materia, procederase de acordo co establecido neles. De conformidade co previsto no artigo 9 deste regulamento, en cada contrato será estampado o correspondente número de enlace de visado.

6. Para os efectos do expediente de visado, terá valor de informe laboral a sinatura do contrato nominativo e do compromiso de retorno, cando este sexa esixible, polo traballador estranxeiro ante a oficina consular que deba recibila solicitude do visado. Igualmente terá valor de informe laboral favorable a sinatura do contrato xenérico e do compromiso de retorno, cando este sexa esixible, ante o organismo que se determine para cada caso no país en que deba presentarse a solicitude de visado. Este organismo remitirá o contrato xenérico asinado e o compromiso de retorno á oficina consular competente.

A sinatura do contrato e a subseguinte solicitude de visado deberán realizarse dentro do prazo dun mes desde a asignación do número de enlace de visado a cada contrato.

Non obstante, nos casos en que a oficina consular así o requira, a área de Traballo e Asuntos Sociais procederá a emitir informe laboral á Dirección Xeral de Asuntos Consulares e de Protección dos Españóis no Estranxeiro en relación coa dita solicitude.

7. Unha vez completado o expediente co contrato asinado por ámbalas partes e a documentación requirida no número 1.1.a) do artigo 81 deste regulamento, o subdelegado do Goberno ou o delegado do Goberno nas comunidades uniprovinciais, logo de proposta do director da área ou xefe da dependencia de Traballo e Asuntos Sociais, procederá a adopta-la correspondente resolución

8. A resolución laboral adoptada comunicaráselle oportunamente á autoridade gubernativa para a concesión, se procede, do permiso de residencia ou a verificación da legalidade da estadía.

9. O prazo máximo para resolver e notifica-las resolucións laborais será de corenta e cinco días contados a partir do día seguinte ó da data en que tivesen entrada as solicitudes de permiso de traballo no rexistro do órgano competente para tramitalas.

Transcorrido o dito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

10. A Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Protección dos Españóis no Estranxeiro remitirá á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións e esta pola súa vez á área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais información periódica sobre o cumprimento da obriga do retorno.

11. As áreas ou dependencias de Traballo e Asuntos Sociais remitirán á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións informe sobre a tramitación dos permisos de traballo concedidos, así como a avaliación realizada polo empresario.

12. Non serán precisos os trámites previstos nos números 1 e 2 deste artigo cando o empresario directamente ou a través da súa organización pretenda contratar traballadores que xa tivese contratado en campañas anteriores, tendo sido estes titulares dun permiso de traballo de temporada tipo T, e cando se trate de ofertas nominativas para a realización de actividades de duración limitada se o traballador foi seleccionado en virtude da súa especialización laboral e a oferta non se realiza no marco dunha contratación conxunta a un gru-

po de traballadores, sen prexuízo neste caso da xestión da oferta polos servizos públicos de emprego.

13. O empresario comunicará o contido dos contratos de traballo ó servizo público de emprego no prazo de dez días contados desde a incorporación do traballador ó seu posto de traballo.

#### Artigo 90. *Disposicións particulares para o recoñecemento da excepción do permiso de traballo.*

1. Suxeitos lexitimados para solicita-lo recoñecemento da excepción do permiso de traballo:

a) O organismo ou entidade oficial que invite, desprace ou contrate o estranxeiro.

b) A empresa ou institución para a que se vaia efectua-lo traballo ou actividade.

c) O propio estranxeiro, cando se trate de actividades por conta propia ou, no caso de traballadores por conta allea, cando a entidade lexitimada non solicite a excepción, así como nos supostos recollidos no número 1.i) e 4 do artigo 68 deste regulamento.

2. Documentación para a solicitude de excepción do permiso de traballo: para o recoñecemento da excepción do permiso de traballo deberán presentarse, xunto ó modelo oficial de solicitude, os documentos seguintes:

a) Referidos á persoa estranxeira: segundo o suposto de que se trate, ademais dos que con carácter xeral se establecen no artigo 81.1.1 deste regulamento:

Aqueles documentos que acrediten os coñecementos, a titulación que se posúe como profesor, técnico ou científico, a condición de funcionario ou relixioso, a acreditación como correspondente ou enviado especial de medio de comunicación estranxeiro, a designación para participar nun programa concreto ou misión científica internacional, a acreditación de que forma parte dos órganos de representación, goberno e administración do sindicato correspondente, expedida por quen ostente a máxima representación del no país da súa residencia, ou a certificación literal de nacemento, no suposto contemplado no número 4 do artigo 68 deste regulamento, cando a situación non dea lugar directamente a un permiso de residencia permanente.

b) Referidos ó organismo, empresa ou entidade que invita, despraza ou contrata:

1. Datos identificativos, así como o documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal e documento de inscrición da empresa na Seguridade Social, ou documento acreditativo de encontrarse exento.

2. Oferta de emprego, contrato, invitación ou documento que acredite o motivo do desprazamento da persoa estranxeira.

3. Memoria descritiva onde se especifique a natureza das actividades, as características delas ou do programa que se vai desenvolver e a súa duración.

4. Cando se trate do suposto previsto no número 1.c) do artigo 68 deste regulamento, acreditación de que a institución cultural ou docente está legalmente constituída e recoñecida oficialmente en España, e que os títulos ou diplomas que expide teñen validez no país de orixe ou recoñecemento internacional.

5. No caso previsto no número 1.h) do artigo 68 deste regulamento, certificación de que a igrexa ou confesión se encontra inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza.

3. Tramitación e resolución das solicitudes:

a) As normas sobre presentación de solicitudes, competencia, instrucción, resolución e renovación das

autorizacións serán as previstas con carácter xeral para os permisos de traballo neste regulamento.

b) Non obstante o anterior, na tramitación do expediente poderase demandar informes ós organismos seguintes:

1. Da Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, sobre a concorrencia ou non das circunstancias que determinen a inclusión no ámbito de aplicación correspondente.

2. Dos órganos competentes dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Sanidade e Consumo, cando se trate de persoal de institucións culturais ou docentes dependentes doutros estados ou privadas, de recoñecido prestixio ou se refira a licenciados en medicina e cirurxía, previstos no número 1.a) do artigo 68 deste regulamento.

3. Dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores, cando se trate de funcionarios desprazados en virtude de acordos de cooperación coa Administración española ou de membros de misións científicas internacionais.

4. No caso previsto no número 1.h) do artigo 68 deste regulamento, do Rexistro de Entidades Relixiosas, do Ministerio de Xustiza.

c) No suposto previsto no número 1.e) do artigo 68 deste regulamento, a Secretaría Xeral de Información comunicará de oficio á Dirección Xeral de Asuntos Consulares e de Protección dos Españóis no Estranxeiro, á área ou dependencia provincial de Traballo e Asuntos Sociais onde se vaia presenta-la solicitude de excepción, ou á oficina de estranxeiros, se é o caso, as acreditacións e cancelacións que se produzan no rexistro de correspondentes acreditados en España.

4. O prazo máximo para resolver e notifica-las resolucións será de tres meses contados a partir do día seguinte do da data no que tivesen entrada as solicitudes no rexistro do órgano competente para tramitalas.

Transcorrido o dito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, salvo no caso das solicitudes de renovación que, transcorrido o dito prazo sen que a autoridade competente dese resposta expresa, entenderase que a solicitude foi concedida.

#### Artigo 91. *Disposicións particulares para o procedemento de concesión de autorización para traballar.*

1. Suxeitos lexitimados para solicita-la autorización para traballar.

a) A empresa ou o empresario que pretenda contrata-los estranxeiros que reúnan as condicións que se establecen no artigo 79 deste regulamento.

b) O propio estranxeiro, cando se trate de actividades por conta propia ou, nos supostos recollidos no número 1.b) do artigo 79 deste regulamento.

2. Documentación para solicitar autorización para traballar.

2.1 Os colectivos que a seguir se enumeran deberán presentar, xunto ó modelo oficial de solicitude e a documentación esixida con carácter xeral para os permisos de traballo, os documentos seguintes:

a) Os estudantes.

1. Tarxeta de estudante en vigor ou solicitude de renovación.

2. Certificación expedida polo centro onde curse os estudos, relativa ó período e horario lectivo e das prácticas que, se é o caso, se realicen.

3. Contrato de traballo no que figuren, ó menos, os aspectos previstos no artigo 2.2 do Real decreto

1659/1998, do 24 de xullo. Cando o contrato sexa a tempo parcial, deberá expresa-lo número e distribución de horas ó día, á semana, ó mes ou ó ano durante as que o traballador vai presta-los seus servicios.

b) Os solicitantes de asilo: documento de solicitante de asilo.

c) Os estranxeiros autorizados para a realización de prácticas profesionais e de formación.

1. Aqueles documentos que xustifiquen que concorren as circunstancias sinaladas no número 1.e) do artigo 79 deste regulamento, e que posúe a titulación ou capacitación esixidas para o exercicio da profesión, se é o caso.

2. Contrato de traballo na súa modalidade de contrato en prácticas ou para a formación.

d) Os estranxeiros enrolados en buques españois que realicen navegación de cabotaxe insular.

1. Contrato de traballo no que figuren expresamente as condicións laborais e de Seguridade Social sinaladas no número 1.d) do artigo 79 deste regulamento.

2. Certificación da empresa titular da actividade que acredite o cumprimento das condicións recollidas no parágrafo anterior de acordo co convenio colectivo ou acordo de empresa aplicable, e especificando ademais o tipo de navegación, pavillón e rexistro do buque no que se enrolen os traballadores estranxeiros.

2.2 Os titulares dun permiso de residencia temporal, nos supostos previstos nos números 2.d) e 3 do artigo 41 deste regulamento, deberán presentar, xunto ó modelo oficial de solicitude os seguintes documentos:

a) Copia do pasaporte, documento de viaxe ou cédula de inscrición en vigor. No suposto de estaren caducados, deberá achegarse copia deles e da solicitude de renovación.

b) Permiso de residencia temporal en vigor ou solicitude de prórroga.

3. Competencia e procedemento para a concesión e renovación das autorizacións: as normas sobre competencia e procedemento serán as establecidas con carácter xeral para os permisos de traballo neste regulamento coas seguintes particularidades:

a) Os estudantes.

1. A entrega ó estudante estranxeiro da nova tarxeta, coa autorización para traballar, será realizada pola comisaría provincial de policía ou polos servicios policiais da oficina de estranxeiros, que deberá dar traslado diso ó delegado do Goberno ou, se é o caso, ó subdelegado do Goberno na provincia.

2. Cando a solicitude de autorización para traballar se presentase nos últimos tres meses de vixencia da tarxeta de estudante, ou a duración da autorización non sexa superior a tres meses, a acreditación da autorización que se conceda realizarase mediante a resolución administrativa correspondente.

3. A solicitude de renovación da autorización deberá presentarse con antelación dun mes á data da súa expiración.

b) Os solicitantes de asilo.

1. A concesión das autorizacións para traballar será competencia da Dirección Xeral de Ordenación das Migracións. Para estes efectos, se a solicitude se presentase nas delegacións ou subdelegacións do Goberno, ou nas oficinas de estranxeiros, deberá remitirse o expediente, debidamente informado, para a súa resolución á mencionada dirección xeral.

2. A fin de resolver adecuadamente estas solicitudes, solicitarase informe á Oficina de Asilo e Refuxio

sobre as circunstancias do expediente e a situación do interesado.

3. A Dirección Xeral de Ordenación das Migracións informará a Oficina de Asilo e Refuxio das resolucións adoptadas respecto das autorizacións para traballar solicitadas. Pola súa vez, esta oficina informará a Dirección Xeral de Ordenación das Migracións das resolucións que se dicten nos expedientes de asilo ós titulares dos cales lles foi concedida autorización para traballar.

c) Os titulares dun permiso de residencia temporal, nos supostos previstos nos números 2.d) e 3 do artigo 41 deste regulamento.

1. A autoridade laboral dará traslado das autorizacións concedidas para traballar á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación da Dirección Xeral da Policía, a través da comisaría provincial de policía ou dos servizos policiais da oficina de estranxeiros na provincia para a súa anotación no Rexistro Central de Estranxeiros.

2. A entrega ó estranxeiro da nova tarxeta, coa autorización para traballar, será realizada pola comisaría provincial de policía ou polos servizos policiais da oficina de estranxeiros, se existe na provincia, que deberá dar traslado diso ó delegado do Goberno ou, se é o caso, ó subdelegado do Goberno na provincia.

3. A solicitude de renovación de permisos de residencia temporal prorroga automaticamente a autorización para traballar ata que se dicte resolución expresa no expediente de renovación do permiso de residencia temporal, sen prexuízo do establecido no artigo 72.7 deste regulamento.

4. No suposto contemplado no número 3.d) do artigo 41 deste regulamento, a competencia para a tramitación e resolución da autorización para traballar corresponderá á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións.

4. O prazo máximo para resolver e notificar as resolucións será de tres meses contados a partir do día seguinte ó da data en que tivesen entrada as solicitudes no rexistro do órgano competente para tramitalas.

Transcorrido o dito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, salvo no caso das solicitudes de renovación que, transcorrido o dito prazo sen que a autoridade competente dese resposta expresa, entenderase que a solicitude foi concedida.

## CAPÍTULO IV

### Infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### PROCEDEMENTO SANCIONADOR

#### Artigo 92. *Normativa aplicable.*

1. O exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións administrativas previstas na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, axustarase ó disposto na mesma e na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999.

2. Non se imporá sanción ningunha por infraccións dos preceptos establecidos na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, senón en virtude de procedemento instruído para o efecto.

3. O procedemento aplicable para a imposición das sancións previstas na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, axustarase ó disposto na propia lei orgánica, ás normas previstas neste regulamento e, cando se trate dos supostos cualificados como infrac-

ción leve do artigo 52.c), grave do artigo 53.b), cando se trate de traballadores por conta propia, e moi grave do artigo 54.1.d) da citada lei orgánica, o procedemento aplicable será o previsto na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, e regulado no Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, e ó disposto nos artigos 133 e 134 deste regulamento.

En todo aquilo que non estea previsto neste regulamento será de aplicación supletoria o procedemento regulado no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

#### Artigo 93. *Actuacións previas.*

Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas con obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

#### Artigo 94. *Colaboración contra redes organizadas.*

1. Cando se encontre en curso un expediente sancionador e o expedientado for estranxeiro, o instructor, antes de efectuar a proposta definitiva ó órgano competente, se ten coñecemento dalgunha das circunstancias previstas no artigo 59 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, poderá propor a exención de responsabilidade e a non expulsión das persoas ás que se alude nel, en consideración á súa colaboración ou cooperación coas autoridades ou os seus axentes, proporcionando datos esenciais ou declarando nos procesos correspondentes, como vítima, prexudicado ou testemuña, ou denunciando ás autoridades competentes os autores e cooperadores dos tráfico ilícitos de seres humanos ós que o indicado precepto legal se refire.

Se se dictase resolución pola que se declare o expedientado exento de responsabilidade administrativa, a autoridade gubernativa competente poderá conceder, á escolla do estranxeiro, e co fin de facilitarlle a súa integración social, permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais de acordo co artigo 31 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, así como permiso de traballo e residencia ou facilitarlle o retorno ó seu país de procedencia. A concesión da dita documentación poderá ser revogada se o titular, durante o tempo que dure o procedemento no que é vítima, prexudicado ou testemuña, cesa na súa cooperación ou colaboración coas autoridades policiais ou xudiciais.

2. Durante o período de cooperación ou colaboración, a Administración competente que corresponda proporcionará ó estranxeiro a atención social e xurídica necesaria, sen prexuízo das medidas de protección que poida acordar-lo xuíz instructor segundo o establecido na Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais.

3. Cando o Ministerio Fiscal teña coñecemento de que un estranxeiro contra o que se dictou unha resolución de expulsión apareza nun procedemento penal

como vítima, prexudicado ou testemuña, e considere imprescindible a súa presenza para a práctica de dilixencias xudiciais, porao de manifesto á autoridade gubernativa para os efectos de que valore a inexecución da súa expulsión durante o tempo necesario. En caso de que xa tivese sido expulsado, procederase de igual forma para os efectos de que autorice o seu regreso a España durante o tempo necesario para poder practicalas dilixencias precisas, todo iso sen prexuízo de que se adopte algunha das medidas previstas na Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección de testemuñas e peritos en causas criminais.

**Artigo 95. *Iniciación do procedemento sancionador. Competencia.***

1. O procedemento sancionador será incoado de oficio polo órgano competente que teña noticias dos feitos que poidan constituír infraccións dos preceptos da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Serán competentes para ordenala incoación do procedemento sancionador os delegados do Goberno nas comunidades uniprovinciais, os subdelegados do Goberno, o comisario xeral de Estranxeiría e Documentación, o xefe superior de Policía, os comisarios provinciais e os titulares das comisarías locais e postos fronteirizos.

**Artigo 96. *Instructor e secretario.***

No acordo de incoación do procedemento nomearase instructor e secretario, que deberán ser funcionarios do corpo nacional de policía.

**Artigo 97. *Resolución.***

1. Os delegados do Goberno na comunidades autónomas uniprovinciais e os subdelegados do Goberno dictarán resolución motivada confirmando, modificando ou deixando sen efecto a proposta de sanción, e decidindo tódalas cuestións presentadas polos interesados e aquelas derivadas do procedemento.

2. A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica.

3. Para a determinación da sanción a impor, ademais dos criterios de graduación a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 55 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, valoraranse tamén, segundo o teor do artigo 57 da mesma, as circunstancias da situación persoal e familiar do infractor.

**Artigo 98. *Caducidade.***

O prazo máximo en que debe dictarse e notificarse a resolución que resolva o procedemento será de seis meses desde que se acordou a iniciación.

Transcorrido o dito prazo sen terse resolto e notificado a expresada resolución, producirase a caducidade do procedemento e procederase ó arquivo das actuacións, a solicitude de calquera interesado ou de oficio polo propio órgano competente para dictala resolución, excepto nos casos en que o procedemento se tivese paralizado por causa imputable ós interesados ou naqueles supostos en que se tivese acordado a súa suspensión.

**Artigo 99. *Prescripción.***

1. A acción para sancionala infraccións previstas na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica

8/2000, prescribese ós tres anos se a infracción fose moi grave, ós dous anos se fose grave e ós seis meses se fose leve, contados a partir do día en que os feitos se cometesen.

A prescripción interrómtese por calquera actuación da Administración da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a coñecerla súa identidade ou domicilio ou pola notificación efectuada no domicilio que o expedientado expresamente indicase como domicilio para efectos de notificacións.

O prazo de prescripción recomenzase se o procedemento estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó expedientado.

2. O prazo de prescripción da sanción será de cinco anos se a sanción imposta o for por infracción moi grave, de dous anos se o for por infracción grave e dun ano se o for por infracción de carácter leve.

Se a sanción imposta fose a expulsión do territorio nacional, a prescripción non comezará a contar ata que decorrese o período de prohibición de entrada fixado na resolución. O dito prazo non poderá exceder dun máximo de dez anos.

O prazo de prescripción da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción. Este prazo interromperase durante as actuacións encamiñadas á súa execución.

A prescripción, tanto da infracción como da sanción, será aplicada de oficio polos órganos competentes nas diversas fases de tramitación do expediente.

3. Tanto a prescripción como a caducidade esixirán acordo expreso no que se mencione tal circunstancia como causa de terminación do procedemento, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables, segundo o establecido no artigo 42.1 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

**Artigo 100. *Execución.***

1. Execución de resolucións de imposición de multa: as resolucións administrativas de imposición de sanción de multa dictadas en aplicación da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, serán inmediatamente executivas unha vez que adquirisen firmeza en vía administrativa salvo que a autoridade competente acorde a súa suspensión.

As multas deberán facerse efectivas ós órganos de recadación da Administración xestora, directamente ou a través de entidades de depósitos, dentro dos quince días hábiles seguintes á data da súa firmeza en vía administrativa.

Vencido o prazo de ingreso establecido no parágrafo anterior sen que se satisfixese a multa, a exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento. Para tal efecto, será título executivo a certificación de descuberto expedida polo órgano competente da Administración xestora.

Os órganos e procedementos da recadación executiva serán os establecidos no Regulamento xeral de recadación e demais normas de aplicación.

Os actos de xestión recadatoria en vía de constrinximento dictados polos órganos da Administración xeral do Estado respecto das sancións de multas impostas en aplicación da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, serán impugnables en vía económico-administrativa.

2. Execución de resolucións de expulsión.

a) As resolucións de expulsión do territorio nacional que se dicten en procedementos de tramitación preferente executaranse de forma inmediata de acordo coas normas específicas previstas neste regulamento e na

Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

b) As resolucións de expulsión do territorio nacional que se dicten en procedementos que non sexan de tramitación preferente conterán o prazo en que o estranxeiro virá obrigado a abandonar-lo territorio nacional, prazo que en ningún caso poderá ser inferior a setenta e dúas horas.

Transcorrido este prazo sen o estranxeiro ter abandonado o territorio nacional, os funcionarios policiais competentes en materia de estranxeiría procederán á súa detención e condución ata o posto de saída polo que deba facerse efectiva a expulsión. Se a expulsión non se puidese executar no prazo de setenta e dúas horas desde o momento da detención, a autoridade gubernativa poderá solicitar da autoridade xudicial o ingreso do estranxeiro nos centros de internamento establecidos para o efecto, situación que non poderá prolongarse máis de corenta días.

A execución da resolución de expulsión efectuarase á custa do estranxeiro se este dispuxese de medios económicos. En caso contrario, comunicaráselle a dita circunstancia ó representante diplomático ou consular do seu país, para os efectos oportunos.

Se o estranxeiro formulase petición de asilo suspenderase a execución da resolución de expulsión ata que se inadmitise a trámite ou se resolvese, de conformidade co establecido na normativa de asilo.

c) Etranxeiros inculcados en procedementos por delitos. Se o estranxeiro contra o que se adoptase resolución que acorde a súa expulsión do territorio nacional se encontrase inculcado en proceso penal, por un delito castigado con penas privativas de liberdade inferiores a seis anos, unha vez que fose oído en declaración como tal, o Ministerio Fiscal solicitará con carácter xeral, ponderando tódalas circunstancias concorrentes, e en especial a satisfacción dos intereses xerais, a autorización da expulsión do territorio español do dito estranxeiro. A autoridade xudicial poderá autoriza-la súa expulsión, que se executará conforme o procedemento administrativo que se tivese seguido.

3. Na resolución adoptaranse, se é o caso, as disposicións cautelares precisas para garanti-la súa eficacia en canto non sexa executiva. As mencionadas disposicións poderán consistir no mantemento das medidas provisionais que, se é o caso, se adoptasen de conformidade co artigo 61 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

#### Artigo 101. *Supostos en que procede o procedemento ordinario.*

Sen prexuízo de que poida seguirse a tramitación de procedemento preferente conforme o disposto neste regulamento, cando a infracción imputada sexa algunha das previstas nos artigos 53, 54, ou a conducta a que se refire o número 2 do artigo 57 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, o procedemento a seguir será o ordinario.

#### Artigo 102. *Iniciación do procedemento ordinario.*

1. Excepto nos supostos cualificados como infracción grave do artigo 53.b), cando se trate de traballadores por conta propia, ou moi grave do artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, nos que se observará o disposto no artigo 55.2 da mesma, o acordo de iniciación do procedemento formalizarase co contido mínimo seguinte:

a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.

b) Os feitos sucintamente expostos que motivan a iniciación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrucción.

c) Instructor e, se é o caso, secretario do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación deles.

d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúa tal competencia, indicando a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.

e) Medidas de carácter provisorio que acordase o órgano competente para inicia-lo procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante el de conformidade cos artigos 55 e 61 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

f) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

2. O acordo de iniciación comunicaráselle ó instructor, con traslado de cantas actuacións existan ó respecto, e notificaráselles ós interesados, entendendo en todo caso por tal o expedientado.

Na notificación advertiráselles ós interesados que, de non efectuaren alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo previsto no artigo seguinte, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, cos efectos previstos nos artigos 106 e 107 deste regulamento.

#### Artigo 103. *Actuacións e alegacións no procedemento ordinario.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, os interesados disporán dun prazo de quince días para achegaren cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que tenten valerse.

2. Cursada a notificación a que se refire o punto anterior, o instructor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos, pedindo os datos e informacións que sexan relevantes para determinar, se é o caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

3. Se, como consecuencia da instrucción do procedemento, resultase modificada a determinación inicial dos feitos, da súa posible cualificación, das sancións imponibles ou das responsabilidades susceptibles de sanción, notificarase todo iso ó expedientado na proposta de resolución.

#### Artigo 104. *Proba no procedemento ordinario.*

1. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo sinalado no artigo anterior, o órgano instructor poderá acorda-la apertura dun período de proba, por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez días.

2. No acordo, que se notificará ós interesados, poderase rexeitar de forma motivada a práctica daquelas probas que, se é o caso, propuxesen aqueles, cando pola súa relación cos feitos se consideren improcedentes ó non poder altera-la resolución final a favor do presunto responsable.

3. A práctica das probas que o órgano instructor coide pertinentes, entendéndose por tales aquelas distintas dos documentos que os interesados poidan achegar en calquera momento da tramitación do procedemento, realizarase de conformidade co establecido no artigo 81 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999.

4. Cando a proba consista na emisión dun informe dun órgano administrativo ou entidade pública, e sexa admitida a trámite, este terá os efectos previstos no artigo 83 da citada Lei 30/1992.

5. Cando a valoración das probas practicadas poida constituí-lo fundamento básico da decisión que se adopte no procedemento, por ser peza imprescindible para a avaliación dos feitos, deberá incluírse na proposta de resolución.

*Artigo 105. Colaboración doutras administracións públicas no procedemento ordinario.*

O órgano instructor pedirá dos órganos e dependencias administrativas pertencentes a calquera das administracións públicas a información que for necesaria para o eficaz exercicio das súas propias competencias, incluíndo a petición da información necesaria ó Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e que será facilitada nos termos previstos no artigo 4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999.

*Artigo 106. Proposta de resolución no procedemento ordinario.*

Concluída, se é o caso, a proba, o órgano instructor do procedemento formulará proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, determinarase a infracción que, se é o caso, aqueles constitúan e a persoa ou persoas que resulten responsables, especificándose a sanción que propón que se imponha e as medidas provisionais que adoptase, se é o caso, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o instructor del ou ben se propondrá a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

*Artigo 107. Trámite de audiencia no procedemento ordinario.*

1. A proposta de resolución notificarase ós interesados, indicándolles a posta de manifesto do procedemento. Á notificación xuntaráse unha relación dos documentos que figuren no procedemento a fin de os interesados poderen obter as copias dos que consideren convenientes, concedéndolles un prazo de quince días para formularen alegacións e presentaren os documentos e informacións que achen pertinentes ante o instructor do procedemento.

2. Salvo no suposto contemplado polo parágrafo final do artigo 102.2 deste regulamento, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas, se é o caso, polo interesado de conformidade co previsto no artigo 103.1 deste regulamento.

3. A proposta de resolución cursaráse inmediatamente ó órgano competente para resolver o procedemento, xunto a tódolos documentos, alegacións e informacións que figuren nel.

*Artigo 108. Resolución do procedemento ordinario.*

1. Antes de dictar resolución, o órgano competente para resolver poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización das actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento.

O acordo de realización de actuacións complementarias notificaráselles ós interesados, concedéndoselles un prazo de sete días para formularen as alegacións

que teñan por pertinentes. As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a quince días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a terminación das actuacións complementarias. Non terán a consideración de actuacións complementarias os informes que preceden inmediatamente á resolución final do procedemento.

2. O órgano competente dictará resolución que será motivada e decidirá tódalas cuestións presentadas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

A resolución adoptase no prazo de dez días, desde a recepción da proposta de resolución e os documentos, alegacións e informacións que figuren no procedemento, salvo o disposto nos números 1 e 3 deste artigo.

3. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, salvo os que resulten, se é o caso, da aplicación do previsto no número 1 deste artigo, con independencia da súa diferente valoración xurídica. Non obstante, cando o órgano competente para resolver considere que a infracción reviste maior gravidade que a determinada na proposta de resolución, notificaráselle ó inculpado para que achege cantas alegacións coide convenientes, concedéndoselle un prazo de quince días.

4. As resolucións dos procedementos sancionadores, ademais de conteren os elementos previstos no artigo 89.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, incluírán a valoración das probas practicadas e, especialmente, daquelas que constitúan os fundamentos básicos da decisión, fixarán os feitos e, se é o caso, a persoa ou persoas responsables, a infracción ou infraccións cometidas e a sanción ou sancións que se imponen, ou ben a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

5. As resolucións notificaráselles ós interesados. Se o procedemento se iniciase como consecuencia de orde superior, a resolución trasladarase ó órgano administrativo autor daquela.

*Artigo 109. Supostos en que procede o procedemento preferente.*

A tramitación dos expedientes de expulsión realízase polo procedemento preferente cando a infracción imputada sexa algunha das previstas nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 54, así como nas alíneas a), d) e f) do artigo 53 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

*Artigo 110. Iniciación e tramitación do procedemento preferente.*

1. Cando das investigacións se deduza a oportunidade de decidi-la expulsión, darase traslado da proposta motivada por escrito ó interesado, para que alegue o que considere adecuado, no prazo de corenta e oito horas.

2. Nos supostos en que se procedese á detención preventiva do estranxeiro, este terá dereito á asistencia letrada, que se lle proporcionará de oficio, se é o caso, e a ser asistido por intérprete, e de forma gratuíta, no caso de que carecese de medios económicos.

3. Na notificación do acordo de iniciación advertiráselle ó interesado que, de non efectuar alegacións sobre o contido do mesmo no prazo previsto no punto anterior, este acordo será considerado como proposta de resolución, con remisión do expediente á autoridade competente para resolver.

4. Se o interesado formulase alegacións e realizase proposición de proba dentro do prazo establecido, o órgano instructor valorará a pertinencia ou non dela.



O instructor, cando a proba proposta for innecesaria ou improcedente, poderá rexeitar de forma motivada a súa práctica na proposta de resolución que se notificará ó interesado dándolle trámite de audiencia no que se lle concederá un prazo de corenta e oito horas para formular alegacións e presenta-los documentos que coide pertinentes. Transcorrido o dito prazo, procederase a elevalo expediente administrativo, xunto coa proposta de resolución, á autoridade competente para resolver.

5. De ser estimada polo instructor a pertinencia da realización de proba proposta, esta realizarase no prazo máximo de tres días.

6. En canto se realiza a tramitación do expediente, a autoridade gubernativa poderá solicitar ó xuíz de instrución competente que dispoña o ingreso do estranxeiro expedientado nun centro de internamento de estranxeiros. A solicitude de internamento deberá ser motivada.

O período máximo de internamento en ningún caso poderá exceder de corenta días e manterase polo tempo imprescindible para os fins do expediente.

A decisión xudicial que o autorice, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, poderá establecer un período de duración do internamento inferior ó máximo establecido.

Non poderá acordarse un novo internamento por calquera das causas previstas no mesmo expediente.

7. Se a autoridade xudicial denegase o internamento, a autoridade gubernativa, co fin de asegura-la eficacia da resolución final que puidese recaer, poderá adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas cautelares:

- a) Retirada do pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, logo da entrega ó interesado de recibo acreditativo de tal medida.
- b) Presentación periódica ante o instructor do expediente nos días que, en atención ás circunstancias persoais, familiares ou sociais do expedientado, así o aconsellen.
- c) Residencia obrigatoria en lugar determinado.

#### Artigo 111. *O comiso.*

Cando das primeiras investigacións practicadas se teña coñecemento da utilización de vehículos, embarcacións, aeronaves e cantos bens mobles ou inmobles, de calquera natureza que sexan, para a comisión da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, os axentes da autoridade, co fin de garantiren a efectividade do comiso, poderán proceder á súa aprehensión e posta ó dispor da autoridade competente, quedando á espera do resultado do expediente sancionador, no que se resolverá o pertinente en relación con eles.

#### Artigo 112. *A resolución no procedemento preferente. Efectos. Executividade.*

1. A resolución, en atención á natureza preferente e sumaria do procedemento, dictarase de forma inmediata, deberá ser motivada e resolverá tódalas cuestións suscitadas no expediente, e non poderá aceptar feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica, a cal será notificada ó interesado.

2. A resolución que acorde a expulsión levará consigo a prohibición de entrada no territorio español por un período mínimo de tres anos e máximo de dez. Esta prohibición de entrada farase extensiva ós territorios dos estados cos que España teña suscrito un acordo nese senso.

3. Igualmente, a resolución que acorde a expulsión traerá consigo, en todo caso, a extinción de calquera

autorización para permanecer en España da que fose titular o estranxeiro expulsado.

4. Se a resolución se adoptase en aplicación da infracción prevista na alínea b) do número 1 do artigo 54 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e se tivese procedido á aprehensión de bens, efectos ou instrumentos que fosen utilizados para a comisión da citada infracción, aquela traerá consigo o comiso dos ditos bens ou efectos, salvo cando quedase acreditado que os expresados bens pertencen a un terceiro de boa fe non responsable da infracción que os adquirise legalmente.

Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución adxudicaranse ó Estado.

5. A execución da orde de expulsión dictada nestes procedementos, unha vez notificada, efectuarase de forma inmediata.

De non ter sido posto en liberdade o estranxeiro pola autoridade xudicial dentro do prazo de corenta días a que se refiren os puntos anteriores, deberá demandarse da propia autoridade xudicial o cesamento do internamento para efectos de poder levar a cabo a condución ó posto de saída.

6. A excepción da aplicación do réxime xeral de executividade dos actos administrativos, no caso da resolución que poña fin ó procedemento de expulsión con carácter preferente, establecida no artigo 21.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, non excluírá o dereito de recurso polos lexitimados para exercelo, sen prexuízo da inmediata expulsión e da improcedencia de declarar administrativamente efecto suspensivo ningún en contra dela. Na resolución, ademais da motivación que a fundamenta, faranse constar os recursos que fronte a ela procedan, órgano ante o que deban presentarse e prazo para interposos.

#### Artigo 113. *Comunicacións no procedemento preferente.*

A incoación do expediente, as medidas cautelares de detención e de internamento e a resolución de expulsión serán comunicadas ó Ministerio de Asuntos Exteriores e á embaixada ou consulado do país do estranxeiro, procedéndose á súa anotación no Rexistro Central de Estranxeiros da Dirección Xeral da Policía.

#### Artigo 114. *Cambio de procedemento preferente a procedemento ordinario.*

Se durante a tramitación de expediente seguido polo procedemento preferente e pola causa prevista na alínea a) do artigo 53 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, o estranxeiro expedientado acreditase ter solicitado, con anterioridade á iniciación do expediente, permiso de residencia temporal, de conformidade co disposto nos artigos 31.4 da citada lei orgánica e 41.2.d) deste regulamento, o instructor, de entender procedente a prosecución do expediente e logo de acordo dictado para o efecto, continuarao polos trámites do procedemento ordinario regulado neste regulamento.

#### Artigo 115. *Supostos en que procede o procedemento de expulsión.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 57, números 5 e 6, da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, cando o infractor sexa estranxeiro e realice algunha ou algunhas das conductas tipificadas como moi graves ou conductas graves das previstas nas alíneas a), b), c), d) e f) do artigo 53 ou concorra nel o disposto no número 2 do artigo 57 da citada lei orgánica, poderá acordarse a expulsión do territorio nacional salvo que o órgano competente para resolver determine a procedencia da sanción de multa.

**Artigo 116. Contido do acordo de iniciación do procedemento de expulsión.**

Ademais do contido mínimo que debe incluí-lo acordo de iniciación conforme o disposto no artigo 102.1 deste regulamento, nel indicaranse expresamente os seguintes particulares:

- a) O dereito do interesado á asistencia xurídica grauíta, se carecese de recursos económicos suficientes.
- b) O dereito do interesado á asistencia de intérprete se non comprende ou fala a lingua oficial que se utilice, que será grauíta no caso de que carecese de recursos económicos.
- c) Que o acordo de expulsión que poida dictarse traerá consigo a prohibición de entrada en España por un período mínimo de tres anos e máximo de dez, que será extensiva ós territorios dos estados cos que España teña suscrito acordo nese senso.

**Artigo 117. Medidas cautelares no procedemento de expulsión.**

1. De conformidade co previsto nos artigos 55 e 61 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisorio que resulten necesarias para asegura-la eficacia da resolución que puidese dictarse.

2. Cando, nas primeiras actuacións da fase de instrución, concorran razóns que así o aconsellen, como carece-lo estranxeiro de arraigamento, de domicilio coñecido ou non manifestase lugar ningún para efecto de notificacións, o órgano competente para inicia-lo procedemento ou o órgano instructor poderán adoptar a medida provisoria de retirada de pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, logo da entrega ó interesado de recibo acreditativo de tal medida.

3. En iguais termos que os establecidos no artigo 111 deste regulamento poderase proceder á aprehensión dos bens, efectos ou instrumentos que servisen para a comisión da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

**Artigo 118. A resolución do procedemento de expulsión, os seus efectos e execución.**

1. A resolución que poña fin ó procedemento deberá ser motivada, con indicación dos recursos que contra ela poidan interperse, órgano ante o que deba presentarse e prazo para a súa presentación, de conformidade co establecido no artigo 97 deste regulamento.

2. A resolución que acorde a expulsión levará consigo a prohibición de entrada no territorio español por un período mínimo de tres anos e máximo de dez. Esta prohibición de entrada farase extensiva ós territorios dos estados cos que España teña suscrito acordo nese senso.

3. Igualmente a resolución traerá consigo, en todo caso, a extinción de calquera autorización para permanecer en España da que fose titular o estranxeiro expulsado.

4. Se a resolución se adoptase en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e se procedese á aprehensión de bens, efectos ou instrumentos que fosen utilizados para a comisión da citada infracción, aquela traerá consigo o comiso dos ditos bens ou efectos, salvo cando quedase acreditado que os expresados bens pertencen a un terceiro de boa fe non responsable da infracción que os adquirise legalmente.

Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución adxudicaranse ó Estado.

5. Se a resolución se adoptase en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e sen prexuízo da expulsión acordada, poderá conter pronunciamiento polo que se adopte a clausura do establecemento ou local desde seis meses a cinco anos.

6. A execución da orde de expulsión efectuarase de conformidade co establecido no artigo 100, número 2, parágrafo b), deste regulamento.

**Artigo 119. Comunicacions no procedemento de expulsión.**

A resolución de expulsión será comunicada ó Ministerio de Asuntos Exteriores, á embaixada ou consulado do país do estranxeiro, e anotada no Rexistro Central de Estranxeiros da Dirección Xeral da Policía.

**Artigo 120. Supostos de aplicación do procedemento para imposición de sanción de multa.**

O presente procedemento será de aplicación cando o infractor, calquera que sexa a súa nacionalidade, realice algunha das conductas tipificadas como graves ou moi graves das previstas nos artigos 53 e 54 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, sen prexuízo dos supostos en que se poida impo-la expulsión segundo o disposto neste capítulo.

**Artigo 121. Contido do acordo de iniciación do procedemento para imposición de sanción de multa.**

O contido mínimo do acordo de iniciación do procedemento para imposición de sanción de multa será conforme o disposto no artigo 102.1 deste regulamento.

**Artigo 122. Medidas cautelares no procedemento para imposición de sanción de multa.**

1. En iguais termos que os establecidos no artigo 111 deste regulamento poderase proceder á aprehensión dos bens, efectos ou instrumentos que fosen utilizados para a comisión da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

2. Cando se siga expediente sancionador por algunha das infraccións previstas no artigo 54.2, alíneas a) e b), da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e os transportistas infrinxan a obriga de tomar a cargo o estranxeiro transportado ilegalmente, a autoridade gubernativa poderá acordar algunha das seguintes medidas:

- a) Suspensión temporal das súas actividades, que non poderá exceder dun período de seis meses.
- b) Prestación de fianza ou avais, en atención ó número de afectados e o prexuízo ocasionado.
- c) Inmobilización do medio de transporte utilizado ata o cumprimento da referida obriga.

**Artigo 123. Resolución do procedemento para imposición de sanción de multa. Efectos e executividade.**

1. A resolución que poña fin ó procedemento deberá ser motivada, con indicación dos recursos que contra ela poidan interperse, órgano ante o que deba presentarse e prazo para a súa presentación, de conformidade co establecido no artigo 97 deste regulamento.

2. Se a resolución se adoptase en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica

4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e se procedese á aprehensión de bens, efectos ou instrumentos que fosen utilizados para a comisión da citada infracción, aquela traerá consigo o comiso dos ditos bens ou efectos, salvo cando quedase acreditado que os expresados bens pertencen a un terceiro de boa fe non responsable da infracción que os adquirise legalmente.

Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución adxudicaranse ó Estado.

3. Se a resolución se adoptase en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e sen prexuízo da sanción de multa acordada, poderá conter pronunciamiento polo que se adopte a clausura do establecemento ou local desde seis meses a cinco anos.

4. A execución da resolución efectuarase de conformidade co establecido no artigo 100 deste regulamento.

#### Artigo 124. *Supostos e iniciación do procedemento simplificado.*

O presente procedemento tramitarase cando os feitos denunciados se cualifiquen como infracción de carácter leve prevista nalgún dos supostos contemplados no artigo 52 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Este procedemento iniciarase de oficio, por acordo dictado para o efecto por algún dos órganos competentes establecidos no artigo 95.2 deste regulamento, ou por denuncia formulada polos axentes do corpo nacional de policía, excepto cando a infracción imputada sexa a establecida na alínea c) do citado artigo 52, en que se observará o disposto no artigo 55.2 da mencionada Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

O presente procedemento simplificado deberá resolverse no prazo máximo de dous meses desde o seu inicio.

#### Artigo 125. *Procedemento simplificado.*

1. Iniciación de oficio.—O órgano competente, ó dicta-lo acordo de iniciación, especificará nel o carácter simplificado do procedemento. Este acordo comunicárase ó órgano instructor e simultaneamente será notificado ós interesados.

No prazo de dez días, a partir da comunicación e notificación do acordo de iniciación, o órgano instructor e os interesados efectuarán, respectivamente, as actuacións pertinentes, a achega de cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, se é o caso, a proposición e práctica de proba.

Transcorrido o dito prazo, o instructor formulará proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos, especificando os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, con determinación da infracción, da persoa ou persoas responsables e especificando a sanción que propón, así como as medidas provisionais que se tivesen adoptado ou ben se propondá a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

Se o órgano instructor aprecia que os feitos poden ser constitutivos de infracción grave ou moi grave, acordará que continúe o expediente polos trámites do procedemento ordinario deste regulamento, notificándollo ós interesados para que, no prazo de cinco días, formulen alegacións se o coidan conveniente.

2. Iniciación por denuncia de carácter obrigatorio formulada por funcionarios do corpo nacional de policía:

2.1 As denuncias formuladas por funcionarios do corpo nacional de policía emitíranse por exemplar dupli-

cado. Un deles entregaráselle ó denunciado se fose posible e o outro remitiráselle ó órgano correspondente con competencia para acorda-la iniciación do procedemento. As ditas denuncias serán asinadas polo funcionario e polo denunciado, sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senón unicamente coa recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado se negase a asinar ou non soubese facelo, o funcionario así o fará constar.

2.2 As denuncias de carácter obrigatorio notificáranse no acto ós denunciados facendo constar nelas os datos a que fai referencia este artigo, así como que con elas queda incoado o correspondente expediente e, en consecuencia, que dispoñen dun prazo de dez días para alegaren canto consideren conveniente na súa defensa e proporen as probas que coiden oportunas ante os órganos de instrucción situados na dependencia policial do lugar en que se cometese a infracción.

Por razóns xustificadas que deberán constar na propia denuncia, poderá notificarse a mesma con posterioridade.

2.3 Tramitación de denuncias.—Recibida a denuncia en dependencia policial da Dirección Xeral da Policía, procederase á cualificación dos feitos e graduación da multa ou á verificación da cualificación e multa consignadas nela polo axente denunciante, impulsándose a ulterior tramitación ou propóndose polo órgano instructor á autoridade competente a correspondente resolución que declare a inexistencia de infracción nos casos de que os feitos denunciados non fosen constitutivos dela.

#### Artigo 126. *Resolución do procedemento simplificado.*

No prazo de tres días desde que se reciba o expediente, o órgano competente para resolver dictará resolución na forma e cos efectos procedentes que para as resolucións de sanción de multa se prevén no procedemento ordinario deste regulamento.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

#### CENTROS DE INTERNAMENTO DE ESTRANXEIROS

#### Artigo 127. *Centros de internamento de estranxeiros.*

1. O xuíz de instrucción do lugar en que fose detido o estranxeiro, por petición da autoridade gubernativa que por si mesma ou polos seus axentes acordase a dita detención, no prazo de setenta e dúas horas desde esta, poderá autoriza-lo seu ingreso en centros de internamento de estranxeiros que non teñan carácter penitenciario, nos casos a que se refire o número 2 seguinte.

2. Soamente se poderá acorda-lo internamento do estranxeiro cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Que fose detido por encontrarse incurso nalgún dos supostos de expulsión das alíneas a) e b) do número 1 do artigo 54, así como nas alíneas a), d) e f) do artigo 53 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

b) Que se dictase resolución de retorno e esta non poida executarse dentro do prazo de setenta e dúas horas, cando a autoridade xudicial así o determine.

c) Cando se dictase acordo de devolución de conformidade co establecido neste regulamento.

d) Que se dictase resolución de expulsión e o estranxeiro non abandone o territorio nacional no prazo que se lle concedese para iso.

3. O ingreso do estranxeiro nun centro de internamento de carácter non penitenciario non poderá pro-

longarse por máis tempo do imprescindible para a práctica da expulsión, e a autoridade gubernativa deberá proceder a realiza-las xestións necesarias para a obtención da documentación que fose necesaria o máis axiña posible.

4. A detención dun estranxeiro para efectos de expulsión será comunicada ó consulado competente, ó que se lle facilitarán os datos sobre a personalidade do estranxeiro e a medida de internamento. Esta comunicación dirixirase ó Ministerio de Asuntos Exteriores cando non se puidese notificar ó consulado ou este non estea en España. Se así o solicitase o estranxeiro, comunicarse o internamento ós seus familiares ou outras persoas residentes en España.

5. A duración máxima do internamento non poderá exceder de corenta días, debéndose solicitar da autoridade xudicial a posta en liberdade do estranxeiro cando con anterioridade ó transcurso deste prazo se teña constancia de que a práctica da expulsión non poderá levarse a cabo.

6. O estranxeiro, durante o seu internamento, estará en todo momento ó dispor do órgano xurisdiccional que o autorizou, debéndolle comunicar a este a autoridade gubernativa calquera circunstancia en relación coa situación do dito estranxeiro internado.

Igualmente se remitirán á autoridade ou órgano a quen sexan dirixidas as queixas e peticións que o estranxeiro puidese presentar en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

7. As persoas ingresadas en centros de internamento de carácter non penitenciario gozarán durante el dos dereitos non afectados pola medida xudicial de internamento, en especial o dereito a asistencia letrada, que se proporcionará de oficio, se é o caso, e a ser asistido por intérprete, se non comprende ou fala a lingua oficial que se utilice, e de forma gratuíta no caso de que carecese de medios económicos, segundo o establecido no artigo 63.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, así como do dereito a ser informado das disposicións administrativas e resolucións xudiciais que os afecten ou poidan prexudicalos.

8. Os menores estranxeiros non poderán ser ingresados nos ditos centros e deben ser postos ó dispor dos servizos competentes de Protección de Menores, salvo que o xuíz de menores o autorice, logo de informe favorable do Ministerio Fiscal, e os seus pais ou titores se encontren ingresados no mesmo centro, manifesten o seu desexo de permanecer xuntos e existan módulos que garantan a unidade e intimidade familiar.

#### Artigo 128. *Competencia.*

1. A inspección, dirección, coordinación, xestión e control dos centros corresponde ó Ministerio do Interior, que será exercida a través da Dirección Xeral da Policía, sen prexuízo das facultades do xuíz de instrucción a que se refiren os números 1 e 6 do artigo anterior.

O director xeral da Policía será o competente para nomea-lo director do centro, logo de informe do delegado do Goberno na comunidade autónoma, entre funcionarios das administracións públicas do grupo A, dependendo este da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación.

A coordinación dos ingresos nos centros de internamento de estranxeiros, co obxecto de optimiza-la ocupación destes, en atención ás circunstancias familiares ou de arraigamento do estranxeiro en España, corresponde á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación.

2. A custodia e vixilancia dos centros será competencia da Dirección Xeral da Policía.

3. A prestación de asistencia sanitaria e servizos sociais que se facilite nestes centros poderá ser concertada polo Ministerio do Interior con outros ministerios ou con outras entidades públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, con cargo ós programas de axuda legalmente establecidos nas correspondentes partidas orzamentarias.

#### Artigo 129. *Condicións do ingreso.*

1. No momento do ingreso do estranxeiro no centro esixirase o seu historial persoal, no que constarán os motivos da súa detención, os antecedentes, as circunstancias persoais, a autoridade xudicial ó dispor da cal se encontre e o letrado que o asista.

2. Os internos recibirán no momento do ingreso información escrita sobre o réxime do centro e as normas de convivencia. A información facilitarase no idioma do estranxeiro ou de forma que resulte comprensible para el.

3. Os estranxeiros, no momento do ingreso, serán sometidos a un exame médico polo servizo sanitario do centro.

4. Os centros disporán de módulos independentes, co obxecto de permitiren a separación dos internos polo seu sexo.

#### Artigo 130. *Réxime interno dos centros.*

1. Os internos están obrigados a cumprir as normas de convivencia, réxime interior, sanidade e hixiene, así como a conserva-las instalacións e mobiliario do centro.

2. En cada centro existirá unha xunta composta, ademais do seu director, polo facultativo e un traballador social, que asesorará aquel na imposición de medidas ós internos que non respecten as normas de convivencia e de réxime interior, que deberán, se é o caso, ser comunicadas á autoridade xudicial que autorizou o internamento.

3. A dirección do centro establecerá un horario para regula-las distintas actividades que desenvolverán os internos.

4. Os internos poderán recibir e enviar correspondencia, así como manter comunicacións telefónicas co exterior, que soamente poderán restrinxirse por resolución da autoridade xudicial.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para impedir restricións do exercicio da liberdade relixiosa por parte dos internos.

6. Os internos están autorizados a comunicar cos seus avogados, e periodicamente con familiares, amigos e representantes diplomáticos do seu país, debendo realizarse tales comunicacións dentro do horario establecido para a adecuada convivencia entre os internos, conforme as normas de funcionamento do centro.

#### Artigo 131. *Asistencia sanitaria e social.*

1. En cada centro existirá un servizo sanitario con dispoñibilidade de persoal, instrumental e equipamento necesario para a atención permanente e de urxencia dos internos.

2. Cando un interno presente síntomas de enfermidade que implique a súa hospitalización, procederase ó seu traslado a un centro hospitalario, debéndose solicitar autorización para estes efectos da autoridade xudicial, logo de informe do facultativo do centro, salvo que razóns de urxencia que non admitan demora aconsellen a inmediata hospitalización, caso en que se comunicará posteriormente á autoridade xudicial, xunto cun informe facultativo.

3. O servizo sanitario de cada centro organizará e inspeccionará a hixiene do centro, elevando as propostas que considere oportunas á dirección del sobre alimentación, hixiene e limpeza dos internos, e a hixiene e limpeza do centro.

4. Entre o persoal dos centros existirán traballadores sociais, baixo a coordinación da dirección do centro, que realizarán as funcións de carácter asistencial que os internos requiran.

#### Artigo 132. *Creación e normas sobre réxime interno dos centros.*

1. A creación de centros de internamento de estranxeiros establecerase por orde conxunta dos ministerios do Interior e de Administracións Públicas.

2. O ministro do Interior dictará as normas que se consideren, se é o caso, necesarias para regula-lo funcionamento interno destes centros, en desenvolvemento do disposto neste regulamento, sobre normas de funcionamento e réxime interior dos centros de internamento de estranxeiros.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

#### INFRACCIÓNS E SANCIÓNS NA ORDE SOCIAL E VIXILANCIA LABORAL

#### Artigo 133. *Vixilancia laboral.*

A inspección en materia de traballo de estranxeiros será exercida a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que desenvolve as funcións e competencias que ten atribuídas na súa normativa específica, de conformidade co disposto na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e as súas normas de aplicación.

#### Artigo 134. *Infraccións e sancións na orde social.*

1. As infraccións tipificadas nos artigos 52.c), 53.b), cando se trate de traballadores por conta propia, e 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, serán sancionadas de conformidade co procedemento para a imposición de sancións por infraccións de orde social, e polo disposto neste artigo.

2. As sancións polas infraccións ás que se refire o número anterior poderán imporse nos graos de mínimo, medio e máximo, atendendo ós criterios expresados a seguir e aplicando o principio de proporcionalidade.

3. Cualificadas as infraccións, na forma e conforme os tipos previstos na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, as sancións graduaranse en atención ó grao de culpabilidade do suxeito infractor, dano producido ou risco derivado da infracción, e transcendencia desta.

4. As infraccións sancionaranse:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multa de 5.000 a 10.000 pesetas (30,05 a 60,10 euros); no seu grao medio, de 10.001 a 25.000 pesetas (60,11 a 150,25 euros), e no seu grao máximo, de 25.001 a 50.000 pesetas (150,26 a 300,51 euros).

b) As graves, no seu grao mínimo, con multa de 50.001 a 200.000 pesetas (300,52 a 1.202,02 euros); no seu grao medio, de 200.001 a 500.000 pesetas (1.202,03 a 3.005,06 euros), e no seu grao máximo, de 500.001 a 1.000.000 de pesetas (3.005,07 a 6.010,12 euros).

c) As moi graves, no seu grao mínimo, con multa de 1.000.001 a 2.000.000 de pesetas (6.010,13 a 12.020,24 euros); no seu grao medio, de 2.000.001 a 5.000.000 de pesetas (12.020,25 a 30.050,61 euros),

e, no seu grao máximo, de 5.000.001 a 10.000.000 de pesetas (30.050,62 a 60.101,21 euros).

5. A ordenación da tramitación dos expedientes sancionadores corresponderá ás xefaturas da Inspección de Traballo e Seguridade Social competentes por razón do territorio.

A iniciación, contido das actas, notificación e alegacións axustarase ó disposto no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

Nos casos de infracción prevista na alínea b) do artigo 53, cando se trate de traballadores por conta propia, e do artigo 54.1.d), cando o empresario infractor sexa estranxeiro, da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, na acta de infracción farase constar expresamente que, en virtude do establecido no artigo 57 da referida lei orgánica, o órgano competente para resolver poderá aplica-la expulsión de territorio español en lugar da sanción de multa.

6. As actas de infracción de estranxeiros serán notificadas polas xefaturas de Inspección de Traballo e Seguridade Social competentes, ó suxeito ou suxeitos responsables, facendo constar que se poderán formular alegacións contra elas no prazo de quince días.

7. Se non se formulase escrito de alegacións, continuará a tramitación do procedemento ata dictar resolución.

8. Se se formulasen alegacións, á vista delas, a Xefatura da Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá solicitar informe ampliatorio ó inspector ou subinspector que practicou a acta; o dito informe emitirase no prazo de quince días. O citado informe será preceptivo se nas alegacións se invocan feitos ou circunstancias distintos ós consignados non acta, insuficiencia do relato fáctico dela ou indefensión por calquera causa.

9. Instruído o expediente, o xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social competente por razón do territorio elevará o expediente, coa proposta de resolución ó delegado ou subdelegado do Goberno competente para resolver, de conformidade co establecido no artigo 55.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

Na proposta de resolución fixaranse de forma motivada os feitos probados, a súa cualificación xurídica e a contía da sanción que se propón impor e, en caso de que a acta de infracción incluíse a sanción accesoria a que se refire o artigo 55.6 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, tamén se efectuará proposta de resolución sobre ela.

10. O órgano competente para resolver, logo das dilixencias que considere necesarias, dictará resolución no prazo de dez días desde a finalización da tramitación do expediente, de conformidade co establecido para as resolucións sancionadoras polo Regulamento regulador do procedemento para a imposición de sancións por infraccións de orde social, e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

No suposto de que o órgano competente para resolver decida aplica-la sanción de expulsión do territorio español en lugar da sanción de multa, dictará resolución de expulsión, que terá os requisitos e efectos establecidos nos artigos 118 e 119 deste regulamento.

11. As resolucións sancionadoras que dicten os subdelegados do Goberno ou os delegados do Goberno nas comunidades uniprovinciais en relación con este tipo de infraccións, quedarán sometidas ó réxime común de recursos previsto neste regulamento.

12. No non previsto polo procedemento especial, regulado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio,

rexerá o procedemento común de conformidade co establecido na disposición adicional sétima da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

##### *Outras infraccións e sancións*

#### Artigo 135. *Outras infraccións e sancións.*

Os estranxeiros que incumpran os deberes, obrigas e cargas impostos polo ordenamento xurídico xeral serán sancionados consonte a lexislación especificamente aplicable en cada caso.

#### Artigo 136. *Comunicación interorgánica de infraccións.*

1. A Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, e as áreas e dependencias provinciais de Traballo e Asuntos Sociais darán conta á autoridade gubernativa dos supostos de infraccións, relativas á entrada e permanencia de estranxeiros en España, de que tiveren coñecemento no exercicio das súas competencias.

2. Igualmente, as autoridades gubernativas e os servizos policiais comunicarán á Dirección Xeral de Ordenación das Migracións, á Inspección de Traballo e Seguridade Social ou ás áreas e dependencias provinciais de Traballo e Asuntos Sociais, os feitos que coñezan e que puidesen constituír infraccións laborais contra o disposto neste regulamento. Cando a expulsión fose autorizada xudicialmente, as autoridades gubernativas e os servizos policiais comunicarán de modo inmediato a práctica da expulsión ou as razóns que, se é o caso, imposibilitan a súa realización, á autoridade xudicial que a autorizase e ó Ministerio Fiscal.

3. Os órganos xudiciais comunicarán á autoridade gubernativa a finalización dos procesos xudiciais nos que concorra a comisión de infraccións administrativas contra normas sobre estranxeiría, para os efectos de que as autoridades administrativas poidan retomar, iniciar ou arquivar, se procede, segundo os casos, o procedemento administrativo sancionador. Do mesmo modo comunicarán aquelas condenas impostas a estranxeiros por delicto doloso castigado con pena privativa de liberdade superior a un ano, para os efectos da incoación do correspondente expediente sancionador.

4. Cando o Ministerio Fiscal coñeza que un estranxeiro se encontre imputado nun procedemento por delicto menos grave e puidese estar incurso nalgunha das causas de expulsión previstas na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, sen que fose incoado o correspondente expediente administrativo sancionador, informará sobre tal imputación á autoridade gubernativa para que esta comprobe se procede ou non a incoación de expediente de expulsión, para os efectos oportunos.

5. Os directores dos establecementos penitenciarios notificarán á autoridade gubernativa, con tres meses de anticipación, a excarceración de estranxeiros que fosen condenados en procedemento por delicto, para os efectos de que, se é o caso, se proceda á expulsión, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000. Para estes efectos, nos expedientes persoais dos estranxeiros condenados, farase constar se foi incoado contra eles expediente de expulsión e o seu estado de tramitación.

6. O Rexistro Central de Penados e Rebeldes comunicará de oficio ou por instancia da autoridade gover-

nativa os antecedentes penais dos estranxeiros que fosen condenados por delicto doloso que teña sinalada pena superior a un ano de prisión, para os efectos de incoación do correspondente expediente de expulsión, para o cal remitirá certificado deles.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup>

##### *Retorno, devolución e saídas obrigatorias*

#### Artigo 137. *Retorno.*

1. Acordarase o retorno cando o estranxeiro se presente nun posto fronteirizo habilitado e non se lle permita o ingreso no territorio nacional por non reuni-los requisitos que para autorizarlle a entrada se conteñen neste regulamento.

2. A resolución de retorno dictarase como consecuencia da denegación de entrada que para o efecto dicten os funcionarios policiais responsables do control de entrada, a cal se adoptará en procedemento oportuno onde consten acreditados, entre outros, os seguintes trámites:

a) Do dereito do interesado á asistencia xurídica, que será gratuíta se carecese de recursos económicos suficientes, e á asistencia de intérprete se non comprende ou fala a lingua oficial que se utilice, a partir do momento en que se dicte o acordo de iniciación do procedemento.

b) Que o efecto que pode traer consigo a denegación de entrada é o retorno.

c) Determinación expresa da causa pola que se denega a entrada.

3. O retorno executarase de forma inmediata e, en todo caso, dentro do prazo de setenta e dúas horas desde que se acordase. Se non puidese executarse dentro do dito prazo, a autoridade gubernativa ou, por delegación desta, o responsable do posto fronteirizo habilitado, dirixirase ó xuíz de instrucción a fin de que determine o lugar onde deba ser internado o estranxeiro, que non poderá ter carácter penitenciario, ata que chegue o momento do retorno, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

4. Durante o tempo en que o estranxeiro permaneza detido nas instalacións do posto fronteirizo ou no lugar en que se acordase o seu internamento, tódolos gastos de mantemento que se ocasionen serán a cargo da compañía ou transportista que o transportase, sempre que non concorra o suposto previsto no número 3 do artigo 54 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e sen prexuízo da sanción que poida chegar a impórsele a esta.

Igualmente, a compañía ou transportista farase cargo inmediatamente do estranxeiro ó que se lle denegase a entrada e serán á conta dela tódolos gastos que deriven do transporte co fin de executa-lo retorno, que será realizado directamente por aquela ou por medio doutra empresa de transporte con dirección ó estado a partir do cal o transportase, ó estado que expedise o documento de viaxe co que viaxou o estranxeiro ou a calquera outro estado onde estea garantida a súa admisión.

5. A detención do estranxeiro para efectos de retorno comunicarase á embaixada ou consulado do seu país e, en todo caso, ó Ministerio de Asuntos Exteriores.

6. A resolución de retorno non esgota a vía administrativa e será impugnabile conforme o disposto nas leis. Se o estranxeiro non se achase en España, poderá interpo-los recursos, tanto administrativos como xurisdiccionais que corresponda, a través das representacións diplomáticas ou consulares correspondentes, as cales os remitirán ó organismo competente.

### Artigo 138. *Devolucións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 58.2 da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, non será necesario expediente de expulsión para a devolución, en virtude de orde do subdelegado do Goberno, ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, dos estranxeiros que se acharen nalgún dos seguintes supostos:

a) Os estranxeiros que, tendo sido expulsados, contraveñan a prohibición de entrada en España.

Para estes efectos, considerarase contravinda a prohibición de entrada en España cando así conste, independentemente de se ela foi adoptada polas autoridades españolas ou polas dalgún dos estados cos que España teña subscrito convenio nese senso.

b) Os estranxeiros que pretendan entrar ilegalmente no país, considerándose incluídos, para estes efectos, os estranxeiros que sexan interceptados na fronteira, nas súas inmediacións ou no interior do territorio nacional en tránsito ou en ruta, sen cumpriren cos requisitos de entrada.

2. En calquera de ámbolos supostos, o estranxeiro respecto do cal se sigan trámites para adoptar orde de devolución, terá dereito, desde o momento inicial en que se proceda á súa detención, á asistencia xurídica gratuíta cando non dispoña de medios económicos. Igualmente, se non comprende ou fala a lingua oficial que se utilice, terá dereito á asistencia de intérprete.

3. A execución da devolución traerá consigo o novo inicio do cómputo do prazo de prohibición de entrada contravinda cando ela se adoptase en virtude de orde de expulsión dictada polas autoridades españolas.

4. Suspensión da execución da devolución.

Aínda cando se adoptase orde de devolución, esta non poderá levarse a cabo, quedando en suspenso a súa execución, cando:

a) Se trate de mulleres embarazadas e a medida poida supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai.

b) Se formalice unha solicitude de asilo, ata que se decidise a inadmisión a trámite da petición, de conformidade coa normativa de asilo.

5. Do disposto na alínea b) do número anterior quedan exceptuadas as persoas que, tendo solicitado sen demora a súa solicitude de asilo, esta lles fose admitida a trámite, conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio.

### Artigo 139. *Saídas obrigatorias.*

1. Nos supostos de denegación administrativa de solicitudes de prórrogas de estadía, de permisos de residencia ou de calquera outro documento necesario para a permanencia de estranxeiros en territorio español, así como das prórrogas dos propios permisos ou documentos, a resolución administrativa dictada para o efecto conterá a advertencia ó interesado da obrigatoriedade da súa saída do país, sen prexuízo de que, igualmente, se materialice esta advertencia mediante dilixencia no pasaporte ou documento análogo ou en documento á parte, se se encontrase en España amparado en documento de identidade no que non se poida estampala dita dilixencia.

2. A saída obrigatoria deberá realizarse dentro do prazo establecido na resolución denegatoria da solicitude formulada ou, se é o caso, no prazo máximo de quince días contados desde o momento en que se notifique a resolución denegatoria, salvo que concorran circuns-

tancias excepcionais e se xustifique que se conta con medios de vida suficientes, caso en que se poderá prorrogalo prazo ata un máximo de noventa días. Unha vez transcorrido o prazo indicado sen que se efectuase a saída, aplicarase o previsto neste regulamento para os supostos a que se refire o artigo 53.a) da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000.

3. Se os estranxeiros a que se refire este artigo realízanse efectivamente a súa saída do territorio español, con base no disposto nos parágrafos anteriores, sen teren incorrido en ningunha causa de expulsión, non serán obxecto de prohibición de entrada no país, e poden volver a España, conforme as normas que regulan o acceso ó territorio español.

4. Os solicitantes de asilo ós que lles fose inadmitida a solicitude a trámite en aplicación da alínea e) do artigo 5.6 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, por non corresponder a España o seu exame ó ser outro estado o responsable daquela, de conformidade cos convenios nos que España sexa parte, unha vez notificada a mesma, o estranxeiro deberá abandonar-lo territorio nacional e trasladarse ó estado responsable no prazo que na resolución de inadmisión da solicitude se estableza.

De non abandonar-lo estranxeiro o territorio nacional no prazo indicado, poderase proceder á súa detención e condución ó posto fronteirizo desde o cal será trasladado ó territorio do estado responsable.

## CAPÍTULO V

### Coordinación dos órganos da Administración xeral do Estado

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

#### *As oficinas de estranxeiros*

### Artigo 140. *Creación.*

1. As oficinas de estranxeiros son as unidades que integran os diferentes servizos da Administración xeral do Estado competentes en materia de estranxeiría no ámbito provincial, co obxecto de garanti-la eficacia e coordinación na actuación administrativa.

2. A creación, supresión e modificación de oficinas de estranxeiros levarase a cabo mediante orde do ministro da Presidencia dictada por proposta dos ministros de Administracións Públicas, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais.

3. Logo de consulta ós ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas, a Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración impulsará a creación, supresión e modificación de oficinas de estranxeiros, baseándose na especial incidencia da inmigración na provincia.

4. As oficinas de estranxeiros estarán localizadas na capital das provincias nas que se constitúan.

5. A oficina de estranxeiros poderá dispor de oficinas delegadas, situadas nos distritos da capital e nos municipios da provincia, a fin de facilita-las xestións administrativas dos interesados.

### Artigo 141. *Dependencia.*

1. As oficinas de estranxeiros dependerán organicamente da correspondente delegación ou subdelegación do Goberno, encadrándose na Secretaría Xeral, e dependerán funcionalmente do Ministerio do Interior, a través da Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración, e do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ambos no ámbito das súas respectivas competencias.

2. As oficinas de estranxeiros réxense polo disposto neste regulamento, así como polo establecido no Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servicios periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno, e polo Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, de integración das direccións provinciais de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais, en canto lles resulte de aplicación.

#### Artigo 142. *Funcións.*

1. As oficinas de estranxeiros exercerán, no ámbito provincial, as seguintes funcións, previstas na normativa vixente en materia de estranxeiría e réxime comunitario:

a) A tramitación dos informes sobre visados de residencia, exencións de visado, prórrogas de estada, tarxetas de estudante, permisos de residencia, autorizacións de regreso, autorizacións laborais, permisos de traballo e excepcións da obriga de obter permiso de traballo, tarxetas de residencia, así como a expedición e entrega destes. A tramitación das solicitudes de prórroga de estada e a recepción das declaracións de entrada serán efectuadas polos ditos servizos policiais.

b) A recepción da solicitude de cédula de inscrición e de título de viaxe para a saída de España, e a expedición e entrega de tales documentos, así como do documento de identificación provisorio. A tramitación das solicitudes de cédula de inscrición e de título de viaxe será efectuada polos mencionados servizos policiais.

c) A tramitación dos expedientes relativos a sancións gobernativas por infraccións da normativa en materia de estranxeiría e en réxime comunitario. Non obstante, as devolucións, e os expedientes sancionadores que leven á expulsión do infractor estranxeiro, ou á súa detención e ingreso nun centro de internamento de estranxeiros, serán tramitados e executados polas brigadas e seccións de estranxeiría e documentación das comisarías de policía.

d) A tramitación dos recursos administrativos que procedan, sen prexuízo da competencia do director xeral da Policía para resolverlo recurso administrativo contra a denegación de entrada en territorio español e orde de retorno en fronteira.

e) A elevación ós órganos e autoridades competentes das oportunas propostas de resolución relativas ós expedientes a que se fixo referencia nos parágrafos anteriores.

f) A asignación e comunicación do número de identidade de estranxeiro polos servizos policiais das propias oficinas.

g) A recepción de declaracións de entrada dos estranxeiros que pretendan entrar en territorio español, sen prexuízo da competencia dos servizos policiais ó respecto.

h) A información, recepción (que incluírá a correspondente entrevista) e tramitación da solicitude de asilo, a expedición e entrega da documentación correspondente, e a notificación das resolucións adoptadas polos órganos competentes, con observancia da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

i) A obtención e elaboración do conxunto de información estatística de carácter administrativo e demográfico sobre a poboación estranxeira e en réxime comunitario da provincia.

2. As citadas funcións exerceranse baixo a dirección dos delegados e subdelegados do Goberno correspondentes, e sen prexuízo das competencias que en materia de resolución de expedientes correspondan a outros órganos.

3. As oficinas delegadas colaborarán no desenvolvemento das funcións da correspondente oficina de estranxeiros, en especial, as referidas á atención ó cidadán, recepción de solicitudes e escritos, notificación e entrega de resolucións e documentos, e poderán exercer as competencias que lles sexan delegadas.

#### Artigo 143. *Persoal.*

1. Os diferentes servizos encargados da tramitación dos expedientes en materia de estranxeiría integraranse na oficina de estranxeiros, que actuará como un único centro de xestión.

2. O persoal procedente dos servizos a que se fai referencia no número 1 deste artigo, que non estea integrado organicamente nas delegacións do Goberno, conforme o que dispón a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e a súa normativa de desenvolvemento, integraranse na delegación do Goberno ou subdelegación do Goberno correspondente.

3. As oficinas de estranxeiros que se constituán contarán cunha relación de postos de traballo e, se é o caso, un catálogo do persoal laboral para a respectiva integración do persoal e os seus correspondentes postos de traballo, procedente dos servizos a que se fai referencia no número 1 deste artigo.

4. As oficinas de estranxeiros contarán coa adscrición de persoal da Dirección Xeral da Policía para a realización das funcións que esta ten asignadas en materia de estranxeiría e dentro do marco das súas competencias.

5. O xefe da oficina de estranxeiros será nomeado e cesado polo subsecretario de Administracións Públicas, por proposta conxunta dos ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, polo procedemento de libre designación, entre funcionarios de carreira dos grupos A ou B da Administración xeral do Estado, dentro dos límites establecidos no Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

#### Artigo 144. *Medios materiais e informáticos.*

As oficinas de estranxeiros serán dotadas dos medios materiais e equipamentos informáticos que sexan necesarios, facilitándose ó persoal que xestiona procedementos nelas o acceso ó Rexistro Central de Estranxeiros, e provéndoas dunha aplicación informática integrada que permita a centralización ou interconexión da xestión dos ditos procedementos.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

##### *Os centros de migracións*

#### Artigo 145. *A rede pública de centros de migracións.*

Para o cumprimento dos fins de integración social que ten encomendados, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais disporá dunha rede pública de centros de migracións, destinados ás funcións de atención, acollida, intervención social e, se é o caso, derivación de estranxeiros que teñan a condición de solicitantes de asilo, desprazados, refuxiados, apátridas ou de inmigrantes que se achen en situación de vulnerabilidade ou corran risco de exclusión social.



Artigo 146. *Réxime xurídico dos centros de migracións.*

Corresponderá ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe da Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración:

- a) Acorda-lo establecemento de novos centros de migracións, a ampliación dos xa existentes, ou a súa clausura;
- b) Aproba-os estatutos e normas de funcionamento interno dos centros de migracións;
- c) Determina-las prestacións que se dispensarán neles, así como o réxime xurídico ó que se encontran suxeitos.

Artigo 147. *Ingreso en centros de migracións.*

1. As normas de funcionamento interno dos centros determinarán os requisitos e o procedemento que se seguirá para efectos do ingreso dun estranxeiro nun centro de migracións.

2. Cando o estranxeiro careza dun título que autorice a súa estadía en España, o ingreso levará consigo a expedición dun volante persoal e intransferible que o autorice para permanecer no centro, no que xunto á fotografía do estranxeiro se farán constar os seus datos de filiación, nacionalidade, número de identificación de estranxeiro se o tivese asignado, así como a data de caducidade da autorización de estadía no centro.

3. Esta autorización de estadía enténdese sen prexuízo das posteriores decisións que as autoridades competentes adopten en relación coa situación administrativa do estranxeiro en España.

Disposición adicional primeira. *Atribución de competencias en materia de informes, resolucións e sancións.*

Cando as competencias en materia de informes, resolucións e sancións non estean expresamente atribuídas a un determinado órgano neste regulamento, serán exercidas polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais e polos subdelegados do Goberno nas provincias.

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable ós procedementos.*

No non previsto en materia de procedementos no Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, observarase o disposto na Lei 30/1992, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999, e na súa normativa de desenvolvemento.

De conformidade co establecido na disposición adicional undécima da referida Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, o procedemento de visado rexerá pola normativa específica prevista no artigo 27 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, desenvolvida neste real decreto e nas demais disposicións que se dicten en cumprimento dos compromisos internacionais asumidos por España, particularmente no ámbito do Tratado de Amsterdam e do Convenio para a Aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985, aplicándose supletoriamente a Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Disposición adicional terceira. *Esixencia, normativa e convenios en materia sanitaria.*

O establecido neste regulamento non exclúe a vixencia e cumprimento do disposto nos regulamentos e acor-

dos sanitarios internacionais, nos artigos 38 e 39 e disposición final oitava da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no Real decreto 1418/1986, do 13 de xuño, en materia de sanidade exterior e nas demais disposicións dictadas para a súa aplicación e desenvolvemento.

A Administración xeral do Estado, para os efectos da realización de cantas actuacións e probas sanitarias puidesen derivar da aplicación deste regulamento, subscribirá, a través dos departamentos ministeriais en cada caso competentes, os oportunos convenios cos correspondentes servizos de saúde ou institucións sanitarias.

Disposición adicional cuarta. *Prazos de resolución dos procedementos.*

O prazo xeral máximo para notificar as resolucións sobre as solicitudes que formulen os interesados nos procedementos regulados no Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, será de tres meses contados a partir do día seguinte ó da data en que tivesen entrada no rexistro do órgano competente para tramitalas. Excepcionalmente as peticións de permiso de residencia por reagrupamento familiar, de permiso de traballo de temporada, e de modificación de permiso de traballo, as resolucións dos cales se notificarán na metade do prazo sinalado.

No procedemento en materia de visados, o prazo máximo, e non prorrogable, para notificar as resolucións sobre as solicitudes é de catro meses e quince días contados a partir do día seguinte ó da data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da oficina ou sección consular competente para a súa tramitación. O prazo máximo será de tres meses nos visados para a reagrupamento familiar e nos visados para os que se decretase a súa tramitación urxente ou así figure en convenio internacional do que España sexa parte. Estes prazos suspéndense ata por quince días cando se requira a corrección ou a achega de documentos preceptivos ou a achega de elementos de xuízo necesarios incluída a comparecencia persoal; no caso de ter que incorporar ó procedemento informes preceptivos, e determinantes do contido da resolución, doutros órganos administrativos situados en España, a suspensión do prazo de resolución e notificación esténdese ata por catro meses e quince días ou tres meses no caso do visado para reagrupamento familiar e outros declarados de tramitación urxente.

A obriga formal de informa-lo solicitante de visado sobre o prazo máximo para a notificación da resolución do procedemento, os supostos de suspensión do cómputo do dito prazo e os efectos do silencio administrativo entenderase cumprida mediante a inserción dunha nota informativa sobre tales extremos nos impresos de solicitude.

Disposición adicional quinta. *Silencio administrativo.*

Transcorrido o prazo para resolver as solicitudes, de conformidade co establecido na disposición anterior, estas poderán entenderse desestimadas, de acordo co disposto na Disposición adicional primeira da propia Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, e coas excepcións contidas na dita disposición adicional.

Disposición adicional sexta. *Recursos.*

As resolucións que dicten os órganos competentes dos ministerios de Asuntos Exteriores, do Interior, e de Traballo e Asuntos Sociais con base no disposto neste regulamento, sobre concesión ou denegación de visados,

exencións de visado, prórrogas de estadia ou permisos de residencia e permisos de traballo, así como sobre sancións gubernativas e expulsións de estranxeiros, porán fin á vía administrativa, podendo interperse contra estas os recursos administrativos ou xurisdiccionais legalmente previstos. Exceptúanse as resolucións sobre solicitudes de prórroga do permiso de residencia, renovación e modificación do permiso de traballo, e devolución, denegación de entrada, e retorno, as cales non esgotan a vía administrativa. Nun e noutro caso, os actos e resolucións administrativas adoptados serán impugnables conforme o disposto nas leis, sendo o seu réxime de executividade o previsto con carácter xeral na lexislación vixente, salvo o disposto na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, para a tramitación de expedientes de expulsión con carácter preferente.

Disposición adicional sétima. *Tratamento preferente.*

Terán tratamento preferente as peticións de visado de residencia para reagrupamento familiar ou de visado para a obtención de permiso de traballo de temporada, e as peticións de permiso de residencia por reagrupamento familiar, de permiso de traballo de temporada e de modificación de permiso de traballo.

Disposición adicional oitava. *Cotización pola continxencia de desemprego.*

Nas contratacións cos estranxeiros titulares dos permisos de traballo contemplados nos artigos 76 e 78, ou da autorización para traballar prevista no número 1.a) do artigo 79 deste regulamento, non se cotizará pola continxencia de desemprego.

Disposición adicional novena. *Integración social.*

As administracións públicas competentes en cada momento poderán desenvolver as súas competencias en todas aquelas materias relacionadas coa integración social dos estranxeiros en España.

Disposición adicional décima. *Subcomisión de residencia e traballo de estranxeiros na Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado.*

De acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, constituirase unha subcomisión, no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado, que coñecerá das cuestións de residencia e traballo de estranxeiros que afecten directamente as Canarias.

**14166** REAL DECRETO 865/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida. («BOE» 174, do 21-7-2001.)

O artigo 13.4 da Constitución sinala que a lei establecerá os termos nos que os cidadáns doutros países e os apátridas poderán gozar do dereito de asilo.

O mandato constitucional cumpriuse coa promulgación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, Lei 5/1984, do 26 de marzo, actualmente

modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aínda cando España, con anterioridade á promulgación da Constitución, xa se adherira mediante Instrumento do 22 de xullo de 1978 («Boletín Oficial del Estado» do 21 de outubro de 1978), á Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 e ó Protocolo de Nova York do 31 de xaneiro de 1967, sobre o Estatuto dos refuxiados.

Na dita lei regúlase o dereito de asilo que se concede a quen se lle recoñece a condición de refuxiado, a cal pode facerse valer non só por nacionais doutros países, senón tamén por apátridas, como se recolle no artigo 1 da Convención de Xenebra, en concordancia co establecido no 13.4 da Constitución.

Sen embargo, estes últimos, os apátridas, non sempre reúnen os requisitos para seren recoñecidos como refuxiados e, polo tanto, non poden gozar do dereito de asilo. Se ben, isto non supón a privación do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais, xa que se trata de persoas ás que a comunidade internacional prestou a súa atención por entender que é desexable regularizar e mellora-la súa condición.

Esa foi a consideración que levou á adopción da Convención sobre o Estatuto dos apátridas, feita en Nova York o 28 de setembro de 1954, á que España se adheriu por Instrumento do 24 de abril de 1997 («Boletín Oficial del Estado» do 4 de xullo de 1997).

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, dispón, no seu artigo 34, o recoñecemento da condición de apátrida polo ministro do Interior ó estranxeiro que carecendo de nacionalidade reúna os requisitos previstos na Convención sobre o Estatuto de apátridas de 1954 e a expedición da documentación prevista no artigo 27 da citada Convención. A execución desa previsión normativa, así como a adhesión de España á citada Convención, esixe o establecemento dun procedemento para a determinación do citado Estatuto que prevexa as peculiaridades derivadas da singularidade da apatridia e as dificultades indagatorias e documentais na instrución do expediente, sen prexuízo do disposto no citado tratado internacional, tal e como sinala o artigo 1.2 da Lei 4/2000.

Na súa virtude, logo do informe favorable da Comisión Interministerial de Estranxeiría, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e dos ministros de Asuntos Exteriores, de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación.*

Apróbase o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida, co texto que se insire a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.*

Modifícase o Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo